

Editorial

AS PUNTAS DO ICEBERG

Saudiña, con este novo número na rúa, quere seguir sendo un escaparate da actividade educativa ó redor dos temas transversais. Os artigos e informacións que aparecen neste número non son máis ca unha das infinitas mostras que se poderían tomar do sobrecargado mapa da experiencia en temas transversais nas aulas da Comunidade galega.

Aínda son moitas as actividades e experiencias innovadoras que agardan por se amosar nas páxinas desta publicación e que esperamos saían nun futuro non moi afastado. Como se recordará, Saudiña vai camiño xa de cumprir unha década de existencia acompañando á comunidade educativa na innovación e dinamización dos centros escolares. Amplificar e espalla-los procesos e resultados da experiencia acumulada, foi e seguirá sendo o obxectivo principal deste voceiro.

Pautas de actitude e de comportamento, así como coñecementos sobre prevención de accidentalidade vial, a protección e a promoción da saúde física, psíquica, sexual..., o coidado e sustentabilidade do contorno, o consumo informado e responsable, a convivencia pacífica non sexista e a cooperación, ou a utilización do tempo de lecer, seguen a ser elementos curriculares imprescindibles dunha educación integral, orientada a ser útil para a vida e mailo progreso persoal e colectivo. Faise imprescindible, hoxe máis ca nunca, afondar na abordaxe e impartición con éxito deste tipo de ensinanzas, obrigatorias para o sistema educativo. Así o recolle textualmente o título preliminar da LOCE cando di que se entenderá como principio de calidade do sistema educativo:

"A capacidade de transmitir valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade social, a cohesión e a mellora das sociedades, e a igualdade de dereitos entre os sexos, que axuden a superar calquera tipo de discriminación, así como a práctica da solidariedade, mediante o impulso á participación cívica do alumnado en actividades de voluntariado".

Este número inclúe unha separata especial dedicada ás "III Xornadas sobre transversalidade" nas ensinanzas non universitarias, outra visión de punta de iceberg: a actividade educativa en temas transversais que se desenvolve nos centros galegos, expresada en obradoiros participativos, comunicacións, exposición, ciber e minireunións e comentarios mil entre tódolos participantes.


As xornadas responderon positivamente á mensaxe de convocatoria transmitida polas comisións organizadora e científica e, tal e como se constata na avaliación, transcorreron dun xeito positivo para as persoas participantes.

Tras estas consideracións, non queda máis que convidar a quen teña este número nas mans, a mergullarse na lectura das suxestivas páxinas saídas da experiencia e contadas neste Saudiña. A vós lectores e lectoras, desexámosvos que o disfrutedes, e que vos suxira reflexións que vos conduzan á mellora da vosa práctica na aula.

Por último, salienta-lo agradecemento de Saudiña á impagable colaboración dos grupos e persoas que veñen enviando artigos e informacións a esta redacción, que segue pedindo colaboración a toda a comunidade educativa galega, para seguir alimentando, editando e distribuindo os seus exemplares entre quen os fixo posible.

Sumario

¿Que pensas ti, hoxe, da democracia na escola?	2
Os temas transversais a través do xogo na educación física	4
Educar nenas e nenos libres	5
Educación vial	6
As tecnoloxías da información e da comunicación na escola	7
As saídas didácticas, algo máis que o coñecemento do medio: a vivencia de valores	8
A rede de educación do consumidor. Unha rede temática Comenius 3	11
Un camiño cara á interculturalidade	12
Os Maios	13
"Stop barreiras", un achegamento ó mundo das discapacidades motrices	14
"Cambiémo-lo mundo desde a escola"	16
"A bolboreta Doreta"	20
A Coruña: para vivírmola	21
As fontes do Sar	25
O Andel	26
Programa de prevención do consumo de drogas no ámbito educativo	28
Clases sen fume "Smokefree Class Competition"	30
Unha semana contra o tabaco en Finlandia	32
O teatro como recurso na educación do alumnado con necesidades educativas especiais	34
A mellora da calidade educativa a través dunha introducción efectiva dos temas transversais no currículo	35
Escola de familia. A difícil arte de educar	37
As enerxías renovables no ensino non universitario	39
Sotavento: unha ferramenta de educación ambiental na man do educador	40
Segundo Congreso Nacional de Ambiente para Nenos	42
A arte: un camiño para a prevención	44
Etiquetaxe alimentaria	46
Unha experiencia de educación ambiental: orientación e interpretación no medio natural	47
Unha base de datos para a transversalidade	48



SAUDIÑA
Nº 10 – Febreiro de 2004

Edita

Xunta de Galicia
Consellería de Sanidade
Dirección Xeral de Saúde Pública
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Dirección Xeral de Ordenación Educativa e
Formación Profesional
Consellería de Industria e Comercio
Instituto Galego de Consumo

Tiraxe

25.000 exemplares

Consello de redacción

Ángeles Abelleira Bardanca
Esther Álvarez Fernández
Manuel Amigo Quintana
Milagros Blanco Pardo
José Manuel Cotelo Amado
Emilio Antonio García Fernández
Marina Germiñas Miguéns
Ángel Gómez Amorín
Julia González-Zaera Barreal
José Graña Carrodegas
Xurxo Hervada Vidal
Mª Jesús Muñoz Chesa
Aurora Pazos Feijoo
Florentina Peliquín Pérez
Marisé Pérez Mariño
Mª Pilar del Mar Pérez Marsó
Antonio Rivas Menéndez
Jorge Suanzes Hernández
Víctor Tello Calvo

Colaboran neste número

B. Alonso da Iglesia, Esther Álvarez Fernández,
Azucena Arias Correa, Dolores Arias Correa,
Luz Mª Beloso Rodríguez, Fernando Blanco Silva,
Sofía Calo Vidal, Antonio Castro Castro, Amancio Castro
González, José Antonio Díaz Escolante, Manuel Díaz
Fernández, José Antonio Domínguez López,
Equipo de Normalización Lingüística coa colaboración
de toda a comunidade educativa do CEIP A Escardia.
Vilagarcía (Pontevedra), Marieta Fandiño da Torre,
Pilar Fernández Illán, Luis Fernández López,
M.J. García Blanco, Mª José García García, Tomás García
García, Agustín García González, José María García
Janeiro, Daniel García Vázquez, Susana Godoy Varela,
Graciela Hernández Morales, Mª Saúde Iglesias
Fernández, Laura López Atrio, M. Luisa Márquez
Rodríguez, Ángels Martínez Bonafé, Jesús Morán
Iglesias, Luis Otano Garde, Víctor X. Pérez Baltar,
Sara Pérez Pérez, Sofía de la Piñera Cuesta,
Alicia Ratón Castedo, Mª Teresa Santamaría Hervella,
Xosé Anxo Seoane Cao, Eloísa Teijeira Bautista,
Iñaki Tudela de la Fuente, Mª Victoria Vázquez Romero

Xestión da edición e distribución

Manuel Amigo, Julia González-Zaera,
Ángeles Abelleira Bardanca, Inés Sarceda

Deseño gráfico e coordinación de impresión

Permy Asocados

ISSN: 1138-9117

Depósito legal: C-1937/93

A editorial non se fai responsable, en ningún caso,
das opinións expresadas polos autores e autoras que
asinan os artigos publicados.

En www.edu.xunta.es pode vostede atopar tódolos números
de Saudiña editados en formato .pdf

¿Que pensas ti, hoxe, da democracia na escola?

Ángels Martínez Bonafé
Seminario Democracia e Ensino do MRP
Escola de Verán do País Valenciano

Isto non é un artigo que eu escribo e ti les. Isto é unha proposta para facer xuntos este artigo, no que ti penses, redactes, fales. Nós ofrecémosche un conxunto de cinco exercicios para empezar a pensar-falar do que ocorre, o que facemos e o que habería que facer coa nosa vida nas aulas. Podes limitarte a contesta-las preguntas, saca-las túas propias conclusións e contrastalas logo con algunha outra persoa. Tamén se pode facer en equipo arredor dunha mesa con café e pastas. Cando xa non queda nin café nin pastas, lense as coincidencias, as diferencias e os interrogantes que fomos pondo sobre a mesa. Ó final esas notas permiten redactar un artigo sobre o que ti, vós, pensades, facedes ó respecto da democracia hoxe na escola.

A idea parte dun proxecto de renovación pedagóxica chamado “*Vivi-la democracia na escola. Ferramentas para intervenir na aula e no centro*”; os materiais do proxecto editados en catalán e en castelán presentámoschos no Andel (páxina 27 deste Saudiña).

I. A democracia ¿é hoxe un problema urxente?

“Le apuntaron con una pistola y amenazaron con quemarla por **roja**.”

Una hemorragia interna y una costilla fracturada es el resultado de la paliza que ocho *cabezas rapadas* le propinaron a una alumna del I.B. El Cid, el 19 de febrero, antes de entrar en clase. Ayer, sus compañeros se manifestaron como protesta.”

LEVANTE, 2 de marzo de 1996

“Los españoles piden más disciplina en las aulas y castigos para los alumnos.”

LAS PROVINCIAS, 25-7-2002

- ¿Que che suxiren estas noticias? ¿Que teñen en común? ¿Dinche algo sobre a democracia?

II. A democracia ¿é hoxe unha cuestión escolar relevante?

- As ciencias, o saber, o ensino, é dicir, o que traballamos nas aulas ¿teñen algo que ver cos feitos sociais que evidencian os anteriores recortes de prensa?

- ¿Feitos coma estes provocaron entre o profesorado, o alumnado ou o consello escolar algunha reflexión respecto á cultura que imparte o centro?

- Ata que punto estás sinceramente de acordo ou non, co seguinte enfoque:

“*Facer un ensino arraigado ó medio é, máis alá de coñece-lo río ou o*

mapa da comarca, usa-la información das ciencias para desenvolve-la capacidade de actuar con autonomía, solidariedade e crítica ante os conflitos que se producen na sociedade na que vivimos”.

- Á hora de organiza-las clases, escolle-los libros, ou decidi-lo funcionamento do centro, ¿ata que punto se ten en conta no teu centro, este compromiso da cultura co progreso do seu medio social?
- Valora (do 1 ó 10) os factores que máis axudarían / non axudarían a considera-la democracia desde o terreo escolar do saber e da cultura.
 - a) As ideas do profesorado (ocultas ou explícitas) respecto a qué é contido curricular relevante.
 - b) Os programas e plans de estudio oficiais.
 - c) Os libros de texto e materiais didácticos das editoriais.
 - d) A formación inicial e permanente do profesorado.
 - e) A facilidade para reunirse o profesorado.
 - f) A facilidade para reunirse o alumnado.
 - g) As nosas ideas sobre a función social do ensino.
 - h) As nosas ideas sobre a función social do saber e das ciencias.
 - i) O horario do centro.
 - j) A práctica habitual de tomar decisións.
 - k) A práctica habitual de facer cambios nos plans de traballo para adaptalos ás circunstancias.
 - l) A práctica habitual de debate organizado e a toma de decisións.
 - m) O funcionamento do Consello Escolar.
 - n) A relación entre o equipo directivo e o claustro/o alumnado/ o centro.
 - o) A actitude da Inspección educativa respecto ó funcionamento do centro.
 - p) A actitude do profesorado respecto á Inspección educativa.
 - q) Outras cousas.
- III. **A escola pública será democrática ou non será nada**
 - Escribe tres razóns a favor ou en contra da afirmación que dá título a este epígrafe. A argumentación mellorará se podes discutila con outra persoa. Pero ademais para axudarvos a construí-los vosos argumentos suxírovo-la análise crítica das seguintes ideas ou conceptos,

cos que vos será fácil identificarvos ou separarvos:

- a) Pública = subvencionada con fondos públicos.
- b) Pública = uniformizadora. Todos se teñen que adaptar ás mesmas normas, ritmos e programas.
- c) Pública = dependente economicamente do Estado.
- d) Pública = organizada por e desde a Administración con patróns iguais para tódalas sucursais ou centros.
- e) Pública = considera os dereitos á diferencia como a base da loita contra a desigualdade. Traballa para que tódalas identidades, minoritarias ou maioritarias poidan desenvolverse unidas sen desigualdades.
- f) Pública = controlada polos usuarios.
- g) Pública = non subordinada ás desigualdades económicas e ás leis do mercado.
- h) Pública = a dos pobres, os que non se poden paga-la privada.
- i) Pública = solidaria, enténdese e comprométese coa realidade que a envolve.
- j) Pública = máis aberta á autoavaliación, á crítica e á renovación.
- k) Pública = de funcionarios.

IV. O público, o democrático depende da capacidade das persoas e dos grupos sociais para intervir nas decisións respecto ó colectivo.

O público, os espazos para a democracia son históricos. O seu significado, cambia no tempo segundo o desexo e a capacidade de loita da cidadanía para protagonizar os feitos colectivos.

■ Presentámosvos dez ideas en torno ó significado do público para que tomes, deixes, transformes, polo menos **as tres que máis che impresionaron**. Trataríase despois de redactalas ti, de forma que puideran servir para describi-lo que pasa na túa escola ou instituto. (Moitas destas ideas están extraídas da nosa lectura de Hanna ARENDT: *De la Historia a la acción*. Paidós, 1995)

1. O público = onde se fala de cousas que afectan a todos.
2. O que se fai /fala nos espazos públicos depende das persoas ou grupos sociais que ocupan tales espazos.
3. O dominio dos espazos públicos estivo en mans de grupos sociais e persoas diferentes segundo o tipo de sociedade e momento histórico. O concepto de público depende do concepto de cidadanía.
4. Os que desexaron cambios sociais tenderon a chegar ós espazos públicos para presentar alí as súas

propostas. Iso fixo cambia-las sociedades e avanza-la Historia.

5. Os espazos públicos aumentan conforme os grupos sociais que teñen posibilidades de decidir sobre o colectivo se alargan. E viceversa.
6. Se a escola é un espazo público = ¿ensina a tomar decisións colectivas sobre o colectivo buscando os maiores niveis de liberdade para cada un? é un espazo no que poden ser tratados os problemas do desenvolvemento persoal e social dos individuos/cidadáns que alí están?
7. Existe relación entre o que pasa dentro da escola ou o instituto e o feito de ser unha escola pública.
8. Existe relación entre o nivel de participación na vida do centro e a percepción das persoas (alumnado, pais, nais, profesorado, persoal non docente) como seu do que é colectivo.
9. ¿Coñeces momentos históricos nos que a loita pola escola pública e popular constituíu un obxectivo dos movementos sociais democráticos? ¿Coñeces momentos históricos nos que a escola foi un espazo desde o cal se favoreceu a formación de conciencia cidadá democrática?
10. ¿Poderíamos considera-las aulas e os centros espazos nos que a cidadanía loita por ampliar espazos de control e dirección da sociedade e dos individuos sobre as súas vidas?

V. A maneira en que se ensina, se aprende e se convive nas escolas, institutos e universidades garda relación cos desexos e as concepcións do futuro que témo-los que traballamos nelas.

Os desexos e as concepcións culturais dos que traballamos nas escolas, institutos e universidades vaise conformando pouco a pouco a través do funcionamento que vivimos a cotío nestas institucións.

- ¿Dis que si?, ¿Que non? ¿Podes por un exemplo que verifique ou contradiga esta hipótese?
- Busca relacións posibles entre a capacidade do teu/voso/noso centro para construír cidadanía crítica e solidaria co que se vive:

NA AULA

- A selección e organización do contido cultural nos programas que se ensinan en cada aula.
- As relacións sociais e a maneira de traballa-lo profesorado e o alumnado na aula.

- O tratamento dos conflitos.
- A definición e reformulación das normas colectivas.
- A toma de decisións e a negociación.
- A avaliación da aprendizaxe.

NO CENTRO

- As experiencias de organización colectiva e toma de decisións no centro
- A avaliación do centro.
- A vida institucional do centro e a participación
- A dirección
- A coordinación do profesorado
- O debate, a circulación de ideas e a formación permanente.

Para ACABAR: se vos pareceu interesante esta maneira de pensar, escribir e debater en grupo, temos á vosa disposición un conxunto de materiais para poder segui-las análises da nosa práctica democrática en ámbitos moi concretos da experiencia como as actividades de aula, as titorías, os conflitos, a disciplina, a formación de equipos directivos, a avaliación, a coordinación do profesorado, o consello escolar, etc. Teñen un índice moi parecido á listaxe de guións agrupados no epígrafe de AULA ou de CENTRO, que seguíchedes no exercicio último. Foron elaborados por un conxunto de profesores de primaria, secundaria e universidade do seminario Democracia e ensino do M.R.P. Escola de Verán do País Valenciano. Son historietas, debuxos, cuestionarios, etc. que intentan relacionalo que ocorre neses momentos concretos da práctica cos conceptos de *ciudadanía, poder, saber, identidade*, como claves para a análise da práctica e a toma de decisións no terreo concreto no que o pensamento se converte en acción: a aula, o claustro, o equipo directivo. Se xa estades facendo cousas nesta liña sería boa cousa que contactemos e intercambiamos experiencias. O último punto da nosa carpeta chámase “¡Fagamos rede. Outros tamén o están intentando!”. Aí incluímos un conxunto de enderezos e teléfonos de centros e persoas que desenvolven experiencias de democratización en diferentes ámbitos do seu centro. Iremos ampliando esa rede con máis referencias que podedes ver na nosa páxina web. Falemos a través de:

- Os materiais: AA VV.: *Vivir la democracia en la escuela. Herramientas para intervenir en el aula y en el centro*. Edita: Publicacións M.C.E.P. Sevilla. 2002.
- O correo: *Seminario Democracia y Educación. MRP Escola de Verán do País Valenciano*. Rúa Gascó Oliag s/n Aulario V. 3^{er} piso. Tfn: 96 398 3857. Correo electrónico: fmrppv@mrppv.
- A páxina web: www.fmrppv.org

Os temas transversais a través do xogo na educación física

Susana Godoy Varela
Mestra de educación física. CEIP. Lalín

Cando me preguntei qué tipo de traballo quería levar a cabo nos catro meses de licencia por estudos, cavillei sobre as cuestións que máis fallan no currículo escolar e, por suposto, en tratar de ofrecer unha solución práctica.

Nas variadas revistas especializadas en educación, e incluso nas noticias de prensa, podemos ver como temas destacados, os que fan referencia **ós valores, normas, respecto, tolerancia...** e non precisamente porque a nosa sociedade actual destaque positivamente.

Todos e todas estamos de acordo en que A ESCOLA e A FAMILIA son os medios onde os futuros "homes e mulleres" deben adquirir estes conceptos e asimílosos no seu desenvolvemento persoal. Pola parte que nos toca como mestres e mestras débenos preocupar satisfacer esta demanda que se supón vai repercutir no benestar social.

E, aínda máis, como especialistas en educación física, podemos presumir de ter nas nosas mans a mellor oportunidade para traballar estes aspectos, partindo da actividade natural dos nenos e nenas, O XOGO.

Os obxectivos do traballo abarcan dende a *elaboración dun material didáctico* que permita desenvolver actividades relacionadas con diferentes temas transversais, *identifica-la educación física como unha área que se interesa por un desenvolvemento intelixente a través de estratexias propias dos xogos, implica-lo alumnado na construción da súa aprendizaxe, procurar estratexias sinxelas de ocupación do ocio e tempo libre e, sobre todo, incorpora-los TEMAS TRANSVERSAIS dun xeito real no currículo escolar formando parte das vivencias do alumnado fóra da escola.*

Partimos dunha metodoloxía que permita a maior interacción posible, medio-alumno-mestre-obxectos, sen formalismos, cooperativa e que favoreza a autonomía persoal e a autoaxuda.

As unidades didácticas elaboradas teñen en común a palabra XOGO como eixe principal, e están relacionadas con datas de obrigada celebración nas escolas:

- 30 de xaneiro, día da Paz: "XOGAMOS XUNTOS E DE MOITAS MANEIRAS"
- 14 de marzo, Día mundial dos dereitos do consumidor: "XOGAMOS SEN GASTAR"
- Maio, semana das Letras Galegas: "XOGAMOS ÓS NOSOS XOGOS"
- 5 de xuño: "XOGAMOS CO NOSO MEDIO"




Aquí, "están adorando a Alá"

Na primeira unidade "Xogamos xuntos e de moitas maneiras" procurámo-la maior interacción posible do alumnado a través de xogos cooperativos nos que o grupo é o que supera os retos: *xogos con paracaídas, "palomitas de milloz", "no me pillan si me abrazo", "alfombra voadora", cancións: "con el ritmo de los pies", "a festa", "tacón-punta", "Bugui-bugui"; "escondite coas cazadoras", "limón-limón", "somos globos", "Romeo e Julieta" "a pelota solidaria",...*

Como bibliografía de axuda sobre xogos cooperativos e doutros países pódense consultar os libros de Terry Orlick.

Na unidade "Xogamos sen gastar" atopamos unha gran posibilidade de traballar nas diferentes áreas e proxectos nas que o centro estea implicado: reciclaxe de papel, plásticos, pilas, protección do ambiente,... xa que O XOGO comeza coa recompilación de material.

Nos centros nos que hai comedor escolar podemos facer que os rapaces e rapazas reutilicen as botellas de plástico, botes de iogur, xornais, cartóns de leite, ... para posteriores actividades. Dos múltiples xogos e tarefas que se poden facer quero destacar e mostra-la elaboración dun pequeno XOGUETE, ó que nós lle chamamos "JAI-JAI" e que se adapta perfectamente a toda a primaria.



O xogo consiste en encesta-lo tapón dentro da botella.

Esta actividade que parece tan sinxela pode ser utilizada por diferentes áreas: en coñecemento do medio para falar dos produtos típicos da comarca e das estacións; en plás-



"Estamos esquiando polas montañas de Lalín"

tica na elaboración do xoguete; en matemáticas podemos traballa-la precisión, contámo-la veces que encestamos, medímo-lo fio para que sexa doado encestar,... e non podemos esquecer-la IMAXINACIÓN dos nenos e nenas.

As actividades cos xornais nunca me deixan de sorprender porque cada vez que os utilizamos nos damos conta de como inflúen no alumnado os medios de comunicación e o medio en xeral. Estas dúas fotos demostran o que ocorreu ó pedir-lles que puxeran a folia do xornal no chan

E despois de toda a actividade, e cun sinxelo xogo de "recollida de amorodos", conseguimos meter no lixo tódolos anacos, o único que queda da folia, no menor tempo posible.

A unidade "Xogamos ós nosos xogos" desenvólémola na semana das Letras Galegas aproveitando toda a nosa riqueza cultural para darlla a coñecer ó alumnado, sendo moi interesante que se acheguen ó centro pais, nais, avós e todos aqueles "maiores" que, XOGANDO, nos ensinen, tamén ó profesorado, xogos tan populares como: a *petanca, os bolos, a billarda, o truco, as sortes, os zancos, a pita cega, as tabas, as canicas, o cachibote, a zoadeira, a porca, a bombilla, o pescador, o marro, o pano, a peonza*, e moitos outros que son manifestacións da nosa cultura popular, e que é a nosa responsabilidade recuperar, para que non se perdan e se poida continua-la tradición.

Poderíamos dedicar unha xornada a traballar conxuntamente e achega-la escola ás familias, conseguindo un dos obxectivos principais como é a RELACIÓN FAMILIA-ESCOLA.

Na unidade "Xogamos co noso medio" o alumnado desenvolve unhas estratexias grupais e de cooperación a través de actividades que teñen como obxectivo a reflexión acerca do medio e o respecto que debemos ter por el, a amizade, os hábitos alimentarios, a saúde, a integración,... Os xogos propostos abarcan dende *buscas de tesouros, reconstrución de puzzles, aventuras no ximnasio*, partindo sempre do medio próximo, no caso do 1º ciclo, ata saídas do centro e elaboración de planos sinxelos para o 3º ciclo.

Nesta unidade tamén se pode traballar e enriquecer máis o XOGO se implicamos ó resto das materias e profesorado, mediante unha intervención multidisciplinar.

Non nos esquezamos que NUNCA SE DEIXA DE XOGAR, que non importa a idade, e que os mestres e mestras temos a escusa de estar en contacto cos nenos e nenas e de poder XOGAR SEMPRES.



"Somos avións que levamos alimentos ós países pobres"

Apuntamentos sobre a prevención da violencia contra as mulleres

Educar nenas e nenos libres

Graciela Hernández Morales

Durante a miña vida tiveron a oportunidade de coñecer moitas situacións de violencia contra algunha ou contra moitas mulleres e puiden coñecer moitas estratexias que se puxeron en marcha, tanto nas escolas como noutros ámbitos, para previr e/ou atallar esta violencia.

Gran parte destas estratexias permitiron nomea-las raíces desta violencia e facilitar unhas relacións de e entre os sexos máis humanas e libres. Agora ben, tamén vin como algunhas destas estratexias se volven ineficaces porque parten de explicacións abstractas e afastadas da realidade.

Por isto, traio aquí algunhas reflexións que quizais axuden a mirar con máis concreción aquilo que lles pasa e necesitan as nosas alumnas e os nosos alumnos.

¿Que é dar visibilidade ás mulleres?

Negar, ocultar, terxiversar e infravaloralo que fixeron e achegaron as mulleres ó mundo e á historia supuxeron unha das formas de violencia máis graves sufridas por elas /nós. Considerar que a experiencia masculina era representativa do conxunto da humanidade negando e excluindo a feminina, foi unha maneira de intentar arrasar e eliminar do planeta todo un patrimonio composto por prácticas de paz e por creación e recreación da vida humana, do mesmo modo que hai ben pouco se destruíu gran parte do patrimonio cultural de Bagdad.

Por todo isto, actualmente chegou a certo acordo sobre a necesidade de facer visible nas nosas aulas a historia das mulleres. Agora ben, con frecuencia, o que se lle presenta ó alumnado é só unha parte desa historia, esa que ten que ver coa loita contra as inxustizas e as discriminacións sufridas.

Pero as mulleres non foron só vítimas, foron tamén actrices. Abonda con preguntarnos sobre cómo sería o noso mundo sen todo o que as mulleres achegaron á humanidade e á civilización para comprende-lo alcance do que veño dicindo.

Se a historia das mulleres se reduce só ás carencias, miserias e inxustizas sufridas, non é estraño que moitas rapazas rexeiten parecerse ás súas nais e avoas porque chegan a representalas só como vítimas. E, nese non ser como elas, non renegan só da falta de liberdade ou do acatamento a un rol establecido, senón tamén de todo aquilo que elas saben e achegan á vida, que é moito e moi valioso.

Do mesmo modo, non é estraño tampouco que os rapaces se resistan a valorar e achegarse ó mundo das mulleres, e esa dificultade para recoñecer ó outro sexo diferente a si mesmo leva a que moitos rapaces se queden ancorados nese modelo de masculinidade tradicional que entende que ser "home de verdade" é non ser como as mulleres. É, ademais, un modelo que considera o poder e a forza bruta sobre outros e, sobre todo, sobre outras como un modo de obter valor.

Este modelo, ademais de ser daniño, lévos a sufrir ó ter que estar sempre á altura, escondendo a súa afectividade e mostrando unha imaxe que non se corresponde co que realmente son e desexan. Pensemos por un momento no malestar de tantos nenos sensíbeis, tenros e que lles gusta o mundo creado polas mulleres, cando son violentados e marxinados por outros nenos ou mesmo por algúns homes.

¿Iguais a quen?

Cando eu tiña dez anos deixamos de usar uniforme e as nenas decidimos ir sempre con pantalóns á escola. Non se trataba dunha opción estética nin de comodidade, era simplemente un modo de evitar que os nenos nos levantaran as saias.

Xa daquela se nos dicía que os sexos eran iguais e que as nenas e os nenos podíamos face-las mesmas cousas. Sen embargo, había algo da nosa experiencia cotiá que nos dicía xusto o contrario: gran parte da violencia que os nenos exercían contra as nenas non se vía, ou era considerada "cousas de nenos".

Con 25 anos fun mestra e, da mesma forma que cando eu era pequena, os nenos levantaban as saias ás nenas no recreo. Sen embargo, a diferenza de entón, elas xa non escondían a situación nin a suavizaban; algunhas delas, realmente enfadadas, levaron os "infractores" ó aseo de nenas e quítábanlle-los pantalóns como represalia.

Eran outros tempos e as mulleres xa non aceptabamos facilmente o papel de vítimas. Ademais, a elas, o mesmo cá min, tamén se lles estaba educando na lóxica da igualdade entre os sexos, e de igual maneira que cando eu era nena, percibían unha contradicción entre esta premisa e a súa propia experiencia. Esta contradicción dábase e dáse aínda porque a miúdo se confunde "igualdade de oportunidades entre homes e mulleres" con "homes e mulleres son iguais".

O primeiro ten que ver coa necesidade de xustiza e de recoñecer que uns e outras están capacitados para face-las mesmas cousas e ocupa-los mesmos espazos. En cambio, "homes e mulleres somos iguais" é unha idea difusa que adoita esconder algúns significados que non se corresponden co real.

Ás veces, cando se di "homes e mulleres somos iguais" o que se está dicindo en realidade é que "as mulleres temos que ser iguais ós homes", ou sexa, temos que asumir-los seus valores, intereses e actividades se queremos ser valoradas e recoñecidas socialmente. E deste modo, cancelábase toda a riqueza achegada polas mulleres, as nenas poñen a medida das súas accións fóra de si mesmas e dos seus desexos, e vense sen palabras para nomear gran parte do que viven. Quizais por isto, estas alumnas que unha vez acudiron á miña aula non encontraron outros modos e referentes para deixar de seren vítimas e optaron por exercer en elas tamén a forza bruta.

¿Que amor para que proxecto de vida?

Os movementos de mulleres, durante o século XX, polo amor á liberdade, achegáronnos unha serie de prácticas e de reflexións que nos permitiron empezar a comprender como moitas formas de entende-lo amor na nosa cultura non son máis que mitos que dan lugar a experiencias asfixiantes e, en ocasións, violentas.

Fixéronnos ver que o príncipe azul non existe porque non hai ninguén capaz de guiar e encher totalmente a vida dunha persoa. Fixéronnos entender que non somos seres incompletos (ou medias laranxas) que necesitemos doutro ser para que nos complete. Tamén sacaron á luz como ese modo de vivi-lo amor como se fose unha obsesión trae asfixia, malestar e control.

E deste modo facilitaron o camiño para que as rapazas poidan deixar de soñar cun imposible, ou abandona-los seus proxectos por un amor, ou deixar gran parte das súas vidas en mans doutros.

Por outro lado, elas fixéronnos ver que moito do que aprenden os rapaces sobre os afectos só produce pobreza e, ás veces, violencia. Sentirse importantes por "tirarse a moitas rapazas" sen vincularse a elas afectivamente só produce baleiro e falta de comunicación. Querer ser como James Bond produce malestar, e fai que algúns rapaces sintan que é mellor cala-los seus sentimentos amorosos por medo a seren ridiculizados.

Todo isto fixo posible que hoxe en día, nas nosas aulas, nos poidamos encontrar con rapazas e rapaces que aprenderon a crear vínculos amorosos que non os atan, senón todo o contrario, que os fan máis libres aínda. Rapaces e rapazas que non queren renunciar ós seus propios desexos por un conto de fadas, pero que tampouco queren deixar de querer, dar e deixarse dar, compartir, etc.

De todos modos, non hai que obvia-lo feito de que estes mitos e modelos seguen pesando con forza no sentir de moitas e moitos confundindo os seus desexos e necesidades. Por iso, é necesario axudalos a non perde-lo fío da súa propia liberdade e seguir con ese camiño aberto polas mulleres dos séculos xa pasados: desterrar esta tradición sen arrasar todas estas prácticas amorosas baseadas no coidado, na escoita, no intercambio e na empatía que sempre estiveron aí e que estiveron máis cerca do mundo feminino ca do masculino.

¿Que pasa co poder?

Oín moitas veces dicir que a violencia contra as mulleres será erradicada cando as persoas de ámbolos sexos teñan o mesmo poder. Sen embargo, a miña experiencia dime que isto non é suficiente.

Pero, ¿que é o poder? é algo que as persoas teñen ou non teñen. Por exemplo, poden ter ou non ter diñeiro, títulos, coñecementos, cargos directivos, etc. Iso permítelles realizar determinadas accións, tomar

decisións e gozar de certos privilexios. E claro, se a repartición de poder é moi desigual encontrámonos coa inxustiza, e se o uso do poder é moi arbitrario encontrámonos co autoritarismo.

Para evitar que isto ocorra fálase e procura-se pór en marcha a igualdade de dereitos e oportunidades. Sen embargo, a igualdade de dereitos e de oportunidades non implica, por si mesma, recoñecemento ó outro ou á outra nin un marco que fomenta necesariamente o intercambio e a relación.

Unha repartición igualitaria do poder non garante o fin da violencia, porque non elimina algunhas formas de interpretación das relacións e as diferencias. Así, por exemplo, unha directora dun centro educativo pode ser acosada por un alumno, unha muller moi rica pode ser violada, unha muller con moitos coñecementos pode ser infravalorada. E iso é así porque o outro a ve como unha ameaza e pensa que pisoteándoa poderá ter máis poder.

Así mesmo, os dereitos e as oportunidades dan un marco necesario, pero non dan por si mesmos a forza e a enerxía que unha persoa necesita para expresarse e ser libre. Máis ben parece que sexa á inversa, que é a liberdade a que permite desfrutar dos dereitos e dos recursos. Quizais sexa necesario non quedarse atrapado ou atrapada só na lóxica do poder e mirar cara a outras lóxicas.

A autoridade é outra cousa diferente ó poder, non é algo que alguén ten senón algo que outros ou outras lle recoñecen. A autoridade non esmaga, tena quen, coa súa palabra, os seus saberes e a súa escolta, favorece o desenvolvemento dos desexos, pensamentos e palabras das demais persoas. Como di Concepción Jaramillo: *"a autoridade para ensinar non me vén dada por ser relatora, nin sequera por saber moito sobre tal ou cal tema, senón polo feito de que as miñas alumnas e alumnos recoñezan que eu teño algo que achegarlles, algo que estou disposta a intercambiar. E, ademais, pola miña capacidade de recoñece-lo que eles e elas teñen e non teñen, por dálle-la palabra e estar interesada en recibir"*¹.

Nas relacións de autoridade pónense en xogo as diferencias e a disparidade (cada persoa ten algo diferente e orixinal que ensinar, e ninguén sabe facer todo nin é totalmente autosuficiente), pero non implican desigualdade. Son relacións que dan a enerxía para facer uso dos dereitos e os medios con liberdade, para poñelos ó servizo dos propios desexos, e non caer na ilusión de que os dereitos dan liberdade por si mesmos.

Recoñecer autoridade ás mulleres, é recoñecer, por exemplo, que da súa experiencia histórica hai moito que aprender. Se fixémo-la mirada só no poder, deixamos de ver-las persoas polo que son, e deixamos de recoñecer especialmente ás mulleres. E a raíz da violencia queda intacta.

¹ Concepción Jaramillo Guijarro (noviembre de 2000): "Un nuevo modelo de formación del profesorado: tomar y dar la palabra" en *Cuadernos de Pedagogía* nº 296, Editorial CISSPRAXIS, Barcelona.

Alumnos dun programa de diversificación de Viana do Bolo gañan un accésit nun certame científico cun traballo de seguridade vial

Educación vial

Luis Fernández López
Instituto de Ensino Secundario de Viana do Bolo

Un grupo de seis alumnos, dun programa de diversificación curricular de 4º da ESO, do Instituto de Ensino Secundario de Viana do Bolo, acadaron un accésit no Premio Luis Freire de Investigación Científica para Escolares, que convoca anualmente a Casa das Ciencias da Coruña.



David Álvarez, Rubén Escuredo, Óscar Rodríguez, Javier Rodríguez e Antonio Terrado de Viana do Bolo; e Iván Lorenzo da Veiga, presentaron como pregunta ó certame "¿Como afecta o ruído á seguridade no tránsito? Foi seleccionada pola Casa das Ciencias e durante o primeiro trimestre do ano 2003, os alumnos transformaron a súa aula nun pequeno laboratorio de seguridade vial. Antes, coa axuda dos titores de ámbito científico e lingüístico, deseñaron os distintos experimentos que logo realizarían.

Os alumnos avaliaron un grupo de 50 persoas dende os 12 ós 55 anos. Despois de recoller nunha ficha a información básica pasaron a realizarlles unha batería de probas.

A primeira foi unha proba de memoria visual. Para iso mostraban unha folla con 9 sinais de tránsito durante 10 segundos. Pasado ese tempo mostraban unha folla similar, durante 5 segundos, pero con 3 sinais cambiados. Preguntábanlle ó entrevistado cáles eran novos, e anotaban os erros cometidos. Esta proba repetiuse en tres situacións: unha sen música, outra escoitando música clásica suave e unha terceira con música Techno- House a un volume estridente que non permitía oír unha voz dun compañeiro situado a un metro do estudiado. Recolleron na ficha os erros cometidos en cada unha das situacións experimentais.

A segunda proba tentaba medi-la capacidade de concentración dos individuos. Para iso, fíxose ler textos de 100 palabras, bastante homoxéneos. Todos versaban sobre especies animais descoñecidas para a maioría da xente. Os textos tiñan unha serie de datos numéricos e algunhas descrições. Despois de lelos, os avaliados respondían a un test de 5 preguntas, con resposta múltiple e resposta aberta. Como no caso anterior a proba repetiuse tres veces: sen música, con música clásica suave e con música Techno House estridente.

Na terceira e última proba tentaron medi-los reflexos. Utilizouse un xogo de simulación en ordenador que consistía en conducir un coche tentando levalo sempre dentro da vía. Os erros eran calquera saída de vía ou manobra que se poida considerar perigosa. Cada persoa xogou nas tres situacións descritas anteriormente. Neste caso sorteabase a orde da proba, sen música, con música suave e con música estridente; para ter en conta na proba o efecto do adestramento.

Os datos foron recollidos en táboas, comparados e representados usando programas informáticos. A continuación pódese ve-lo resultado

da proba do estudio do efecto do ruído nos reflexos:

	ERROS
Sen música	5,82
Música suave clásica	7,48
Música estridente Techno House	10,45

Resultados por sexos da proba do xogo de simulación (reflexos).

	ERROS HOMES	ERROS MULLERES
Sen música	5,25	6,4
Música suave clásica	7,2	7,76
Música estridente Techno House	10	10,90

Resultados por idades da proba do xogo de simulación (reflexos).

	ERROS 11-30 anos	ERROS 30-53 anos
Sen música	6,13	4,875
Música suave clásica	7,75	6,93
Música estridente Techno House	10,79	10,37

Despois de remata-las probas, analizar e representa-los datos obtidos, os seis alumnos chegaron ás conclusións seguintes:

- A música suave e estridente tivo influencia nas tres probas.
- A música a volume excesivo fai cometer máis erros ás persoas.
- Na proba de avaliación dos reflexos o volume fixo aumenta-los erros de forma importante.
- Na memoria visual o ruído non afectou os resultados.
- Na concentración, o ruído ten un efecto importante. Fai cometer máis erros.
- Tamén comprobaron que a maioría da xente pensa que o ruído non lles afecta na conducción. De acordo cos resultados podemos afirmar que teñen unha percepción da seguridade non correcta.
- Os alumnos recomendan non conducir coa música demasiado alta.

Os alumnos vianeses defenderon o traballo no salón de actos da Casa das Ciencias da Coruña, o sábado 7 de xuño de 2003, xunto con outros 4 finalistas galegos. Durante 15 minutos resumiron todo o traballo e responderon ás preguntas do xurado. No acto estiveron acompañados por alumnos e profesores do centro. Acadaron un accésit do Premio Luis Freire de Investigación Científica.

Resultou, dende un punto de vista educativo, dun interese extraordinario. En primeiro lugar porque sempre a posta en marcha dunha investigación real permite unha aprendizaxe da ciencia moito máis efectiva e aproximada á realidade. En segundo lugar, este interese duplícase ó tratarse dun grupo de diversificación curricular, xa que nos permite ver como a motivación pode levar a un grupo a conseguilo que se propoña. Finalmente, lévame a unha relexión persoal: tendo moitos exemplos como este, nos pouco anos que os programas de diversificación curricular levan funcionado en España, ¿por que desaparece a diversificación curricular, tendo como base un desenvolvemento dunha lei, que polo menos en palabras, busca mellora-la calidade do noso sistema educativo?

As tecnoloxías da información e da comunicación na escola

Azucena Arias Correa. CEIP Vilaverde, Mourente (Pontevedra)
Dolores Arias Correa. CEIP de Viñas, Poio (Pontevedra)

As tecnoloxías da comunicación e da información (TIC) teñen cada vez unha presenza máis destacada na sociedade, pasando a ser algo moi cotiá. Son frecuentes na vida diaria usos como correo electrónico, foros de debate, navegación web, buscadores de datos, descarga de arquivos musicais, xogos, ...

Todo semella moi sinxelo, con só saber manexar un rato e un teclado e ter conexión á rede, calquera persoa pode acceder rapidamente á información sobre calquera ámbito do saber. O acceso á información e comunicación sucede dun xeito case espontáneo, nun intre podemos acumular unha cantidade inxente dela, prodúcese ademais en tódolos eidos imaxinables e aplicables a diferentes aspectos da vida (profesional, familiar, político, social, cultural, lecer, ...). Hai moita información e de moi variado contido.

As TIC propician que moitos cambios se produzan e, á vez, difundan con enorme celeridade á toda a humanidade.

Teñen, como vemos, as vantaxes de rapidez, comodidade e accesibilidade a un gran depósito de información, así como o uso de variedade de fórmulas expresivas desta, como a iconográfica, a escrita e a oral. O seu emprego posibilita a rotura de barreiras sociais e xeográficas da comunicación permitindo expresar, cooperar, dialogar, intercambiar,...

Tódalas súas vantaxes non deben ser escusa para facer un uso irreflexivo delas, senón que cadaquén debe saber cal é a utilidade máis adecuada ós seus intereses e con que tipo de aplicación pode sacalo maior proveito posible.

A aquelas repercusións positivas citadas con anterioridade van unidas posibles consecuencias negativas derivadas do seu mal uso, do abuso ou mesmo da imposibilidade de recorrer a elas por diferentes causas (falta de medios, falta de formación, ...).

Unha análise superficial destas repercusións negativas amosa os seguintes aspectos que cumpriría atallar:

- A desigualdade de oportunidades no acceso ás TIC. Non toda a poboación ten iguais posibilidades de acceder a elas, ben debido ó "analfabetismo" informático (xa que se precisan coñecementos básicos de persoa usuaria), ben debido á carencia de recursos axeitados e desenvolvemento económico elemental. A diferenciamos entre un determinado sector da poboación e outros pode facerse máis patente aínda.
- Non sacarlle todo o partido posible por descoñecemento de para qué serve e cal é o abano de posibilidades que achega ós diferentes ámbitos da vida.
- A posibilidade de imposición de valores por parte de determinados grupos maioritarios e poderosos, a aculturación, a homoxeneización da sociedade, ... que

poden implica-la desaparición ou minusvaloración de determinadas culturas.

- A promoción do illamento e do individualismo polo emprego exclusivo dos novos xeitos de comunicación promovidos polas TIC, converténdose en substitutos doutras formas de relación que seguen a ser válidas e necesarias.
- O fomento do consumo a través dunha mercadotecnia cómoda, agresiva, accesible e estendida.
- O nesgo informativo, cada vez máis viable, xa que a información que aparece é creada por quen coñece o manexo destas ferramentas e por quen pode manexalas, polo que a maioría da información é producida por uns determinados ámbitos máis desenvolvidos economicamente. O uso e a creación da información depende tamén da apropiación que as persoas fagan destas novas ferramentas informáticas. Non toda a información é igualmente válida e fiable, cómpren criterios para selecciónala e ter claros os obxectivos de busca para non perde-lo tempo nin apropiarse de información inútil, inadecuada ou simplemente inserrible para o que se pretende.

Por todo o antedito é fundamental coñecer-las vantaxes e inconvenientes do uso continuado das TIC, a utilización delas sen criterios pode volvérsenos en contra.

A súa presenza e emprego na sociedade xustifica sobradamente a súa entrada e tratamento na escola, non como unha solución a todo, nin como un substituto doutras fórmulas, senón como unha ferramenta.

A escola non pode nin debe rexeitalas novas tecnoloxías. Dotala dos novos medios en número suficiente debe ser un obxectivo primordial, se se quere que sexa o lugar de aprendizaxe da súa utilización e o espazo de uso educativo cotiá delas nas diferentes áreas de aprendizaxe. Mais simplemente inserilas nos centros educativos a nivel de persoa usuaria pasiva ou receptiva non debería se-la finalidade, senón a de convertelas nun recurso interactivo máis de aula.

A dotación dos centros deberían garantir un número de ordenadores mínimo para asegura-la igualdade de oportunidades e que o acceso do alumnado se faga en condicións idóneas e progresivamente axustables a un uso máis personalizado do instrumento.

A escola tamén debe ser un espazo para axuda-lo alumnado a criticar e valorar-la utilización das TIC na súa xusta medida e a coñecer-las diversas posibilidades e as maneiras de integralas na vida sen dependencias, axudando a desentrañar mensaxes subliminais ou doutro tipo que se poidan coar con facilidade e influencia-lo seu sistema de valores, potenciando, así mesmo, o seu uso axeitado e a capacidade de vulgar criticamen-

te este medio para intervir nel, transformalo ou melloralo segundo cumpra.

As TIC supoñen un cambio no xeito de acceder á información. Hai moita cantidade dela, mais non toda a información é igualmente válida. A acumulación de información non é suficiente, o alumnado debe aprender a seleccionar, interpretar, comprender, razoar, tratar, crear e valorar, en suma, a aprender.

A información nas TIC non acostuma estar especificamente creada para as nenas e os nenos, axuda-lo alumnado a acceder a ela nas mellores condicións deberá ser función da escola, para que poida transcender da información banal, agresiva, inútil, ... e captura-la útil, interesante, creativa e importante, é dicir, dota-los nenos e as nenas de estratexias para saber orientarse no labirinto da información.

A escola non debe esquecer que a entrada das TIC precisa de cambios organizativos e metodolóxicos. A lectura da información das TIC require, por exemplo, un adestramento lector diferente, pois non se le linealmente como un libro, senón que uns textos poden superpoñerse a outros e *clickar* en determinadas palabras significa poder entrar en novos textos, imaxes ou voces. Tamén produce cambios na linguaxe escrita, co emprego de códigos e de mensaxes rápidas e telegráficas, así como unha maior relevancia de linguaxes visuais e sonoras variadas.

O desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación nos centros educativos debe ir precedido da formación necesaria do profesorado que permita crear-las actitudes adecuadas ante os novos medios, aprende-lo manexo da ferramenta, analiza-las repercusións (vantaxes e inconvenientes) que a súa introducción no currículo pode ter para a educación, reflexionar sobre o uso que se debería facer delas nas escolas para conseguí-los obxectivos adecuados, considerar qué formas organizativas e metodolóxicas son idóneas ó contexto onde se desenvolven, incluílas como recursos ó servizo das diferentes áreas, crear e difundir-la súa propia información e non só acceder á xa creada, intercambiar experiencias educativas levadas a cabo con elas.

Introduci-las TIC na escola nunca debe ser un convite a un uso irreflexivo delas, nin tampouco un subliñado esaxerado das consecuencias negativas da súa utilización. Debe servir para que o alumnado se apropie das tecnoloxías e teña acceso a elas en igualdade de oportunidades, aprendendo a usalas correctamente, de xeito que aproveite este recurso nas diversas facetas da súa vida. Tamén debe servir para que se propicie un uso adecuado, evitando que se xeren, dunha banda, discriminacións debidas ó sexo, ó medio social e xeográfico, ... e doutra, imposicións de valores culturais e ideolóxicos dimanados de determinados grupos.

As saídas didácticas, algo máis que o coñecemento do medio: a vivencia de valores

Amancio Castro González
IES Xunqueira II. Pontevedra. Curso 2003/04.
Do colectivo de mestras e mestres "Olla de sapo" de Pontevedra.
Da Sociedade Galega de Xeografía.

Durante anos tíñase o medio como o sitio cheo de recursos que estaba esperando a que a chamada "civilización" coas ferramentas que lle proporcionaba a ciencia en forma de tecnoloxía, cada vez máis potente, fose a "recoller". Xorde o "desarrollismo" no que as grandes obras só se valoran polo número de toneladas que se poden extraer, ou o xeito de chegar antes a tódolos sitios sen cuestionarse o cómo e o por ónde (seméllame que nesas aínda andamos en moitos casos), pouco a pouco empezase a ve-lo medio como o sitio, o libro que podemos utilizar, coller mostras como algo que está aí, sen valora-la repercusión que esa entrada inconsciente e aventureira pode facer para o equilibrio e moitas veces sen entender que é parte nosa, que somos medio e ata que punto somos parte inseparable del. Na actualidade temos que entender que o medio xa non temos que ir, xa estamos nel, xa somos medio, mal que nos pese, e calquera cousa que fagamos vai repercutir dalgún xeito na armazón dos procesos que no contorno se suceden e interaccionan, sen saber, as máis das veces, a dirección que van toma-los acontecementos ó modificar tan só unha variable que de investigarse habería que facelo "co debido respecto".

O coñecemento do medio polo alumnado dos primeiros anos de estudio debería facerse realizando esa integración cos seus elementos aprendendo a observar e observarnos como uns máis dos seus elementos. Sen esa aprendizaxe seguiremos vendo soamente o que xa sabemos e para moitos nenos e nenas dos primeiros ciclos do ensino o medio só é un escenario artificial cuns alimentos envasados dos que moitas veces nin se sabe de onde proceden; como moito, uns veñen do frigorífico e outros non.

Vémo-lo que xa sabemos

Cando toca facer algunha observación o sentimento que máis se explota é o da vista deixando o resto desasistidos para coller datos. Un dos problemas que presenta o sentido da vista é o de ser capaz de selecciona-lo coñecido entre un montón de imaxes, as coñecidas serán nas que nos fixemos pasando o resto desapercibido, isto ocorre a calquera idade e necesita dunha aprendizaxe en que incluso se pode cuestionar ¿que cousas faltan e por que? Recordo nunha saída con alumnado de 5º de xeografía nos Ancares por un sendeiro estreito por riba de "Cabana vella" tirando cara a Tres Bispos, íamos pechando o grupo o bioxeógrafo Rubio Recio e un servidor co equipo fotográfico, alí a 60 cm do camiño asomando entre a maleza un formigueiro duns 70 cm de altura, quedámonos mirando sen entender como puido ser que vinte e tantas persoas que ían interesadas na flora e fauna do lugar non se decataran de tan monumental formigueiro. Por suposto que o profesor, daquela xa emérito, da universidade sevillana soltou un berro e fixo retroceder a todo o persoal. Evidentemente non estaba no catálogo de imaxes o dun formigueiro de tipo montículo de pallas.

Outro tema é presenta-la realidade amplificando ou colocándoo en plan escaparate oupositor aqueles aspectos que nos interese

estudiar, danse poucos exemplos de observacións indirectas, cando preguntamos que facer para ve-lo que come un peixe ou unha ave de rapina o primeiro que xorde é pescalo ou cazala e abrílle-la barriga sen considerar métodos indirectos nos que haxa que planificar e valorar sen quedarnos na observación directa.

Ve-la realidade e "ver de libro"

Moitas veces a imaxe que temos da realidade está filtrada polos textos de estudio, sen comprobar no campo real como son as cousas, non me refiro claro a aquelas onde o risco pode ser grande e a observación non é segura, un glóbulo vermello ou unha célula vexetal presenta unha imaxe nos libros que se collémo-lo material que di o libro non coincide, faltarán tinturas, fixadores de contrastes, etc. ou se trata dun debuxo onde aparece o que o científico soamente sabe que é o fundamental, non é a primeira e espero que non sexa a última na que o alumnado confundiu observando células de epitelio de cebola cunhas preciosas burbullas de aire. ¡Vexo dúas!, cando diante do obxectivo tiña centos de células.

A motivación

Esta é a agulla de marear de case todo o proceso educativo, se o que se quere presentar, ensinar ou vivenciar non interesa ou non presenta o interese necesario, o asunto non funciona, pódense aprender cousas para un exame de forma máis ou menos rutineira pero non formarán parte da bagaxe cultural do alumnado, funcionan como pequenas próteses con curta data de caducidade.

Para integrarse e saber algo do medio hai que ter vivencias nel, interactuando cos seus elementos.

Coeducación, tolerancia, respecto, coñecemento, traballar en valores... serán algunhas das pautas que hai que ter en conta ó programa-las actividades que nos fagan entender mellor a realidade siconatural, as saídas a ese contorno son imprescindibles utilizando calquera das súas modalidades das que en cada momento se lles pode quitar un adecuado rendemento, así temos:

O paseo "escolar" idóneo para observar pautas de comportamento no contorno siconatural.

O itinerario polo método tradicional de paradas, baseado nos contidos.

O itinerario baseado nunha hipótese de traballo, fai fincapé no método, no proceso de aprendizaxe, é un itinerario interactivo.

O itinerario por descubrimento, baseado no propio proceso de investigación, baseado nun guión de propostas.

Cando decidimos interactuar co contorno existen unha serie de aprendizaxes idóneas para desenvolver tales como:

Aprender a ver.
Aprender a observar.
Aprender a orientarse.
Aprender a analizar.
Aprender a relacionar variables.
Aprender a medir.
Aprender a calcular e a predicir.
Aprender a resolver problemas.
Aprender a integrarnos de forma positiva no contorno siconatural.


Para organizar estas aprendizaxes utilizaremos recursos que utilizaremos antes de..., en..., despois de... a saída, quitáremolos de áreas e disciplinas como as ciencias naturais, da eco-xeografía e da EA recursos enfocados a conseguirla integración positiva do contorno.

Sirva de exemplo algunhas das actividades que se realizarán nunha saída por descubrimento.

O itinerario por descubrimento

O método está baseado no propio proceso de investigación.

A motivación lógrase a base do interese que produce o propio proceso de investigación, ó tratar de solución-los enigmas, as propostas ou os retos que se presentan nun guión que vai levando ós participantes, axudados por algunhas fichas de observación ou de orientación, a identificar procesos e a facer pequenas investigacións no medio para construír e adquirir-los coñecementos que nos interesan dunha forma máis lúdica e participativa.



Percorrido nas proximidades do CEIP de Corcubión

Este é un exemplo de "saída por descubrimento" para completalo de forma práctica no contorno. Nesta pequena guía inclúen actividades para o alumnado e algúns consellos para o profesorado. Feito no curso 2000-2001.

As actividades que leven o signo (*) son para facer. O resto é información.

1º consello!: Colle o teu caderno de campo e, en marcha.

(*) *Saimos do edificio do CEIP dirixíndonos cara ó Norte.*

¿Como o podes saber? Pon tres respostas:

- 1º. _____
- 2º. _____
- 3º. _____

Se non se che ocorre nada, podes ter estas dúas opcións:

- 1º. Esperar a que saia o Sol e situa-los puntos cardinais.
- 2º. Coller un plano e localiza-lo Norte. Nun plano que se prece quedaría:



(*) *Localiza a fonte que está na rotonda:*

Se a fonte ten auga imos facer unha estimación¹ de se é moita, pouca ou suficiente a auga que mana nesa fonte:

Ti que pensas: _____ E os demais: _____

(*) *Posiblemente poida que haxa valoracións diferentes dun feito que é único, que solucións darías para que todos dean un resultado único da cantidade de auga que sae pola fonte...*

Os científicos inventaron un concepto ó que chamaron "caudal" e que vén sendo algo así como a cantidade de líquido ou gas que pasa por un sitio nun tempo determinado, o que tes que resolver é:

- ¿Como e en que unidades mido a auga que sae?
- ¿Como e en que unidades mido o tempo que pasa?
- ¿En que unidades me sairá expresado o caudal?

¡¡¡Seguro que es capaz de inventar unha fórmula máxica para calcula-lo caudal!!!

¹ ESTIMACIÓN.- Cálculo, valoración, aproximación.

(*) *Coñecendo o caudal poderías comparar unhas fontes con outras, e a mesma fonte en distintos días.*

PROPOSTA: Inventa un aparello que sirva para medi-lo caudal, debúxao na volta da páxina.

Anótate tantas cruces coma cousas novas aprendiches no que vai de percorrido:

COUSAS APRENDIDAS	CRUCES

(*) *Subide cara ó pavillón deportivo e na parede lateral do edificio da escola localízade unha reixa de ferro e unha tapa de ventá de zinc (o zinc ou cinc é un metal do que se facían cubos e tallas (tinas) antes de vi-lo plástico).*

(*) *¿Por que sabes que a reixa é de ferro?* _____

Os metais coma o ferro e o zinc reaccionan químicamente co osíxeno do aire formándose unhas substancias novas chamadas óxidos, diferentes segundo o metal que sexa. No noso caso teremos "óxido de ferro" e "óxido de zinc". Ó óxido de ferro tamén o chamamos: _____

(*) *Observa e contesta: de cal dos dous óxidos hai máis:* _____

(*) *A que pensas que se debe a maior abundancia da "ferruxe" no caso do ferro*

(puntuá de 1 a 4 de xeito que rodearás un 4 se estás totalmente de acordo e un 1 nas que esteas totalmente en desacordo, "?" nas que non teñas idea):

Mayor abundancia de óxido de ferro porque:

- Porque o ferro é máis barato. 1 2 3 4 ?
- Porque o ferro está sen pintar e o zinc aínda ten algo de pintura. 1 2 3 4 ?
- Porque a oxidación do ferro é máis rápida ca do zinc. 1 2 3 4 ?
- Porque a reixa de ferro está máis cerca do chan e hai máis humidade. 1 2 3 4 ?
- Porque o zinc é máis claro e o sol o seca mellor e o osíxeno rebota. 1 2 3 4 ?

(*) *Comentade en grupos de tres as respostas que destes e preguntádelles ás profesoras e profesores para que vos axuden a buscar información sobre como se forman os óxidos e que inflúe na velocidade de reacción para formarse esas novas substancias chamadas óxidos a partir dos metais e do osíxeno.*

(*) *Para a función que ten a reixa, é positivo ou negativo que o ferro se oxide:* _____

(*) *¿Por que?:* _____

(*) *Fala coas compañeiras e compañeiros e escribe a que te pareza a mellor idea para evitar que o ferro non se oxide:*

RESPOSTA POR CONSENSO²

Case seguro que destes cunha solución acertada, simplemente vos recordo que un metal se oxida cando se combina co osíxeno. Esta reacción pode ser lenta, lentísima ou máis rápida segundo sexa o metal, a abundancia de osíxeno e a intervención de factores ambientais que favorecen a velocidade da reacción como a temperatura, a humidade, a presenza doutras substancias que axudan a que o osíxeno se combine co metal para forma-lo óxido como pode se-lo salitre, etc.

² CONSENSO.- Acordo unánime de tódolos membros que compoñen un grupo de persoas.

Nas proximidades das reixas existe unha "arqueta sonora".

(*) *Facede silencio e tratade de localizala polo sentido do oído. ...))))))))) :-)*

(*) *Sen destapala será fácil sabe-lo que hai nesa arqueta:*

(*) *¿A onde irá e de onde virá? Que propós para sabelo:*



Nas estrelas está a resposta, son 25 euros de nada, admito tarxetas de crédito.

Magos coma este "Andrómenas"³ podes atopar en cantidade ata na tele, son especialistas en chamarlle ciencia ó que non é nin sequera "ciencia-ficción".

O mago Andrómenas³



¡¡Observa, pensa, propón, busca información, expón, di, discute e defende as túas propostas, fala cos demais, observa de novo, reflexiona!!

Seguindo estas pautas ti darás coas respostas e, de seguido, atoparás novas dúbidas ás que atender... Non te pares.

Este camiño é gratis. Está subvencionado polo sentido común.

Se o que observamos é artificial⁴, podes investigar ata dar con quen a fixo ou sabe como se fixo e xa saberás moito sobre a cousa que tratas de coñecer.

(*) *Preparación da investigación:*

- A quen lle teño que preguntar.
- Onde teño que ir para saber máis cousas.
- Que observacións me serían útiles.

RESULTADO DA INVESTIGACIÓN: _____

Novas preguntas

(*) *Subir pola costa cara á entrada do pavillón. No soar que queda á man esquerda:*

LOCALIZAR TRES TIPOS DE LEGUMINOSAS DIFERENTES

As LEGUMINOSAS son plantas que teñen as sementes nun legume coma a xudía ou os chicharos.

Moitas das leguminosas teñen en común unha flor que se parece a unha bolboreta, son as papilionáceas⁵, teñen 5 pétalos e 5 sépalos. Aquí tes un exemplo:

Os pétalos nestas flores reciben os nomes de: ás (dous), quilla (fórmano dous pétalos unidos) e estandarte (fórmao un pétalo parecido a unha bandeira).



³ ANDRÓMENA.- Mentira, trola.

⁴ ARTIFICIAL.- Feito polos seres humanos.

⁵ PAPILONÁCEA.- Este nome vén de "papillon" que significa bolboreta en francés.

Fai un debuxo dunha parte característica de cada unha das tres plantas e ponlle o nome se o podes pescudar⁶.

Nome	Nome	Nome

Na natureza non está presente todo o que queremos no momento no que o necesitamos por iso é importante aprender a planifica-las observacións.

Antes de planificar temos que ter información e algúns datos recollidos. Os datos cando se recollen de calquera xeito, non valen para nada xa que se transforma nun barullo onde non se atopa nada e complica máis as cousas. Para recoller ben os datos e non esquecer cousas importantes na observación é de moitísima utilidade que constrúas unha ficha de recollida de datos do tema que se trate. Con estas fichas poderás te-la túa propia base de datos e poderás intercambiar-la información con outras persoas que traballen sobre os mesmos temas e teñan fichas similares.

No caso das plantas da parcela podes ter marcadas algunhas e observalas cada 15 días para ver qué tipo de flor e de froito botan, para poder planificar cando e onde podes ve-lo froito e a flor.

(*) *Imos tratar de facer unha ficha de observación:*

(*) *¿Que queremos observar?:*

(*) *¿En que nos temos que fixar, que datos temos que recoller?*

(*) *¿Como presenta-los datos para que a información da ficha sexa facilmente lexible?*

(*) *Trata de facer un modelo á volta?*

(*) *Chegar á parte alta da costa, observe a vista panorámica que presenta a ría de Corcubión-Cee.*

Pode ser algo parecido a esta vista. No recadro seguinte trata de debuxar esa realidade, ben dende o apoio da foto, para poder encadrar ou observando directamente a paisaxe.



⁶ PESCUCHAR.- Indagar, investigar.

(* **Ponlle os nomes ás distintas zonas, núcleos de poboamento, nomes de "sitios".**

(* **Marca algún tipo de orientación, dirección do vento.**

(* **A ocupación humana, a que dedica cada zona.**

(* **¿Que tres cambios realizarías nesta repartición do territorio, por orde de importancia?**

Cambio 1º _____

Cambio 2º _____

Cambio 3º _____

(* **Os cambios van producir variacións nos xeitos de vivir nunha zona, analiza utilizando un cadro coma o seguinte. Usa a parte de atrás do folio:**

Cambio producido	Beneficia a...	Prexudica a...	Compensa face-lo cambio, valora, xustifica

(* **Dende o punto no que te atopas podes observar algúns detalles curiosos como por exemplo:**

1º. A aparición de estalactitas, ou o afloramento de carbonato cálcico nalgunha fenda.

¿Como se pode explicar este fenómeno? ¿Que consecuencias pode ocasionar este fenómeno?

Explicación do fenómeno	Se non lle atopo explicación: onde preguntar	Consecuencias que trae	Deberíase tomar algunha medida

2º. Observando a parede do pavillón deportivo, podes descubrir unha zona de colonización por algas.

(* **¿Como é a zona?**

(* **Porque aparecen nesa zona e non noutra:**

Recolle datos e investiga:

3º. Na esquina do edificio hai un patio pechado que aparentemente non ten uso.

(* **Concurso de ideas para que ese punto se poida converter nunha:**

¡¡Zona de máxima actividade!!

Idea luminosa nº 1 _____

Idea luminosa nº 2 _____

Simplemente, idea nº 2 _____

(* **Expoñe-las vosas ideas, escolle-la que máis vos guste e deseñar unha campaña de publicidade e promoción para desenvolver-la idea escollida.**

Prezo da campaña: cero euros

Financiamento: cero euros.

Forma de sufragar-las gastos da campaña: utilizar materiais reciclados de desfeita.

(* **Consensuando en grupos de 5 facede un primeiro borrador na parte posterior do folio.**

(* **Ese vertido vai simular na area da praia a maqueta dun río coas súas dinámicas e depósitos. (Temas coma o das terrazas, canóns, erosión diferencial, vense moi ben)**

En cada marea a canle simulada será distinta pois na súa formación actúan unha serie de variables moitas delas aleatorias.



(* **Chegando ó final do paseo, baixade á praia e retornar por ela en dirección ó CEIP, fixate no muro que queda á túa dereita e atopas unha planta de acantilados, O perexil de mar, para ela o muro é un perfecto acantilado e ali se quedou. Recoñecerédela polo cheiro das follas carnosas, as flores están en umbela coma o perexil "de terra".**

(* **Debuxo rápido, so aqueles detalles que che parecen máis interesantes:**

Perexil de mar: quen fai o apuntamento, e a data: _____

(* **Seguindo pola praia atopamos un ACANTILADO ROCHOSO, este si, natural.**

(* **Localiza e debuxa o m² que está sinalado na foto. Colle referencias e chega ó punto exacto.**

A continuación tes información sobre algúns vexetais que atoparedes no sitio.

ACANTILADOS ROCHOSOS

Zona de salpicaduras baixa

Cuberta líquénica:

- *Xanthoria parietina*. Talo foliforme, alaranxado-amarelo.
- *Caloplaca marina*. Talo aplanado e incrustante, alaranxado.
- *Lichina pygmaea*. Pequeno talo en forma de penacho negro.
- *Verrucaria maura*: *V. mucosa*. Talo incrustante que amosan manchas mouras de petróleo nas rochas.
- *Lecanora atra*. Talo incrustante, gris abrancazado.
- *Ramalina sillicuosa*: *Ramalina sp.* Talos acintados, cor verdoso.



Zona de salpicaduras alta

Salpicaduras e ventos salitrosos as plantas arraigan nas fendas dos granitos.

- *Crithmum maritimum*. "Prixel de mar"
- *Silene vulgaris ssp. maritima*. "Colexas de mar"
- *Armeria pubigera*. "Herba namoreira"

En fendas graníticas profundas:

- *Asplenium marinum*. "Fento mariño". Pode acompañar:
- *Samolus valerandi*. "Pamplina de auga"
- *Crithmum maritimum*. "Prixel de mar"

A utilización dos nomes científicos permíteche ir a calquera guía de plantas do mundo, sen que che importe nin o idioma no que estea escrita nin os distintos nomes polos que aparece a planta.

Se non coñeces algún animal ou planta das que tes diante, débuxaa, toma notas das súas características, quitalle unha foto.

As plantas son seres vivos como os animais e os fungos, deixádeos vivir no seu ecosistema.

Algunhas, coma a herba de namorar, están protexidas, pois existen prácticas depredadoras que están acabando con elas.

(* **Ir cara á beira do mar, xuntádevos en grupos de 4 ou 5 compoñentes. Veredes unha praia da que faredes un esbozo⁷ ou plano⁸, pintando de color vermella aqueles elementos que consideredes son artificiais na liña de costa.**



Amancio Castro. Corcubión, febreiro de 2000

As actuacións dos seres humanos sobre o contorno case sempre teñen a función de acadar un uso máis cómodo do medio no que viven. Este uso, e máis aínda, o modo no que se usa, está hoxe cuestionado dende a óptica ambiental, falase de "uso sostido" e xa de "usos renunciables".

Os estudos de impacto ambiental son necesarios se queremos facer obras que afecten ó contorno. Estes estudos serven para poder predicir qué ocorrería nun medio dinámico e non estático como podería aparecer nun proxecto (medio de foto).

Pensade e falade:

¿Que pasaría coa praia se subise un pouco o nivel do mar?

(* **¿Cal pensades que é a función das ramplas?**

De entre as seguintes posibles funcións escolle a que pensas que deu orixe ás ramplas.

1. Acceso á praia de persoas en cadeiras de rodas.
2. Dique.
3. Para poder subir e baixa-las lanchas.
4. Peirao de abrigo.
5. Acumuladores de coiros.

(* **¿A resposta nº 5 ten algo de realidade? ¿Unha vez observados eses materiais depositados, podedes explicar como se formaron eses pequenos coiros?**

Organizade as observacións:

¿Son tódolos materiais iguais? _____

Procedencia: do mesmo sitio, doutros sitios: _____

¿Quen lles daría esa forma? _____

¿Quen os almacenaría nese canto? _____

(* **Colle tres materiais distintos e trata de ordenalos de máis duro a máis brando.**

Unha pista: un mineral recoñécese máis duro ca outro cando o pode raír.

MINERAIS DE MAIOR A MENOR DUREZA	ASPECTO	SABEMOS QUE MATERIAL É
Máis duro, raía os outros dous		
Mediano, raía o terceiro		
Menos duro, non raía ningún dos outros dous		

¡¡Atención!! Os materiais que vos serviron para aprender, deben quedar no mesmo sitio no que estaban, pois se cada alumna e alumno recolle unha mostra, ó cabo de pouco tempo desaparece o depósito de pedras para sempre.

(* **Seguindo polo "paseo marítimo" podedes ver, se a marea está baixa, a saída e descender dun desaguadoiro (de auga aparentemente limpa). Indagade a orixe desa auga e observade, color, cheiro. ¡Absterse de probala! Moitas enfermidades gástricas transmitense pola auga.**

⁷ ESBOZO.- Debuxo rápido sen perfilar.

⁸ PLANO.- Representación gráfica dun terreo a escala igual ou inferior a 1:10.000.

⁹ COLD.- Depósito de coiros.

(* **Ocorrénseche tres motivos polos que haxa que conserva-la diversidade de seres vivos:**

(* **Podes apunta-las razóns que máis te gusten das compañeiras e compañeiros ata enche-lo folio polo outro lado.**



Xanthoria parietina

(* **Ata aquí este pequeno percorrido, contestade só a estas preguntas:**

Espero que experiencias coma estas axuden a incrementa-los valores positivos de cara á estima social e natural do contorno e ás posibilidades de integrarnos no contorno como parte viva do que somos, do xeito máis positivo posible.

(* **As seguintes preguntas terán que ir xurdindo sen remedio**

As respostas (se as hai) daraas o medio se é que somos capaces de integrarnos nel.

A rede de educación do consumidor. Unha rede temática Comenius 3

Esther Álvarez Fernández
Instituto Galego de Consumo

A educación para o consumo é un dereito recoñecido no artigo 51 da Constitución, e polas leis que desenvolven este mandato constitucional e tamén está lexislado sobre a súa introducción nos currícula das distintas etapas do ensino regrado, pero isto non garante a práctica educativa, sendo necesaria para a implantación real a colaboración de tódalas institucións e organismos implicados.

A rede de educación do consumidor fórmulase na súa creación, como un proxecto estable, que ten como finalidade potencia-la educación para o consumo dentro do ámbito escolar, cara a conseguir consumidores e consumidoras cada vez máis críticos, solidarios, responsables e comprometidos co seu medio conscientes dos seus dereitos e dispostos para asumi-las súas responsabilidades.

Os obxectivos xerais que se intentaban acadar coa creación da rede, foron: xunta-los esforzos particulares, comparti-las experiencias e recursos, facer que flúa a información axeitadamente entre as comunidades autónomas que a integran e, dende elas, ós centros escolares participantes que son os principais destinatarios.

Este obxectivo xeral de coordinación, materialízase a través de distintos obxectivos específicos como :

- Establecer acordos de colaboración a nivel estatal e comunitario.
- Editar conxuntamente materiais didácticos.
- Propoñer accións conxuntas de formación e intercambio de experiencias.
- Dispor dun sitio web na internet, www.infoconsumo.es/eecred e mantelo actualizado.
- Editar en castelán a revista Nice-mail e editar unha revista propia para os socios españois.

Na actualidade, e coa recente incorporación do Instituto Catalán do Consumo e do cabido Insular de Tenerife, participan na rede 13 comunidades autónomas, abranguendo a case totalidade do territorio nacional. A dimensión europea da rede vén dada pola creación no ano 2001 da rede de educación do consumidor Países do Sur de Europa, coa participación, ademais de España de Portugal, Italia e Grecia, Francia, sendo Chipre a última incorporación..

Ata o momento, editáronse materiais para tódolos niveis educativos, incluída a formación profesional; a rede tense espallado a máis de trescentos centros escolares das distintas comunidades autónomas partici-



pantes que desenvolven proxectos anuais de educación para o consumo, e que teñen priorizada a educación para o consumo no seu proxecto educativo.

No caso concreto de Galicia, no ano 1998 cando o IGC decidiu entrar a formar parte da rede fixo un importante esforzo cara a crear unhas estruturas que permiten o funcionamento estable dunha rede, que no momento actual conta con 18 centros escolares que realizan proxectos trienais de educación para o consumo.

Os distintos participantes na rede, están comunicados a través da internet na web: infoconsumo.es/eecred, e a través da revista Nice-Mail que edita a Rede Nórdica de Educación do Consumidor e que traduce o español a Escola Europea de Consumidores, que pola súa vez coordina a rede en España, e tamén por unha revista semestral que edita a rede española e que tenta ser un foro de comunicación para tódolos participantes.

Todo este esforzo de consolidación da rede a nivel europeo, ten a súa consecuencia lóxica na creación dunha rede temática dentro das accións Comenius 3 do Programa Sócrates, que segue o Dictame do Comité Económico e Social Europeo sobre o tema " a educación dos consumidores" (2003/C 133/01) que no seu epígrafe de conclusións indica que "A Comisión debería presentar un plan cara a consolidar as redes europeas que impulsan a educación do consumidor con proxectos significativos e estables", e a experiencia que teñen os socios da rede de educación do consumidor nestes catro anos, é que son o xeito máis eficaz para avanzar neste eido.

Con este obxectivo téntase:

- Coordina-los centros escolares en Europa que desenvolvan proxectos sobre a

educación para o consumo, en especial dentro das accións de Sócrates-Comenius 1.1;

- Crear un banco de datos tanto de experiencias desenvolvidas en proxectos Comenius, como dos materiais didácticos elaborados e editados en cada un dos países membros e das institucións responsables en cada país
- Desenvolver un portal da internet con contidos teórico-prácticos que permitan o acceso á información temática, ós bancos de datos e o intercambio de experiencias.
- Avaliar e difundir as mellores prácticas educativas na educación para o consumo.
- Editar un manual de innovación educativa e didáctica neste eido nos distintos idiomas.
- Avaliar permanentemente o proceso e actividades da rede e a súa utilidade para o profesorado europeo.
- E en definitiva, eleva-lo nivel de formación e autoprotección dos consumidores e consumidoras no desenvolvemento do mercado.

Para garanti-lo intercambio de información e experiencias, o proxecto estruturárase en fases e a coordinación organizárase en niveis segundo un calendario establecido, cara a garanti-lo desenvolvemento das actividades e o contacto co profesorado de 14 países distintos.

É este un proxecto moi ambicioso como corresponde á finalidade que se persegue, baseado nos bos resultados obtidos coa rede de educación do consumidor Países do Sur de Europa, no que invitamos a participar a tódolos centros que desexen desenvolver actividades de educación para o consumo.

Un camiño cara á interculturalidade

Eloisa Teijeira Bautista
Orientadora do CPI Ribeira-Torneiros. O Porriño
eteijeira@edu.xunta.es

Unha realidade

No curso 2001/2002, o noso centro, CPI. Ribeira de Torneiros-O Porriño, iniciou un proceso que pretende concretiza-lo modelo de centro que pretendemos ser, proceso que, instrumentalizado a traves de diversos PFAC do Centro de Formación e Recursos de Vigo, foise continuando ata o momento presente.

Este proceso iniciouse coa elaboración do noso PEC, previo ó cal fixemos unha análise do medio que veu determinar de xeito preciso, entre outras, unha realidade educativa que formaba parte del dende anos atrás: que do total de alumnos do noso centro, arredor dun 10% son de etnia xitana (familias asentadas no concello hai varios anos, procedentes de Castela/León, que se dedican maioritariamente á venda ambulante e viven no polígono de casas de protección oficial).

Esta realidade presenta unha problemática propia: escolarización tardía nalgúns casos, alto grao de absentismo xeneralizado, abandono da escolarización antes do momento legalmente establecido (especialmente no caso das nenas), falta de dotación de libros e material, algúns problemas concretos coa asistencia das nenas ás clases de E.F., desinterese e falta de valoración por parte das familias xitanas polo desenvolvemento escolar dos fillos, falta de participación das familias no centro, serias limitacións do profesorado como interlocutores coas familias, ... e, consecuentemente, fracaso escolar xeneralizado.

Ó mesmo tempo, concretizábase tamén a percepción que o profesorado tiña das dificultades para a integración social axeitada destes alumnos no centro así como para a convivencia normalizada entre tódolos alumnos nalgúns casos, reprodución sen dúbida, da situación social vivida fóra da escola.

Esta problemática daba lugar ó xurdimiento dunhas necesidades educativas específicas ás que sempre se pretendeu responder coas medidas ordinarias coas que contan tódolos centros: reforzos educativos, derivacións ós servizos sociais, e Administración educativa... Medidas que constituían, sistematicamente, un fracaso.

Un proxecto de centro

Dentro dun proceso xeral de reflexión e concreción sobre cáles eran as necesidades educativas que se xeraban, cáles deberían se-los ámbitos de abordaxe destas e cáles serían as áreas transversais implicadas, xurdiu a necesidade de deseñar un plan de actuación específico para a realidade citada.

Naceu así o que chamamos "PROXECTO DE INCLUSIÓN DO ALUMNADO XITANO". Proxecto que, como xa se indica no seu título, ten como finalidade a inclusión educativa dende o convencemento de que, ante a diversidade, neste caso cultural, o camiño é construí-la igualdade sen exclusións, creando un contorno educativo culturalmente enriquecido.

Este camiño, en coherencia coas propostas anteriores, tiñámolo que deseñar cos xitanos e

dende a súa cultura, polo que, dende ese momento, iniciamos unha colaboración coa Fundación Secretariado Xeral Xitano (F.S.X.X.).

O proxecto de inclusión susténtase en catro puntos xerais:

- A necesidade de concretizar nos nosos sinais de identidade e obxectivos de centro a nosa opción por unha escola inclusiva, que atenda á diversidade e á interculturalidade e que eduque para a convivencia.
- A necesidade de incluír, nos contidos do noso currículo, contidos da cultura xitana, como elemento enriquecedor e normalizador, xurdido da reflexión dende a propia comunidade xitana sobre a relevancia dos contidos que hai que incluír.
- A necesidade de levar a cabo un proceso de mediación cultural, que servirá para solventar-la realidade de que o profesorado non xitano non somos interlocutores significativamente válidos coas familias xitanas.
- A necesidade de ser incluídos nun proxecto de educación compensatoria que, transitoriamente, nos axudará a solventar-lo atraso escolar que maioritariamente presentan estes alumnos.

Un camiño andado...

Ó longo dos cursos 2001/2002 e 2002/2003, mediante a reflexión e o consenso do profesorado e co asesoramento da F.S.X.X. nalgún caso, abordámo-los dous primeiros aspectos, de xeito que:

- Nos nosos sinais de identidade (e consecuentemente nos obxectivos xerais de centro) deixamos constancia da nosa intención de ser, de camiñar cara a ser "unha escola inclusiva,... que atenda á diversidade, que eduque cara á convivencia ...e que se implique na problemática do medio e tenda á interculturalidade" .

Esta decisión, que posteriormente contou coa aprobación do claustro de profesores e do consello escolar, foi dada a coñecer a toda a comunidade educativa a través das reunións grupais en tódolos niveis educativos e como parte dun boletín informativo ó comezo do curso.

Ademais, e mediante procedementos de centro para o acollemento ós novos pais de alumnos, ás familias e alumnos inmigrantes e ós novos profesores, vaise asegurando sistematicamente, que os novos compoñentes da comunidade educativa o coñezan.

- Co asesoramento da F.S.X.X., mediante charlas ó profesorado e sesións de traballo xuntas, seleccionamos contidos da cultura xitana para incluír no noso currículo (contidos conceptuais e procedementais, xa que para a inclusión de contidos actudiniais consideramos que sería necesaria unha reflexión e un traballo máis específico dada a súa complexidade, traballo que abordaremos no futuro).

Tratábase de dar un tratamento curricular a estes contidos e non de facer un currículo específico e paralelo: que os alumnos xitanos encontraran contidos da súa cultura na súa escola e que os alumnos non xitanos tiveran tamén a posibilidade de coñecerlos.

Dende entón, no noso PCC (e consecuentemente nas nosas programacións de aula e mesmo ACI), en tódalas áreas e niveis se incluíron contidos da cultura xitana.

Para o seu desenvolvemento, estase a aumentar-la formación do profesorado mediante charlas, adquisición de contos con protagonistas xitanos, diverso material proporcionado polo Secretariado, referencias de páxinas web,...

No presente curso académico 2003/2004, e tralo silencio das administracións ante as nosas diferentes peticións de apoio e dotacións para levar a cabo este proxecto, coa colaboración da F.S.X.X., estamos a desenvolver diferentes medidas dende a mediación cultural e a proposta conxunta, tales como:

- Oferta, dentro das actividades extraescolares da ANPA, de dúas actividades que, como tódalas demais, son ofertadas a todo o alumnado pero cun contido que podería, potencialmente, atraer-la atención do alumnado xitano (caixón flamenco e baile flamenco) e tentar, deste modo, que participaran normalizadamente xunto ó resto dos seus compañeiros en actividades de centro nas que, ata o momento, non o facían.
- A realización dunha asemblea de familias xitanas, que foron convocadas pola mediadora do secretariado e na que o director do centro, os representantes do secretariado e eu mesma como orientadora, expuxémoslles a estes pais o proxecto que estabamos a levar a cabo, dende o consenso do obxectivo que se pretende conseguir, e transmitímo-la necesidade de contar co seu apoio á escolarización normalizada dos seus fillos e a súa participación no centro para que este poida ter éxito. De xeito inmediato, a súa participación normalizada nas reunións xerais cos pais de alumnos de todo o centro.

Xunto a estes aspectos xerais, o proxecto recolle outras moitas medidas que se están a pór en marcha, en coherencia con tódolas propostas anteriores: heteroxeneidade na distribución do alumnado, petición ó concello dunha dotación extraordinaria de libros e material, afondamento na formación do profesorado, participación en xornadas de colectivos xitanos, medidas para que as familias xitanas teñan experiencias positivas no centro, ...

... e por andar

Os resultados están asomando.

É necesario avanzar na posta en marcha e mesmo no perfeccionamento do proceso.

É imprescindible non descoida-la súa difusión e seguimento.

E, por fin, é necesario valorar, na súa xusta medida, o que vai supoñer ter, na realidade, UNHA ESCOLA PARA TODOS.

BIBLIOGRAFÍA:

- Torres, J (1991). El currículum oculto. Madrid, Morata (2ª edic.).
- Miguel Ángel Essomba (coord.) (1999) Construir la escuela intercultural. Barcelona, Graó, 2ª edic.

Actividades e experiencias normalizadoras nos centros educativos

Os Maios

*Equipo de Normalización Lingüística
coa colaboración de toda a comunidade educativa.
CEIP A Escardia. Vilagarcía (Pontevedra)*

INTRODUCCIÓN

O noso colexio ten nove unidades e está situado en Vilagarcía de Arousa. A lingua predominante é o castelán, polo que un dos obxectivos que tenta acadar-lo equipo de normalización lingüística do centro, é que os nosos alumnos-as adquiran competencia nas dúas linguas ó remate da etapa de primaria.

O equipo de Normalización Lingüística conxuntamente con tódolos profesores do centro e cos demais membros da comunidade educativa: pais, nais, continúan ano tras ano co seu proxecto de fomento e uso do galego, sendo unha das actividades programadas a FESTA DOS MAIOS, que a estamos levando a cabo, dende a creación deste colexio.

FONTES

Eliximos este tema xa que está moi arraigado na zona onde está o colexio, e as fontes de información utilizadas foron os pais, avós, persoas maiores, xornais e enciclopedias do concello e bibliotecas.

ORGANIZACIÓN DO TRABALLO

Tódolos alumnos do colexio participan, dende os máis pequenos de 3 anos ata os maiores do último curso. Tamén veñen pola tarde ex-alumnos cando non teñen clase no seu instituto.

Cada curso realiza as actividades máis axeitadas para a súa idade dentro da planificación xeral do traballo, xa que hai multitude de tarefas de distintas dificultades, o que producirá un enriquecemento e unha interacción entre eles.

Facemos distintos tipos de maios:

- TRADICIONAL OU CÓNICO
- ARTÍSTICO
- CAIXA
- CRUCES

Cada un deles ten que cumprir unhas pautas, e o que une é que van feitos todos



con plantas silvestres, flores, e poden levar froitos secos e produtos dos bosques ou do campo.

OBXECTIVOS PREVISTOS

Coñecer e utiliza-lo vocabulario referido ós maios, as distintas plantas silvestres que hai na zona, o nome de cada unha: fiuncho, margaridas, etc.

Arbustos como as xestas, cortiza dos piñeiros, follas de millo, toda clase de plantas ornamentais. É dicir, **TÓDOLOS MATERIAIS QUE UTILIZAMOS.**

- Traballar en equipo
- Valora-lo traballo dos demais
- Adquirir destreza óculo-manual
- Desenvolve-lo sentido estético
- Desenvolve-las distintas capacidades manipulativas e a creatividade
- Manipular con precisión as distintas flores
- Desenvolvemento dos sentidos
- Crear textos literarios
- Entoa-las copliñas
- Participar do canto en grupo
- Dramatiza-los distintos textos
- Colaborar cos distintos sectores da comunidade educativa
- Identificar sensacións táctiles
- Discriminación visual de cores
- Adquirir hábitos de limpeza e orde
- E sobre todo:

desfrutar da festa do maio



REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES

- Deseño do motivo.
- Repartición dalgunhas tarefas para realizar polos distintos ciclos (pintar ovos, facer colares de margaridas, quitar pétalos, seleccionar flores).
- Saídas ó campo a recolle-lo material que imos utilizar (fiuncho, hedras, flores de todo tipo).
- Compoñe-las letras das coplas do maio, adaptándoas á música tradicional.
- Acompañamentos rítmicos cos instrumentos típicos: troques, cunchas, etc.
- Entoación das copliñas.

Empezamos a preparar esta actividade mes e medio antes da festa que se celebra o 1 de maio.

AVALIACIÓN

Este traballo parécenos moi enriquecedor para os alumnos-as producindo unha grande interacción entre toda a comunidade educativa, que se brindan a cooperar no logro da festa dos MAIOS.

Como inconveniente ten que non se poden programar con exactitude as saídas xa que depende do tempo, e tamén é moito o traballo dos profesores, xa que leva a organización de cada unha das actividades moito tempo, por ser un traballo moi minucioso e difícil de encontra-las flores máis axeitadas.



«Stop barreiras», un achegamento ó mundo das discapacidades motrices

Luz M^a Beloso Rodríguez, profesora de educación plástica e visual
Agustín García González, profesor de educación física
M^a José García García, mestra de pedagogía terapéutica
IES de Quiroga, Lugo

O proxecto "Stop barreiras" levouse a cabo durante o primeiro trimestre e parte do segundo do curso 2001-2002 no IES de Quiroga (Lugo). A experiencia executouse en dúas etapas: na primeira, levouse a cabo un traballo específico nas áreas de educación plástica e educación física (apoiado polo Departamento de Orientación) con alumnado de 4º de ESO; na segunda, presentáronse os materiais elaborados e celebrouse unha xornada de sensibilización dirixida a toda a comunidade educativa.

O MARCO

Ó aborda-lo deseño do Programa anual de actividades complementarias e extraescolares (PAACE) do centro, atopamos: por unha banda, o marco idóneo para favorecer dinámicas de traballo que impliquen os distintos sectores da comunidade educativa; por outra, un instrumento organizativo que permite un tratamento contextualizado e integrado na actividade escolar de temas de carácter transversal.

O PAACE convértese, así, nun plan de traballo global que afecta o centro no seu conxunto, no eixe vertebrador de proxectos que pretenden desenvolver valores universais, como a tolerancia, o respecto á diferenza ou á solidariedade, e que implican a coordinación de dous ou máis departamentos didácticos nun traballo de equipo, e a relación significativa do centro co contorno social máis amplo.

"STOP BARREIRAS" é un dos proxectos integrados na PAACE do instituto no curso 2001-2002. Ó relacionar dúas das conmemoracións do 1º trimestre, a promulgación dos Dereitos Humanos e o Día das Persoas Discapacitadas, xorde a idea: ¿están, as persoas con discapacidades, a desfrutar dos seus dereitos plena e equitativamente? Desde o Departamento de Actividades Complementarias realízase unha proposta de tratamento interdisciplinar do tema, coa finalidade de que sexa valorada e debatida en cada departamento didáctico, tendo en conta que pode ser necesario o reaxuste dalgúns dos elementos da programación de área. Coas modificacións e achegas realizadas, deséñase o proxecto definitivo.

O ENFOQUE

Qué queremos conseguir, cómo podemos conseguilo, e cómo estaremos seguros de telo conseguido, son as típicas cuestións que debemos abordar nesta fase.



En relación coa primeira, comezamos por definir unha serie de obxectivos xerais que configurarían a base do proxecto, e que podemos resumir como segue: tomar conciencia de que existen colectivos e persoas que están a sufrir problemas de marxinación, identificar e analizar obxectivamente algunhas das causas e desenvolver unha actitude crítica e comprometida cos problemas sociais.

Tendo en conta as programacións dos distintos niveis, os departamentos de Educación Plástica e Educación Física decidimos desenvolver-lo proxecto co alumnado de 4º de ESO e seleccionamos unha serie de obxectivos didácticos específicos a partir dos anteriores.

En canto á segunda cuestión, é dicir, ó cómo, partimos da hipótese de que o primeiro paso para a adquisición de actitudes e valores é o coñecemento e a vivencia de problemas relacionados con esas actitudes e valores. As condicións e características do medio urbano no que se sitúa o centro ofrecían a posibilidade de experimentar un dos problemas cos que se atopan as persoas con discapacidades: **a inaccesibilidade do medio físico**. Os hábitos e preferencias do alumnado no desfrute do seu tempo libre amósannos outro centro de interese: **os deportes adaptados**.

O deseño organizativo do traballo artellouse en dúas fases: unha primeira, experimental, que tería como obxectivo que o alumnado chegase a conclusións propias de maneira autónoma e crítica. Superada esta, pensabamos que tería que se ter producido unha actitude favorable que se manifestase no desexo de comunicarlles ós demais os sentimentos, ideas e inquedanzas. Así, entraríamos na segunda fase do proxecto, que tería como finalidade a comunicación e o compromiso, e que comprendería dous aspectos educativos interrelacionados:


- O afianzamento dos coñecementos e valores adquiridos na etapa de aprendizaxe anterior.

- A proxección destes no centro e no medio social circundante, dotando de sentido e de utilidade o traballo desenvolvido.

Finalmente, no que se refire á avaliación, cumpría ter presente a dificultade de avaliar actitudes e valores, dado que se trata de aspectos que se manifestan tanto en situacións de ensino formal como naquelas da vida diaria que demanden unha actuación acorde coas actitudes desenvolvidas. Non obstante, ademais dos criterios de avaliación propios de cada área, establecéronse unha serie de indicadores, como a implicación do alumnado no proxecto e a repercusión deste no medio, que nos permitiran xulgar-la súa idoneidade.

O NÓ

FASE 1: EXPERIMENTACIÓN, COÑECE- MENTO E COMPRENSIÓN (1º trimestre)



- Exposición no centro dunha mostra fotográfica sobre barreiras arquitectónicas cedida pola Asociación Auxilia-Lugo (fotografías tomadas na cidade de Lugo durante a década de 1980).
- ESTUDIO DA ACCESIBILIDADE DO MEDIO FÍSICO (área de educación plástica e visual).

Coa mostra fotográfica cedida por Auxilia-Lugo e o visionado do documento "Frontes de accesibilidade" comezámo-lo traballo nesta área. O debate inicial puxo de manifesto o descoñecemento do alumnado dunha problemática que percibía como allea e afastada, pero pola que pronto manifestaron un grande interese.




Despois de presenta-lo tema, dedicamos varias clases ó estudio teórico-práctico dos sistemas de representación, traballo previo e fundamental para a posterior interpretación de planos e deseños de accesibilidade. A análise das condicións de accesibilidade que deben reuni-las beirarrúas, os pasos peonís, aparcadoiros, espazos públicos de lecer, edificios e vivendas, motivou a elaboración dunha guía ilustrada de accesibilidade.

Daquela o alumnado xa tiña adquirida sensibilidade e coñecementos suficientes para aprecia-las barreiras do seu contorno e as repercusións destas nas posibilidades de integración social das persoas afectadas permanentemente por unha limitación sensorial ou motriz, e mesmo para calquera que padecera este tipo de limitacións de forma temporal. Este era o momento de empezar a traballar coa fotografía como técnica que nos permitira recolle-las contradicións entre o marco legal e o real. Traballamos contidos sobre a historia da fotografía, xéneros fotográficos, valores sociolóxicos e artísticos, materiais e técnicas fotográficas, e saímos a percorre-las rúas e edificios públicos da localidade cunha cadeira de rodas (prestada polo centro de saúde) para experimentar e descubri-los principais atrancos e tomar fotografías. Reunimos unha importante cantidade de material fotográfico documental que fomos revelando no laboratorio do centro.

Para afondar na idea de que a fotografía non só nos permitía reflecti-la parte obxectiva da realidade, senón tamén transmiti-las propias sensacións, realizamos unha mostra de fotografía artística (fotomontaxes e coloreado con tinta e acuarela).

■ **DEPORTE E DISCAPACIDADE. APRENDENDO A XOGAR Ó BOCCIA** (na área de educación física)

Nesta área propuxémonos como meta fundamental que o alumnado apreciase a



práctica do deporte como un medio para mellora-la autoestima e a imaxe persoal, un estímulo para o desenvolvemento da autonomía e das relacións sociais, e tamén un medio para a integración social de tódalas persoas.

Introducímo-lo tema por medio de materiais audiovisuais e escritos (xogos paraolímpicos e special olympics), explicacións verbais e o diálogo cos alumnos e alumnas. Na área de educación plástica estaban a tratar tamén esta problemática, afondando nela desde outros puntos de vista, feito que enriqueceu o debate achegando elementos para a discusión en torno á necesidade de adaptación dos transportes públicos e das instalacións.

Despois de analiza-las características dos xogos paraolímpicos e especial olympics, suxerímo-lo acercamento ó deporte adaptado mediante a práctica. Elixímo-lo boccia, un deporte que pode ser practicado por persoas con graves limitacións motrices. Para acercarnos máis á realidade do xogo en persoas con este tipo de discapacidade, acordamos realiza-los lanzamentos sentados en cadeiras.



Nas primeiras sesións realizamos diferentes exercicios de dificultade crecente para nos familiarizar co xogo, aprende-lo seu regulamento e adquirir habilidade nos lanzamentos das bólas diana.

Nas dúas últimas sesións formamos catro equipos en cada clase e disputamos

un campionato, todos contra todos, resultando un equipo gañador en cada grupo. Estes dous equipos participaron na final que se celebrou con motivo da xornada de clausura da experiencia.

FASE 2: PROXECCIÓN DA EXPERIENCIA CARA Ó MEDIO ESCOLAR E SOCIAL (2º trimestre)

Esta fase do proxecto, como xa dixemos, estaba prevista. Sen embargo, cómpre dicir que a súa configuración derradeira xurdiu das propostas do alumnado.

Dado que se tiña constatado a inaccesibilidade do núcleo urbano e dos edificios públicos da localidade, acordouse elaborar un informe gráfico, coas fotografías documentais máis significativas e con propostas de actuación baseadas na guía de accesibilidade que se tiña deseñado, e redactar unha instancia solicitando ás autoridades municipais medidas urxentes para a eliminación das barreiras. Con esta iniciativa o alumnado asumiu, de forma natural, un compromiso social na comunidade.

Finalmente, coa finalidade de compartilo traballo desenvolvido cos restantes membros da comunidade educativa, e provoca-la reflexión e o debate sobre o tema, organizouse unha mostra cos materiais elaborados e unha xornada de "portas abertas".

Xornada de portas abertas: "STOP BARREIRAS"

PROGRAMA DE ACTOS:

Inauguración das exposicións:

1. Reportaxe fotográfica "STOP BARREIRAS", fotografía documental e artística sobre as barreiras urbanísticas da localidade de Quiroga.
2. Mostra de ilustracións sobre medidas de accesibilidade (urbanísticas, arquitectónicas e de mobiliario).

Presentación do dossier documental "STOP BARREIRAS" ás autoridades municipais.

Charla-coloquio, ofrecida por Marisol Bravos López.

Campionato de boccia.

O DESENLACE

Facendo un balance global, podemos afirmar que os resultados da experiencia foron satisfactorios. Cómpre destaca-la implicación do alumnado participante, que lle dedicou moitas horas de traballo fóra do horario escolar, e a repercusión que tivo no medio, que "obligou ó concello a aborda-lo tema da accesibilidade, cuestión que, lamentablemente, aínda hoxe ten por resolver.



A igualdade de homes e mulleres

«Cambiémo-lo mundo desde a escola»

Laura López Atrio.
IES nº 1 de Vigo (Instituto Politécnico de Vigo)

AS ÁREAS TRANSVERSAIS DENTRO DA ÁREA DE LINGUA GALEGA

As ensinanzas das áreas transversais teñen como finalidade estimular o desenvolvemento pleno da persoa. Se se quere conseguir tal obxectivo convén ter en conta que a linguaxe non só é unha capacidade máis dos seres humanos, senón o motor primordial da súa humanización, pois actúa conformando o pensamento. “A complexa e evidente relación entre linguxe, memoria, pensamento e coñecemento dá ós estudos sobre o ensino aprendizaxe da lingua un papel protagonista no desenvolvemento do saber non só individual, senón grupal, pois sen esta adquisición non existiría a cultura tal e como a coñecemos”.

A lingua, gracias ás súas funcións representativa e comunicativa, permítelles ós suxeitos coñecer-la realidade física e social, interaccionar con elas e comunicarse co resto das persoas; é polo tanto, o principal mecanismo de socialización, proceso a partir do cal se incorporan os esquemas, valores, crenzas, prexuízos e estereotipos dunha determinada comunidade. “Nacer nunha lingua implica estar “condicionado” e “liberado” por ela, é dicir, humanizado en galego, español, etc, cando o neno aprende a usa-la súa lingua non adquire simplemente palabras ou estruturas, senón tamén significados culturais, concepcións acerca do mundo e de si mesmo.

Pola súa vez, pola función reguladora que posúe, a linguaxe desempeña un papel importante na elección consciente da conducta, e, polo tanto, no moldeamento das actitudes e na construción da personalidade propia e, indirectamente, na dos demais. “Sen nos dar conta, nunha gran parte do noso facer diario estamos a pronunciar palabras mentais que nos dirixen e determinan e que moven invisiblemente os fíos condutores de canto facemos e sentimos”.

A aprendizaxe das capacidades lingüísticas e comunicativas permite e posibilita o tratamento didáctico das materias transversais, afirmación que parte da consideración de que a linguaxe posúe as seguintes características:

- Participa de xeito fundamental na formación dun pensamento organizado e claro.
- Desenvolve e madura a competencia comunicativa (considerando os diferentes rexistros, situacións, contextos, intencións, etc.).
- Axuda a tomar conciencia da realidade exterior e interior desde o momento no que se nomea.

- Favorece a incorporación plena da vida social (crítica, solidaria, participativa, creativa, etc).
- Favorece a incorporación da propia cultura e o respecto pola dos demais.

Os actuais enfoques pedagóxicos da área de lingua e literatura favorecen a inclusión das materias transversais, así como o ensino interdisciplinar.

Os trazos máis significativos do deseño da área con respecto á incorporación da perspectiva transversal son:

- A concepción da área desde un enfoque comunicativo no que teñen preferencia os aspectos de comprensión e expresión fronte a outros de carácter gramaticalista, historicista, enciclopedista, etc.
- Unha metodoloxía apoiada nas teorías constructivistas, é dicir, que parte das ideas previas do alumnado, valora especialmente a motivación para conseguir aprendizaxes significativas, ten en conta a diversidade dos estudantes e a aplicación das aprendizaxes a situacións novas.
- A formulación explícita de contidos específicos, entre os que se inclúen equitadamente tanto os conceptuais como os procedementais e os actitudinais.
- A referencia continua á dimensión social da lingua e da literatura, pois nunha sociedade moderna, democrática e dinámica, é imprescindible a construción consciente dos propios discursos, a lectura crítica das distintas mensaxes e a capacidade de facer achegas persoais.
- O emprego de textos de diferente natureza (orais e escritos, literarios e non literarios, verbais e non verbais) con sentido completo, como elemento básico de calquera situación de aprendizaxe comunicativa.
- A incorporación do estudio de linguaxes non verbais dentro da área, xa que no profesorado de lingua e literatura parece o máis idóneo, pola súa formación semiolóxica, para abordar estes contidos.
- A maior relevancia da aprendizaxe sistemática e rigorosa da comunicación oral.
- O respecto pola riqueza que implica a diversidade lingüística de España.

Área transversal:

EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE AS PERSOAS DE ÁMBOS SEXOS

Utiliza-la linguaxe para:

- Descubrir nas experiencias diarias a igualdade de dereitos e de achegas dos homes e das mulleres.

- Aceptar, valorar e respecta-las características e cualidades das outras persoas sen deixarse influenciar por ningún tipo de actitude discriminatoria en relación co sexo ou con calquera outro trazo diferenciador.
- Descubrir e integra-lo feito da diversidade e das diferencias como un valor e unha riqueza.
- Experimentar en situacións cotiás, o valor da complementariedade.
- Ser capaces de identificar e de realiza-la análise crítica dalgunhas manifestacións sexistas ou discriminatorias que se producen na linguaxe cotiá, no ámbito social e cultural, en concreto, nas mensaxes que nos transmite a publicidade e, en xeral, os medios de comunicación.
- Expresar e potencia-lo valor da afectividade, da sensibilidade, da emoción da bondade e da tenrura.

O método de traballo máis axeitado pareceume o de “PROXECTO INTEGRADO” que se intenta definir como:

- Plan de traballo globalizado ou interdisciplinar.
- Centrado nun tema.
- Que vai ser investigado e analizado.
- Empregando diversas técnicas de traballo e áreas de coñecemento.

FASES DO PROXECTO INTEGRADO

1. Motivación

(*Qué sabemos do tema*)

Charla informativa, artigos e noticias de prensa, videoreportaxe, preguntas, enquisa, documentos, acontecementos, anuncios, observación de campo.

2. Formulación de hipóteses

(*Qué queremos saber do tema*)

- Conceptos básicos
- Terminoloxía-Clasificacións

3. Enfoque do método de traballo

- Formación de grupos
- Repartición de tarefas
- Elección de técnicas que se van utilizar
- Temporalización
- Lugar ou lugares onde se vai realizar.

4. Busca e recollida de información

(*Cómo podemos sabelo*)

Enquisas, entrevistas, observación directa, test, consulta bibliográfica, comprobación experimental, técnica de “segui-la pista”, medios de comunicación.

5. Sistematización

Ordenar, seleccionar, tabular, clasificar datos, preparación de material gráfico e documental.

6. Asociación e expresión de ideas

(*Productos*)

- Murais
- Monografías
- Informes
- Gráficas
- Debuxos
- Estudos comparativos

7. Elaboración de conclusións

- Reestructuración e organización coherente da información.
- Actitude crítica constructiva
- Propostas de posibles solucións ou alternativas.

8. Análise e crítica

(*Qué pasou e por qué*)

- Aula-debate (informes dos equipos, individual, gran grupo)

9. Comunicación de resultados

(*Posibles técnicas*)

- Charla-coloquio
- Mesa redonda
- Conferencia
- Audiovisuais
- Dramatizacións
- Exposición dos materiais realizados
- Expresión plástica

10. Avaliación

(*profesorado-alumnado*)

- Observación do proceso
- Motivación do alumno/a ante o traballo
- Actitude mantida durante o proceso
- Traballo realizado
- Achegas do grupo
- Avaliación do equipo de compañeiros
- Autoavaliación do alumno/a.
- Reflexión do profesor/a
 - Sobre o traballo realizado en función da programación e dos obxectivos que pretendía.
 - Sobre a súa actitude ó longo de todo o proceso.

OBXECTIVOS XERAIS

- Asumir como meta educativa a eliminación de calquera prexuízo sexista que impida ou limite a capacidade dos estudantes para determinar libremente e realizar plenamente as súas aspiracións persoais.
- Adoptar como principio educativo unha postura crítica e de denuncia ante os estereotipos e as discriminacións sexistas.
- Diseñar un currículo integrador que teña en conta os intereses, motivacións e necesidades de ámbolos xéneros, e que considere as habilidades requiridas tanto no espazo público coma no privado.
- Superar calquera discriminación na orientación escolar e profesional de alumnas e alumnos.
- Evita-la limitación que implica o uso dunha linguaxe ou de materiais didácticos sexistas.
- Propicia-lo acceso igualitario de alumnas e alumnos a tódolos espazos e recursos educativos, escolares ou extraescolares.



- Adoptar medidas de acción positiva que tendan a corrixi-los estereotipos sexistas existentes.
- Incluí-la variable xénero na planificación e avaliación dos diferentes momentos da acción pedagóxica.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Manexar adecuadamente o vocabulario correspondente ó tema procurando investiga-lo significado correcto de palabras como: feminismo, machismo, dereitos humanos, sexismo, sensibilidade, intelixencia, debilidade, violencia, estereotipos, discriminación, prexuízos, roles sociais, xénero, sexo, etc.
- Comprende-lo sexismo como unha forma de discriminación e como tal contraria ós dereitos humanos.
- Comprende-los diferentes ámbitos socioculturais nos que se manifesta o sexismo.
- Ser conscientes das posibles relacións sexistas no ámbito cotián e reaccionar fronte a elas.
- Recoñecer que vivimos nunha cultura masculinizante.
- Xerar actitudes de rexeitamento e denuncia da violencia doméstica e das mutilacións xenitais femininas.
- Asumi-la necesidade de compartir responsabilidades familiares e traballo doméstico entre tódolos membros da familia.
- Ver como dereito da persoa, sen distinción de sexo, o dereito ó traballo remunerado fóra do propio ámbito doméstico.
- Comparti-lo poder e lograr que as mulleres participen na toma de decisións conduciríanos a un mundo máis xusto e equilibrado.
- Promove-las condicións que posibiliten unha sociedade compartida por homes e mulleres.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

O/a alumno/a:

- Comprende diferentes noticias, entrevistas e textos, interpretándoos con actitude crítica.
- Reflicte asuntos de actualidade mediante noticias escritas radiofónicas ou televisivas, empregando algúns medios técnicos sinxelos.

- Confecciona cuestionarios axeitados co fin de realizar entrevistas para coñecer mellor a outras persoas, as súas ideas e costumes.
- Realiza entrevistas, respectando as ideas e peculiaridades da persoa entrevistada.
- Expresa hábitos, vivencias, pensamentos, desexos, necesidades, emocións, etc. persoais e reflexiona sobre elas mediante un diario persoal.
- Emprega a linguaxe como medio de investigación e aprendizaxe, e para expresa-los seus pensamentos e sentimentos.

TEMPORALIZACIÓN

Durante dous meses e medio, do 15 de xaneiro ó 15 de marzo, un día á semana traballamos na clase o proxecto integrado "Novo contrato social mulleres - homes"

ALUMNADO

Grupo de 30 alumnos de 2º curso da ESO

MEMORIA DO PROXECTO REALIZADO NO CURSO 2000-2001

1. Motivación

(*Qué sabemos do tema*)

Dentro da programación anual aparece como tema de traballo "Os dereitos humanos" que se celebran o 10 de decembro. Ese día lémo-los artigos correspondentes, un por cada alumna/o que ademais de lelo debe buscar no diccionario todas aquelas palabras do seu artigo que non entenda e, posteriormente, explicará ós demais compañeiros o seu significado e a interpretación que fai do artigo que lle tocou en sorte. Ademais, buscará unha noticia na prensa onde se cumpra o "dereito humano" defendido no seu artigo e outra noticia onde sexa patente que non se cumpre o dito dereito.

Este traballo, debidamente dirixido pola profesora, lévanos a observar que a maioría dos dereitos humanos non se cumpren especialmente coas mulleres: o dereito á vida, estar sometida á servidume, torturas, tratos crueis, inhumanos, aldraxantes, desigualdade de protección ante a lei, trato discriminatorio por razón de sexo, persecución, falta de liberdade, desigualdade de partida no acceso ás funcións públicas, no acceso e na permanencia no traballo, diferente salario polo mesmo traballo en moitos casos, dobre xornada, etc.

Aparecen na prensa (*Faro de Vigo*, *La Voz de Galicia*) artigos que falan de muller e política; en "Cartas ó director" comunicados que falan de: "muller e medios de comunicación" "A violencia contra as mulleres", "As mulleres de Kabul" etc. asinados pola profesora.

Algunha alumna ou alumno chega á clase coa noticia de que viu el/ela ou alguén da súa familia, na prensa tal carta ou tal artigo.

Xorde a pregunta: ¿A profesora é feminista?

Xérase a discusión:

- ti es un machista
- eu non son feminista
- etc.

2. Formulación de hipóteses

(*Qué queremos saber do tema*)

Proposta de traballo:

- Cada alumno/a escribe no seu caderno, brevemente, que entende por ser feminista, e por ser machista.
- Cada alumno/a, a continuación, le as súas definicións escritas, que os demais escoitan en silencio.
- Cada alumno/a leva como traballo para a casa busca-la definición de feminismo e machismo nos dicionarios, enciclopedias, na internet, etc., segundo o material que teñan ó seu alcance. Debe ser ben entendido e utilizado todo o vocabulario que xorde, polo que facemos unha relación de tódalas palabras de descoñecido ou dubidoso significado que teñen que ver co tema e buscámo-las no dicionario.

Na sesión seguinte comentámo-lo traballo realizado e observamos e debatémo-los erros conceptuais que, por descoñecemento, os levan a actitudes inadecuadas.

3. Enfoque do método de traballo

Fórmanse na clase cinco equipos de seis alumnos cada un.

Para a seguinte sesión cada equipo prepara as súas intervencións no DEBATE que se fará na clase sobre os seguintes estereotipos:

- "As mulleres son máis inseguras e fráxiles cós homes".
- "Se as mulleres traballasen só na casa non habería paro".
- "As mulleres non están dotadas para a ciencia".
- "As mulleres están mellor dotadas para o traballo doméstico".
- "O éxito dunha relación de parella consiste en garda-lo equilibrio entre a parte racional e a afectiva. A primeira é a que adoita achega-lo home e a segunda a muller".

Cada equipo defenderá un dos estereotipos e o resto do alumnado tratará de argumentar en contra, seguindo as normas establecidas para facer un correcto debate na aula.

Debe o equipo, se é posible, achegar documentación ou materiais que avalen as súas opinións ou ilustren as súas interven-



cións (artigos ou noticias de prensa, referencias bibliográficas, textos).

Na seguinte sesión, a profesora distribúe entre o alumnado a ENQUISA (*anexo*) sobre o traballo doméstico que cubrirán individualmente.

4. Busca e recollida de información

Unha vez recollida a ENQUISA, comezamos a traballar:

Co obxectivo 1:

"COMPARTIR RESPONSABILIDADES FAMILIARES"

Ilustrouse a explicación con transparencias: viñetas de Mafalda e outras, debuxos de humoristas gráficos (*anexo*).

Fixose estudio de casos, fichas con textos, onde se fai referencia á discriminación horaria dunha moza no seo da súa familia, e onde se aborda o traballo doméstico e a denominada "dobre xornada" (*anexo*).

Interpretación de refráns sobre a muller en gran grupo (*anexo*).

Visionado dun vídeo-documental sobre a **"Situación da muller en diversos países do mundo"**.

Co obxectivo 2:

"COMPARTI-LO TRABAJO"

Procedeuse á distribución, lectura comprensiva e explicación do texto correspondente. Ilustrouse a explicación coas correspondentes transparencias, artigos de prensa, textos para comentar en gran grupo, recollida de nomes e datos de mulleres famosas nas diversas artes, ciencias, etc. Charla-coloquio (*anexo*).

Co obxectivo 3:

"COMPARTI-LO PODER"

Procedeuse tamén á distribución, lectura comprensiva e explicación do texto correspondente.

Ilustrouse a explicación con transparencias de debuxos de humoristas gráficos, viñetas de Mafalda e texto e gráficos do resultado das últimas eleccións municipais en Galicia, dando lugar á correspondente charla-coloquio en gran grupo.

Co obxectivo 4:

"PROMOVE-LAS CONDICIÓN QUE POSIBILITEN UNHA SOCIEDADE COMPARTIDA".

Procedeuse novamente á distribución, lectura comprensiva e explicación do texto correspondente (*anexo*).

- Visionado do vídeo **"Democracia e igualdade"** do Ministerio de Asuntos Sociais.
- Visionado do vídeo **"Mujer y publicidad"** do Instituto Social da muller.
- Diapositivas de anuncios que reflicten a utilización da muller na publicidade.
- Análise dalgúns anuncios. Ficha (*anexo*)

Ó longo das sesións nas que se procedía á explicación de cada obxectivo, o alumnado trataba de conseguir e achegar material gráfico e documental que se sumaba o achegado pola profesora.

5. Sistematización

Chegada a data do 8 de marzo, procedeu-se a recoller tódolos artigos que se publicaron en oito xornais diferentes de España, sobre o **"Día da muller traballadora"** e nos que se facía ampla referencia con datos moi actualizados, ós temas tratados nos catro obxectivos traballados.

Recollidos tódolos artigos dos diferentes xornais conseguidos, procedeu-se a ordenalos, selecciónalos e clasificalos.

6. Asociación e expresión de ideas

(*Productos*)

Con tódolos artigos de prensa recollidos e co material gráfico traballado, debuxos humorísticos, gráficos, viñetas, cartéis, etc., fíxose unha exposición a base de murais, para a posible observación de todo o alumnado e o profesorado do instituto.

Cada alumno/a da clase tiña que elixir un artigo de prensa dos que estaban expostos (*anexo*) e lelo atentamente para cubrir unha ficha na que tiña que contestar: ¿Que? ¿Cando? ¿Como? ¿Onde? ¿A quen? ¿Por que?, etc. Ademais, de forma oral, contarlle ós compañeiros o contido do artigo ou noticia elixida

Esta exposición permaneceu o resto do mes de marzo.

7. Elaboración de conclusións

Fixose a continuación en gran grupo e un remuíño de ideas para que os alumnos/as fixeran propostas que posibiliten **"A IGUALDADE DE HOMES E MULLERES"** dando como resultado as que figuran no *anexo*.

8. Análise e crítica (*Qué pasou e por qué*)

Aula-debate: dificultade para traballar axeitadamente tódolos contidos en tan só cincuenta minutos semanais. Dificultade para

reunirse fóra do horario escolar para traballar en grupo. Dificultade na organización e repartición de tarefas dos propios grupos. Dificultade para conseguir material de prensa, xa que non todos dispuñan na casa de xornais, dependendo do que podía proporcionar-la profesora en moitos casos. Dificultade para cambiar conceptos e actitudes, sobre todo os alumnos. Boa acollida por parte das alumnas, salvo casos escepcionais.

9. Comunicación de resultados

Utilizáronse charlas–coloquio, debates, dramatizacións de casos, exposición de materiais.

10. Avaliación

FICHA DE OBSERVACIÓN UTILIZADA POLA PROFESORA

- Participa activamente no traballo en equipo.
- Acepta e respecta as suxestións dos demais.
- Coopera cos compañeiros no traballo en equipo.
- Respecta as normas de convivencia.
- Participa activamente nos debates.
- Manexa adecuadamente as fontes de información.
- Presenta capacidade crítica diante das informacións que recibe.
- Interésase pola razón dos seus erros e intenta superalos.
- Exprésase correctamente.
- Utiliza correctamente a terminoloxía.
- Interésase pola realización correcta das experiencias.
- Mostra interese pola técnicas de traballo de campo.
- É creativo.
- Asimila os conceptos traballados ó longo do proceso de aprendizaxe.
- Remata as súas tarefas.
- Presenta os traballos de forma ordenada e limpa.
- Fai uso correcto do material.
- Respecta o medio e os elementos obxecto de estudo.
- Valora os avances científicos e a súa achega á sociedade.

EQUIVALENCIA ENTRE AS ESCALAS NUMÉRICA E DESCRITIVA

1	Case nunca	Moi mal	Moi pouco
2	Poucas veces	Mal	Pouco
3	Habitualmente	Regular	Suficiente
4	Moitas veces	Ben	Bastante
5	Sempre	Moi ben	Moito

FICHA DE AUTOAVALIACIÓN

Nome do alumno/a

TEMA

- Levo diariamente o material á clase.
- Realizo o traballo diario da clase.
- Pregunto cando non entendo.
- Participo no meu grupo de traballo.
- Reforzo o tema na casa.

- Recibo axuda dos compañeiros/as.
- Pido axuda ó profesor/a para recuperar.
- Presto axuda ós compañeiros/as.
- Presento ben os traballos.
- Dedícolle o tempo necesario a cada traballo encomendado.
- Atendo durante as explicacións.

MODELO DE OBSERVACIÓN DA CLASE POLO ALUMNO/A

VALORACIÓN

- ¿Gústache o tema?
- ¿Gústanche as actividades?
- ¿As clases son activas?
- ¿Esixen a túa participación?
- ¿Enténdelas explicacións?
- ¿Sínteste atendido polo profesor/a?
- ¿Enténdelos criterios de cualificación?

VALORACIÓN DA PROFESORA

Son profesora de lingua galega. Considero, como expreso no inicio desta experiencia, que a lingua é, ademais de por si mesma unha materia a aprender ó longo dos anos de estudio, un instrumento para a aprendizaxe de tódolos demais.

Considero tamén que as áreas, chamadas transversais, son os eixos fundamentais das aprendizaxes para a vida e para unha educación integral, de xeito que as demais áreas: linguas, matemáticas, ciencias naturais e sociais, plástica, etc., serven como instrumentos para acadar-las áreas transversais.

Aínda que tódalas materias transversais son importantes, nos tres últimos cursos levo traballado a educación para a igualdade, por parecerme a máis urxente para o alumnado destas idades (12-16 anos) – Primeiro ciclo de ESO.

A miña valoración da experiencia como profesora é altamente positiva, xa que non só as rapazas se dan conta da discriminación que segue a sufrí-la muller en tódolos ámbitos, senón tamén os rapaces son conscientes da inxustiza que supón esa discriminación. Poden comprobar que as súas compañeiras, na maioría dos casos, son superiores no rendemento escolar e nada lles impide realizar tódalas actividades que eles, rapaces, poden facer, tanto física como intelctualmente, acadando os mesmos ou mellores resultados, respectan-



do as diferencias existentes entre tódalas persoas e asumindo a igualdade de dereitos como seres humanos.

Ser feminista pasa de ser algo negativo, por descoñecemento, a ser positivo por información.

Espero que ó longo da súa formación e educación consigan interiorizalo e facela unha actitude propia.

A valoración da experiencia por parte de alumnado parece que queda ben reflectida nas propostas feitas para acadar un “A IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES”.

BIBLIOGRAFÍA

- LOS EJES TRANSVERSALES. M^a Victoria Reizabal. Escuela Española.
- LOS TEMAS TRANSVERSALES. CLAVES DE LA FORMACIÓN INTEGRAL. M^a Dolores Busquets y otros. Aula XXI. Santillana.
- LA ORGANIZACIÓN DEL CURRÍCULUM POR PROYECTOS DE TRABAJO. Fernando Hernández. MIE.
- ESTRATEGIAS DE APRENDIZAJE. Monserrat Podall. Laertes. Psicopedagogía.
- COMO SE APRENDE Y COMO SE ENSEÑA. José Escaño. Ice. Horsori. Cuad. de Educación.
- EDUCACIÓN E DEREITOS HUMANOS. Xesús R. Jares. Xerais
- ELEMENTOS PARA UNA EDUCACIÓN NO SEXISTA. Feminario de Alicante. Ensayo. Víctor Onega. Editores.
- LOS VALORES, UN DESAFIO PERMANENTE. Ricardo Marin Ibañez. Cincel
- DESDE LAS MUJERES. MODELOS EDUCATIVOS. COEDUCAR–SEGREGAR. Ballarín Domingo. ICE. Universidade de Granada.
- ROSA Y AZUL. LA TRANSMISIÓN DE LOS GÉNEROS EN LA ESCUELA MIXTA. Ministerio de Asuntos Sociais. Instituto da Muller
- NUEVO CONTRATO SOCIAL MUJERES–HOMBRES. Federación Mujeres Progresistas.
- DICCIONARIO DE MUJERES EN LA HISTORIA. Cristina Segura Graiño. Espasa.
- MI MAMÁ ME MIMA. Luís Otero. Círculo.
- DE OTRA MANERA. Autores varios. Ministerio de Asuntos Sociais. Instituto da Muller.



Proxecto de investigación en educación infantil

«A bolboreta Doreta»

M^a Teresa Santamaría Hervella
EEI de Vilaza-Monterrei (Ourense)

Trátase dun proxecto que se inicia por azar, co achado no horto escolar dunha folla de verza con ovos de bolboreta. A partir dese momento os nenos e as nenas, animados pola mestra, inician o estudo e investigación da bolboreta da col. Partindo dos seus coñecementos previos e seguindo unha "metodoloxía científica" aprendemos xuntos a criar bolboretas, descubriendo as diferentes fases polas que pasan ata emerxer da crisálida.

A finalidade da experiencia é a de motivar os nenos e nenas, creándolle-lo desexo de investigar, descubrir, coñecer, aprender, para despois valorar, respectar, protexer e coidar.

Este proxecto ten o obxectivo fundamental de achega-los nenos ó seu medio inmediato para así valoralo e protexelo, dándolle importancia ata ó máis pequeno dos seus elementos, como pode ser unha bolboretinha.

Esta experiencia desenvolveuse nunha escola unitaria de educación infantil do Val de Monterrei, no pobo de Vilaza, preto da vila de Verín, no sur da provincia de Ourense. No noso centro escolarizanse alumnos do segundo ciclo de educación infantil e do primeiro ciclo de educación primaria.

A escola ocupa unha casa de pedra de planta baixa que noutros tempos foi tamén vivenda do mestre e que na actualidade dedica tódalas súas dependencias a uso escolar.

Estamos rodeados dun precioso contorno, onde destaca a alameda situada á beira do río Búbal e do seu afluente o Rubín, que se unen moi cerca do centro escolar.

O pequeno e a pequena aprenden xogando, observando, experimentando, explorando, manipulando, actuando. Esta idea básica é a que determina a aprendizaxe na nosa escola. A este principio fundamental temos que engadirlle outros aspectos importantísimos:

- A E.E.I. de Vilaza é unha escola rural rodeada dun contorno cheo de estímulos que a natureza, o pobo e os veciños nos ofrecen.
- Estamos abertos ós estímulos ambientais, ó rico contorno no que estamos inmersos. Nós queremos aproveitar tódolos recursos do medio. Entre eles podemos sinalar: a alameda, os ríos Búbal e Rubín, leiras, montes, viñas, invernadoiros, animais...
- A nosa escoliña é un lugar acolledor, bonito e cómodo, no que nos sentimos moi a gusto, todos participamos da súa decoración e compartímo-lo seu coidado.
- As condicións espaciais e materiais permítennos traballar nunha metodoloxía de recunchos, na que a actividade de nenos e nenas xira ó redor dos diferentes recunchos. O espazo adaptámolo ós nosos intereses.
- Hai unha chea de actividades relacionadas co coñecemento e coa protección do medio que forman parte das nosas rutinas: coidamos e observámo-las nosas mascotas, Colorettes (tartaruga de auga), Quiti e Pichí (periquitos) e Chipi (hámster); coidámo-lo xardín; cultivámo-lo pequeno horto escolar e recollamos produtos para alimenta-las mascotas ou para xogar na casa; separámo-lo lixo botando nunha papeleira soamente os papeis e, cando está chea, levámo-las xuntas ó contedor azul; reciclamos papel e empregámolo para facer debuxos ou contos...

Situándonos neste contexto, nestes principios que determinan a actividade docente e a vida da nosa escola, é como xorde o proxecto da "Bolboreta Doreta", un proxecto máis dos que se realizan na escola de Vilaza.

Como xa referimos con anterioridade na nosa escoliña temos uns periquitos e tamén un horto.

Unha mañá, collendo unha verza para Quiti e Pichí, os nenos descubriron que tiña unhas boliñas pequerrechiñas pegadas na parte de atrás.

Rapidamente collémo-las lupas para ver mellor as "boliñas" da verza. Empezamos a falar delas, a facernos moitas preguntas, a dar moitas respostas.

Como non nos aclarabamos decidimos preguntarlles ás mamás e ós papás e tamén ós avós e ás avoas. Eles proporcionáronno-la primeira información, eran ovos de bolboreta e nós tomámo-la decisión de crialas. Decidimos traer do C.F.R. a cámara de vídeo para filma-la experiencia.

Propuxen unha conversa sobre as bolboretas co fin de inicia-la construción dunha aprendizaxe significativa: ¿Como son?, ¿Onde viven?, ¿Que comen?, ¿Cando as vemos?, ¿Como se desprazan?, ¿Canto viven?, ¿Que coidados precisan os seus ovos?

Partindo dos nosos coñecementos, fomos buscar máis información á nosa biblioteca. Alí atopamos un tesouro, o libro "Mi primer libro de la naturaleza" do *Círculo de Lectores* onde explicaba moi ben como se crían as bolboretas.

Preparámo-la caixa, seguindo as instrucións do libro, puxémo-la verza dentro e deixámola no recuncho da natureza. A cotío mirabamos na caixa e ós poucos días atopamos unhas eiruguiñas pequeniñas que estaban a comer da verza. ¡Xa sabíamo-lo que comían! ¡Que listas eran as bolboretas! ¡Poñían os ovos enriba da comida! ¡E nós tiñamos moitas verzas no horto!

No libro explicaba como había que limpa-la caixa e darlle a comida sen mancalas.

Cada día colliamos do horto unha folla de verza e, cun pincel, cambiabámo-las eiruguiñas para a comida fresca e poñiamos panos de papel no cacharro. ¡Que fame tiñan!

Cando destapabámo-la caixa polas mañás xa non había verza e os panos estaban cheos de boliñas de caca.

As eirugas medraron e medraron, ata que un día deixaron de comer, quedaron moi quietiñas, coma se durmían. ¡Ademais estaban tesas e enganchadas na caixa por un fio! Os nenos puxéronse tristísimos, pensaron que morreran.

Lendo no libro descubrimos que se converteran en crisálidas e que, pasado un tempo, nacerían as bolboretas. Pero ¿Canto tempo? Tódolos días vixiámo-la caixa. ¡An pasando os días e as crisálidas foron cambiando a súa cor. Organizamos quendas para observarlas e non perde-lo gran acontecemento.

¡Por fin chegou o gran día! Unha mañá descubrimos que unha crisálida se abrira e estaba a saír unha bolboreta fea, engurrada e de cor amarela. ¡Puxémonos contentísimos!. ¡Coidáramos ben os ovos e agora xa emerxera a primeira bolboretinha! Non parabamos de observar e de falar mentres a mirabamos. A bolboreta camiñou ata o bordo da caixa e alí estiraba e abaneaba as súas ás para secalas e poder voar. ¡Agora xa estaba bonita!



Decidimos que había que liberala, así que a collemos a modiño e levámola con coidadiño ata o patio de recreo, onde a soltamos. Ela voou suavemente afastándose pouco a pouco. Así fixemos co resto das bolboretas que naceron, voaron libremente polo ceo de Vilaza despois de ensinarnos tantas cousas.

Mentres durou a investigación, fixemos moitísimas actividades baseadas no que estaba a acontecer no noso recuncho da natureza: debuxamos o que ía sucedendo, anotámo-las variacións, medímo-lo corpo das eirugas, colleccionamos fotos de bolboretas, xogamos a facernos ovos, eirugas, crisálidas, bolboretas emerxendo, bolboretas secando as súas ás e bolboretas voando, miramos no microscopio anacos de verza, caca, anacos das crisálidas baleiras...

Motivada pola situación de aprendizaxe creada na escola, preparei uns materiais baseados nesta experiencia, para seren utilizados nos vindeiros cursos como elementos motivadores e informativos dos próximos alumnos e alumnas.

1. *Video da Bolboreta Doreta*. Nel recóllese o proceso da nosa investigación narrado a modo de conto. Foi montado gracias á colaboración e asesoramento de Francisco Rodríguez Fontarigo e Pura Álvarez, compañeiros e amigos do C.F.R. do Carballiño.
2. *Conto da Bolboreta Doreta*. Trátase dun conto que describe a nosa experiencia.
3. *Transparencias*. Feitas co programa Microsoft PowerPoint e nas que se presentan, moi sinxelamente, as fases da bolboreta da col.

As sensacións persoais e profesionais que experimentei, ó lado dos meus alumnos, cando vin por primeira vez a transformación en crisálida ou o nacemento dunha bolboreta foron moi enriquecedoras e positivas. Considero que foi un bo método para aproximarse á valoración e respecto polo ambiente. Primeiro temos que coñecer para poder querer e protexer. O proxecto non se iniciaría se os nenos non estiveran xa interesados por observar e non descubriran os oviños. Dende pequeniños podemos investigar, os nenos e nenas tamén teñen paciencia, soamente precisan estar motivados.

Esta experiencia pódese aplicar en calquera centro pois non precisa de grandes recursos nin espazos. O elemento obxecto do estudio, a bolboreta da col, está aí, fóra, no noso medio. Non é preciso buscar vermes de seda e follas de moreira para motiva-los alumnos. O proxecto é tan sinxelo que hoxe, os nenos e nenas de Vilaza están a buscar ovos nas verzas para criar bolboretas na súa casa.



Proxecto de diversificación curricular para 2º ciclo de ESO

A Coruña: para vivírmola

Xosé Anxo Seoane Cao
 Profesor do IES Ramón Otero Pedrayo (A Coruña)

A Coruña: para vivírmola é unha experiencia educativa que xorde como unha fórmula específica de atención á diversidade para doce alumnos e alumnas do segundo ciclo de educación secundaria obrigatoria do Instituto de Educación Secundaria *Ramón Otero Pedrayo* da Coruña. Estes alumnos e alumnas, maiores de dezaseis anos, presentaban unhas características derivadas do seu ámbito persoal e do contorno sociolóxico no que se atopaban inseridos (incluída neste a súa situación educativa) que lles impedían acadar un aproveitamento académico satisfactorio dentro dos proxectos curriculares e do réxime educativo xeral.

Este programa do ámbito sociolingüístico (ciencias sociais, lingua galega e lingua castelá) está orientado á consecución dos obxectivos xerais do segundo ciclo da ESO e, polo tanto, á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria. Para a súa elaboración partimos do marco legal de referencia que establece a finalidade, o tipo de alumnos ós que van dirixidos os PDF, o procedemento que deberemos seguir para a súa selección, o nivel educativo no que se debe aplicar, a súa duración e outros aspectos de carácter administrativo e organizativos xerais.

O ámbito sociolingüístico abrangue as materias de ciencias sociais, lingua castelá e lingua galega. Estamos ante un conxunto de coñecementos de carácter social e lingüístico que deberemos abordar globalmente, integrándoos nun todo e non como materias de estudio illadas. O coñecemento social presenta dentro do ámbito académico aspectos moi singulares, especialmente na educación secundaria obrigatoria. Os coñecementos sociais non deben dirixirse á fixación de verdades académicas incuestionables; debemos ter en conta as novas tecnoloxías da información e os medios de comunicación de masas, xa que son cada vez máis determinantes na configuración dos feitos e acontecementos sociais. Ademais, debemos potencia-lo desenvolvemento dunha serie de procedementos básicos no ámbito social que nos permitan acadar unha maior autonomía intelectual e a capacidade de desfrute da cultura social e do patrimonio histórico-artístico da humanidade.

Por outra banda, ó ser este un programa desenvolvido en Galicia e para alumnos da Coruña, cómpre que integremos didacticamente as aprendizaxes referidas ás dúas linguas oficiais. O programa está deseñado para levalo a cabo en lingua

galega, sen embargo en varias fases do proxecto os alumnos e alumnas usarán tamén a lingua castelá.

O obxecto da aprendizaxe é o mesmo en ámbalas dúas linguas: o que se pretende é que os alumnos e alumnas consigan un saber reflexivo sobre as prácticas comunicativas necesarias para o seu desenvolvemento persoal e social. Con todo, a situación social na que se atopan as dúas linguas no noso contorno lévanos a ter en conta aspectos como a existencia de prexuízos lingüísticos e a presenza de actitudes desfavorables para a utilización dunha ou doutra lingua, segundo os casos. A análise sociolingüística levada a cabo na clase aconsella que desenvolvámo-lo proxecto en lingua galega para así compensar a situación desfavorable na que se atopa a lingua propia de Galicia na aula. Debemos pensar que o obxectivo marcado pola LOXSE é que os alumnos e alumnas acaden a mesma competencia lingüística nas dúas linguas oficiais. Isto non impide que o noso traballo se desenvolva tamén en castelán, sobre todo na fase de documentación e indagación, xa que parte do material bibliográfico e multimedia está editado na outra lingua oficial de Galicia.

Estas circunstancias obríganos a ter un coidado especial cos aspectos actitudinais, xa que deben posibilitar unha comprensión crítica dos comportamentos lingüísticos. Tanto a formulación de actividades como a utilización de recursos textuais variados estarán orientados a evitar a identificación tópica do galego ou do castelán con certas formas, temas ou situacións comunicativas. A lingua é un código que se actualiza nas interaccións sociais, polo que ten un carácter necesariamente variado e diverso, e só adquire significatividade no contexto concreto do seu uso. Esta concepción sociocomunicativa da linguaxe supón que debemos poñer ámbalas dúas linguas en relación co código lingüístico do contorno comunicativo, coa intencionalidade do falante e cos factores socioculturais. Este programa, entre outros aspectos, desenvolverase en contextos comunicativos diversos, en espazos e situacións de uso lingüístico diferenciados nos que se xerarán interaccións tamén variadas nas cales as dúas linguas terán cabida, aínda que sexa a galega a utilizada para o produto final que será a montaxe da exposición *A Torre e o Xardín de Hércules*.

Esta experiencia parte, polo tanto, dunha **selección cultural realizada con criterios de relevancia pedagóxica** e esa relevancia vén dada, non pola cantidade de información acumulada, senón polo desenvolvemento da capacidade de anali-



O estudio da cidade da Coruña é o centro de interese en torno ó cal se globaliza o programa

zar e comprender globalmente a realidade. A globalización e a integración dos coñecementos no estudio e análise de situacións sociais relevantes e próximas para os alumnos permitiralles acadar coñecementos sociais e lingüísticos máis funcionais. Este enfoque non pretende a memorización dos contidos, nin tampouco a súa reprodución. Pretende crear situacións e experiencias de aprendizaxe nas que, a través da análise da información, a discusión, a indagación e o punto de vista compartido, os alumnos e alumnas sexan quen de construí-los seus propios coñecementos. Isto ademais contribuirá a crear as condicións necesarias para que sigan interesándose pola cultura social e sigan aprendendo no futuro.

Tendo en conta as fontes epistemolóxica, sociolóxica, psicopedagóxica e o marco legal existente; tendo claro que se pretende, por qué e para qué, queda estable-lo cómo.

O estudio da nosa cidade pode proporcionar-nos os centros de interese necesarios para que os alumnos e alumnas ós que vai dirixido o programa se enganchen realmente nun traballo sistemático e continuado para o cal requirirán coñecer e empregar as destrezas e procedementos básicos da aprendizaxe. A nosa cidade ofrece múltiples aspectos e referentes históricos, sociais e culturais capaces de cubrir os obxectivos xerais do ensino secundario obrigatorio e os específicos do ámbito sociolingüístico dun programa de diversificación curricular.

A Coruña pode resultar, paradoxalmente, unha cidade descoñecida para os seus propios habitantes. O título do programa pretende precisamente recupera-lo coñecemento da cidade, da nosa cidade, a súa historia, os personaxes que estiveron e están vinculados a ela e tódolos elementos claves dunha sociedade moderna e evolucionada. En todo caso, a cidade debe ser sempre para vivírmola. Descubrir, coñecer como foi evolucionando e saber todo o que nos pode ofrecer, dende tódolos puntos de vista, é algo que ós alumnos e alumnas lles resulta atractivo e inmediato.

A Torre de Hércules é o símbolo da nosa cidade e como tal aparece mencionada sempre: *A cidade herculina*. O noso punto de partida é o estudio sobre o monumento máis emblemático da nosa cidade, o único faro romano que aínda segue en funcionamento.

Afondando no seu estudio e en todo o contorno no que está situada poderemos introducirmonos no estudio de toda a prehistoria e no proceso de romanización. Poderemos entender como se formou a cidade que hoxe xorde ó seu redor e poderemos senta-las bases de coñecementos futuros doutras épocas históricas.

Para o seu estudio deberemos consultar múltiples fontes. Deberemos fotografar, medir, facer anotacións, utiliza-lo ordenador...

O proxecto xorde, polo tanto, na súa primeira fase, centrado no estudio da Torre de Hércules e do que se denomina o Xardín de Hércules e que abrangue todo o contorno natural no que a Torre está situada e que contén uns vinte grupos escultóricos ó ar libre que nos permiten un breve percorrido pola nosa historia e converten esta paraxe nun dos lugares máis orixinais do territorio galego. A pesar diso, segue a ser un lugar descoñecido incluso para unha gran maioría dos cidadáns coruñeses.

Para acadar os obxectivos propostos leváronse a cabo unha chea de **actividades**, quizais as máis salientables foron:

1. Busca de información

Consulta bibliográfica sobre a Torre de Hércules e o seu contorno na biblioteca do instituto. Previamente debemos coñecer-la organización xeral da biblioteca, cómo consultar fontes bibliográficas, selección e organización de información... Consulta a través da internet de información escrita e fotográfica da Torre de Hércules e do seu contorno. Previamente debemos informar de como entrar na internet, páxinas que podemos visitar e métodos de busca de imaxes e de información. Ampliación bibliográfica na Biblioteca Municipal de Estudos Coruñeses en Durán Loriga. Funcionamento, como buscar, normas de comportamento, etc. Busca de información na hemeroteca. ¿Que é? ¿Que partido lle podemos sacar?

2. Selección previa de información relevante

Selección e organización da información recollida na fase anterior. O noso traballo non é tanto de investigación polo miúdo como de divulgación. Valoramos sobremaneira a capacidade de síntese, análise e interpretación do relevante fronte á mera anécdota. É moi importante que se dean ideas básicas sobre como organizármolos datos a través de fichas, notas, apuntamentos e técnicas de subliñado, esquemas, etc.

3. Preparación da primeira visita á Torre de Hércules e ó seu contorno

- Materiais precisos
- Puntos de interese
- Horarios
- Transporte urbano
- Rueiro
- Fotografías
- Información básica para contrastar e ampliar

Trátase dunha primeira toma de contacto coa Torre de Hércules e o seu contorno para así coñecer-los seus puntos de interese e poder ter unha idea xeral do que pretendemos acadar. É unha visita colectiva e guiada parcialmente polo profesor.

4. Contrastación da información obtida na primeira actividade e o observado na primeira visita

Datos obtidos na fase de documentación e os datos anotados na primeira visita. ¿Que é relevante? ¿Como podemos enfocalo noso traballo? ¿Como podo melloralo meu caderno de campo?

5. Segunda visita á Torre e ó Xardín de Hércules

Elaboración do caderno de campo definitivo. Visita ós puntos de interese precisos. É unha visita máis individual, cada un móvese polo contorno con máis liberdade dependendo dos aspectos que teña que comprobar, datos que completar, etc.

6. Visita ó Museo Arqueolóxico do Castelo de San Antón

Visita ó museo que acolle os principais achados arqueolóxicos da prehistoria e romanización da nosa cidade, con especial fincapé na cultura castrexa e na necrópole romana achada no contorno da Torre. Trátase dunha visita para comprobar e contrastármola información obtida nas diversas fontes documentais consultadas e dos datos obtidos nas dúas visitas á Torre e ó seu contorno.

7. Elaboración individual e definitiva do traballo individual previo ó traballo colectivo: "A Torre e o Xardín de Hércules"

Cada alumno individualmente elabora o seu propio traballo sobre a Torre de Hércules e o seu contorno. Emprega as súas propias fontes documentais. O traballo ten que elaboralo utilizando o procesador de textos Word. Previamente, nas fases anteriores, déronse as instrucións precisas. O profesor está sempre ó seu dispor para resolver calquera dúbida derivada deste ou de calquera outro aspecto.

8. Exposición colectiva A TORRE E O XARDÍN DE HÉRCULES

O grupo, baixo a coordinación do profesor, baseándose nos traballos individuais e no material gráfico obtido nas actividades anteriores, elabora a exposición.

A exposición quedou formalmente constituída por 85 cadros de distinto tamaño e formato que proporcionan información básica sobre a Torre de Hércules e os grupos escultóricos que conforman o coñecido Parque da Torre, ou Parque Celta e que na exposición recibe o nome de *Xardín de Hércules*, nome bautizado por don Enrique Toba.

Reprodúcense fotografías antigas e recentes e tamén textos de ampliación histórica sobre o megalitismo, a cultura castrexa e algúns persoeiros vinculados estreitamente á Torre como Xosé Cornide, Picasso, Luís Seoane...

9. Elaboración da sección "A Coruña: para vivírmola", na revista virtual A Lagarada do IES Ramón Otero Pedrayo

Cada alumno e alumna encárganse de elabora-las páxinas correspondentes ó estudio sobre a torre e o seu contorno. Libremente elixen o aspecto que van elaborar. Parten do seu traballo individual e tamén do colectivo, pero agora teñen que traballar noutro formato e con outros condicionantes técnicos.



A biblioteca, xunto coa cidade, converteuse nun dos lugares de traballo máis importantes



Diante dun dos monumentos dos Xardíns de Méndez Núñez

Primeiro teñen que saber cargar arquivos no sistema IPM-Tools, utiliza-la biblioteca de medios do sistema e manexa-lo programa Front Page. Despois levar á práctica o traballo.

Os resultados obtidos poden observarse no seguinte enderezo:

www.cce.peda.net/magazines/galego e seleccionar *A Lagarada*.

10. Presentación do traballo en PowerPoint

O profesor introdúceos no programa PowerPoint e vaílles explicando paso a paso a confección dun programa audiovisual de presentación para a exposición.

O produto final foi elaborado polo propio profesor e constitúese como material didáctico de presentación para a dita experiencia educativa.

1. Visita guiada da Torre e o Xardín de Hércules

Colectivamente deben preparar unha visita guiada á Torre e ós grupos escultóricos que forman o Xardín de Hércules. A dita visita realízase no mes de maio, coincidindo coa visita dos profesores dos centros educativos de Alemaña, Noruega, Lituania e Italia cos que o noso instituto está a participar dentro dun proxecto europeo. Como queira que o inglés é a lingua de uso nestas xornadas, traducirán as súas fichas da visita para o inglés para así realizala na dita lingua. Esta actividade desenvólvese na área de inglés, actuando como responsable o profesor que imparte a dita materia.

A exposición colgouse nos corredores do instituto, no Forum Metropolitano da Coruña, no Pazo de Congresos de Santiago de Compostela e na UNED da Coruña. Ademais destas actividades, aproveitámo-las diferentes exposicións relacionadas co noso traballo que na cidade se desenvolveron.

Para a elaboración do proxecto baseámonos en varios **principios metodolóxicos** de carácter xeral como son:

- Debemos partir do nivel de desenvolvemento dos alumnos e alumnas.
- Debemos asegurarnos de que as aprendizaxes sexan significativas.
- Que sexan os propios alumnos os que constrúan esas aprendizaxes significativas.
- É o alumno quen debe incrementa-la súa actividade manipulativa elemental.
- O proceso de ensino-aprendizaxe debe conectar coas necesidades, intereses, capacidades e experiencias da vida cotiá dos alumnos e alumnas. A información que recibe debe ser comprensible, lóxica e útil.
- A actitude do profesor ou profesora debe facilita-la construción destas aprendizaxes significativas. Debe, ó mesmo tempo, favorecer-los procesos de socialización entre eles.
- Os contidos han de agruparse ó redor dun centro de interese e abordárense cun marcado carácter interdisciplinar.
- Flexibilidade de espazos e horarios. A diversidade de espazos nos que debemos actuar, tanto dentro como fóra do instituto, obríganos a unha organización horaria flexible dentro da propia rixidez dos horarios escolares. Contamos con dúas horas seguidas tódolos días, permitiéndonos mesmamente utilizar tempo de recreo (moi útil cando saímos do centro). Ademais témo-la posibilidade de empregar outras horas dedicadas a outras materias, previa organización e cambio pactado co profesor ou profesora correspondente.

En canto ós espazos, dentro do centro dispomos da biblioteca e sala de ordenadores tres días á semana en horario esco-

lar e, de ser preciso, sempre que o solicitemos, fóra do horario escolar. Ó desenvolver un proxecto no que as súas diferentes fases de realización de actividades son tanto individuais como grupais, xa sexa no seu deseño, preparación do material, elaboración e presentación, debemos fomentar-la participación dos alumnos e alumnas cunha actitude receptiva, colaboradora e tolerante. É moi importante que comprendan que nos traballos de investigación en grupo o que se necesita é a colaboración de todos. A actitude do profesor debe ir nesta liña.

Debemos entender que neste tipo de actividades se poñen de manifesto as diferencias de capacidade, de opinión e de potencialidade de cada alumno. Neste sentido cómpre que tanto o profesor como cada alumno teñan presentes as preferencias e calidades de cada persoa.

As actividades en grupo están reguladas por unha serie de normas que previamente se discuten e falan entre o grupo e o profesor. Os alumnos comprométese ó seu cumprimento xa que un atraso individual na consulta dun libro ou documento, por exemplo, inflúe negativamente na actividade do grupo.

As visitas a lugares culturais de uso público, como bibliotecas, museos, monumentos, etc., son imprescindibles no proxecto polo cal debe facerse moito fincapé no coñecemento e respecto das normas de uso. Estaremos deste xeito incidindo en fomentar-lo interese por coñecer e conserva-lo patrimonio artístico e cultural da nosa cidade e doutras culturas.

As discusións que xorden no desenvolvemento das actividades do proxecto poñerán de manifesto a diversidade de puntos de vista sobre os feitos da vida cotiá que estamos a observar, creando numerosas situacións conflictivas. Isto deberá ser aproveitado para recoñece-lo diálogo como medio para resolvermos discrepancias, tanto a nivel individual como a nivel social.

O feito de vivirmos directamente a nosa cidade axudaranos a observar por veces a triste realidade de degradación ambiental dos contornos naturais visitados. Máis dunha escultura estaba danada por aerosoles de pintura. Máis dun contorno natural foi vítima da mala conciencia cidadá ó tiraren papeis, cabichas de cigarros ou latas de refrescos. Esta realidade debe aproveitarse para sensibiliza-los alumnos na adquisición de condutas de respecto pola natureza en xeral, e en particular polo coitado do seu contorno máis inmediato.

Para a realización do proxecto é necesario desprazarse pola cidade e o medio máis cómodo e económico é o transporte urbano. Esta circunstancia permítenos tomar conciencia da necesaria e, moitas veces, esquecida educación vial.



Os alumnos e alumnas diante da escultura "Breogán", de Xosé Cid, nunha das visitas á Torre

¿Ata que punto os alumnos e alumnas acadan as metas educativas establecidas no proxecto?

Esa é a preocupación fundamental. Entendémola avaliación da aprendizaxe como un proceso mediante o cal recoñecemos información acerca da aprendizaxe dos alumnos, o cal lle proporciona a este a posibilidade de o mellorar e a nós como profesores, realizar valoracións productivas para mellora-lo proceso. Non confundamos avaliar con medir, ou cualificar. Avaliamos para saber cales foron os obxectivos acadados e en que medida se deu o logro. Para analizármolas causas que puideron ocasiona-las deficiencias nas metas propostas e tomar decisións. Para evitarmos incorrer nos mesmos erros. Para reforzarmos oportunamente as materias de estudo nas que a aprendizaxe foi insuficiente. Para xulgármola viabilidade do programa á luz das circunstancias e condicións reais de operación. Ós alumnos tamén lles serve para reafirmaren acertos e corrixi- ren erros. Para dirixiren a súa atención ós aspectos centrais da materia de estudo. Para seren conscientes do seu grao de avance e mellora. Para reforzaren as materias de estudio nas que a aprendizaxe fora insuficiente. Polo dito, concíbese a avaliación coma un proceso a través do cal o profesor e o alumno apreciamos en que grao logrou este último as aprendizaxes perseguidas. Proporcionanos ademais unha visión clara dos erros para os corrixi- r, das dificultades para as superar e dos acertos para os mellorar.

A avaliación baséase no traballo cotiá e no resultado final obtido no desenvolvemento de cada unha das actividades propostas. Non só avalía o profesor, senón o alumno individual e grupalmente. A realización do proxecto pon de manifesto as moitas lagoas na adquisición das destrezas básicas da aprendizaxe que os alumnos presentan.

A pesar dos resultados satisfactorios que se obtiveron, tamén se puxo de manifesto a necesidade de complementar este proxecto con outro tipo de actividades máis individualizadas que están enfocadas a sistematizar aspectos básicos da lectura, comprensión e expresión. Así temos modelos de fichas máis individualizadas enfocadas a mellora-los aspectos básicos antes mencionados, aínda que seguindo as consideracións metodolóxicas que nutren a nosa experiencia.

Así, para potencia-la expresión escrita (en ámbalas dúas linguas oficiais de Galicia), estamos desenvolvendo un *Obradoiro de Poetas* que está dando como resultado que tódolos alumnos que seguen o proxecto (os 12 de diversificación curricular) estean colaborando nestes momentos na sección literaria da revista *A Lagarada*, que un deles fora seleccionado para participar nun encontro poético-musical solidario cos damnificados polo petroleiro *Prestige*, que cinco deles foran seleccionados para participar no certame institucional *Entre Nós, En Galego*, dos cales un foi gañador absoluto na sección de creación poética e outro na sección de recitado de poemas. Este último acadou o primeiro premio autonómico de recitado de poemas cun poema propio titulado "Conversas coa Torre", poema que xurdiu no desenvolvemento deste proxecto e que forma parte da exposición. Practicamente todos son colaboradores da revista do centro *Meigh@llo.com*.

Paralelamente estamos desenvolvendo a práctica sistemática de lectura e comentario do periódico. A súa capacidade, xa non só de lectura, senón de comprensión e interpretación —á vez que se constitúen en cidadáns informados que contrastan as noticias— progresa día a día. Ademais todos integran un consello de redacción que formamos para participar na II edición de

El País de los estudiantes e que consiste na elaboración dun xornal a través da internet.


Todo este traballo permitiu que o seu interese por acudir ó instituto mellorara moito e próbaos o feito de que todos eles son alumnos e alumnas que participan activamente nas diferentes actividades e proxectos do centro, como por exemplo, a súa participación no proxecto de educación ambiental *Trasalba*, de notoria repercusión no barrio e que participa no proxecto *Voz Natura* de *La Voz de Galicia*.

Rematado este primeiro proxecto iniciamos xa os seguintes. A través do **estudio dos grupos escultóricos dos xardíns** podemos achegarnos ó perfil de persoeiros moi significativos da nosa historia e cultura como Curros, Pondal, Murguía, Castelaio, Pardo Bazán, Concepción Arenal, Suárez Ferrín, Fernández Flórez... Achegándonos a eles, ó que significaron no seu tempo e ás características da época deste xeito espontáneo, todo iso cobrará especial relevancia. O método de traballo foi similar ó que seguimos coa Torre.

No **estudio do rueiro** estamos nunha fase inicial. O traballo está distribuído e finalizada a fase de documentación acerca dos autores das letras galegas. A última visita do curso 2002/03 fixémosla ó **cemiterio de San Amaro**, camposanto no que repousan Murguía, Curros, Pondal, Seoane e un longo etcétera. A primeira actividade do novo curso será precisamente a publicación do caderno *O camposanto de Santo Amaro*. Temos tamén previsto continuar cun estudio sobre **as fontes e os espazos verdes**. Posteriormente entraremos no deseño de **circuítos e itinerarios de interese cultural** e na preparación da exposición *Arte en Galicia*.

Tódolos alumnos e alumnas que participan neste proxecto (continúa no 2003/04) pasaron de ser un grupo *especial* con tódalas connotacións negativas a convertérense nun grupo de referencia positiva para o instituto. Estou plenamente convencido que acadamos con eles o obxectivo fundamental da educación que non é outro que o de **formar cidadáns informados que sexan quen de interpreta-la realidade social de xeito reflexivo e crítico, e que saiban comunicarse e relacionarse cos demais empregando correctamente os códigos da cultura social**.

Partindo das características particulares dos nosos alumnos e alumnas, atendendo á súa diversidade, centrándonos nas actitudes e nos procedementos, integrando o coñecemento e, sobre todo, adoptando unha actitude tolerante, respectuosa, paciente e afectiva, lograremos mellora-lo proceso de ensino-aprendizaxe, conseguiremo-la implicación dos alumnos e alumnas, a recuperación da súa estima académica, reduciremos enormemente a violencia e os conflitos nas aulas e todos e todas melloraremos como persoas.



En 1999, nas I Jornadas sobre transversalidade, reflexionábase sobre a continuidade e o tratamento globalizado e con coherencia interna dos diversos temas transversais, o que xustificou o seu tratamento conxunto no marco daquelas xornadas.

Hai xa dous anos, nas II Jornadas, apuntábanse os valores como denominador común dos temas transversais, e mostrábenselles ás persoas participantes un inxente número de recursos didácticos, creados e utilizados na abordaxe curricular e didáctica dos diversos temas transversais para tódalas idades, ofertados por múltiples institucións e asociacións.

Nestas III Jornadas, a proposta que se formula é centra-las reflexións sobre a necesidade xa apuntada, a de aborda-los temas transversais desde os valores que estes mobilizan e poñen en xogo: uns valores sociais e individuais que deben ser diseccionados e tratados na escola.

Pretendemos avanzar nas respostas máis adecuadas a preguntas que hoxe están enriba da mesa de claustros e direccións dos centros educativos de Galicia: ¿como xestiona-lo tratamento pedagóxico destes valores, expresados nos dereitos e deberes humanos universais pero tamén no réxime do centro?, ¿contéplase a explicitación dos valores manexados no centro, como parte incorporada á calidade do ensino que se está obrigado a impartir?

Ademais, seguiremos matinando sobre como operativizar e xeralizar aínda máis a integración curricular do conxunto dos chamados temas transversais, a través da exposición das mellores experiencias levadas a cabo nos centros educativos galegos, seleccionadas entre as presentadas ás xornadas pola comisión científica.

Estableceremos un espazo e un tempo de reflexión sobre a precisa reconceptualización da escola, en función dunha sociedade en cambio acelerado, do papel da sustentabilidade en tódalas súas facetas dentro da escola, da relación entre as estruturas escolares e comunitarias na promoción e protección da saúde individual e colectiva da comunidade educativa... Buscar respostas para responder ós novos retos é unha necesidade.

En torno a estes asuntos versarán as relevantes conferencias, mesas de debate, e obradoiros programados para contribuír na tarefa de atopar respostas educativas que conduzan a un desenvolvemento global equitativo e sustentable. Trátase de estratexias vitais na prevención do empobrecemento, do conflito e a discriminación sen resolver, dos problemas migratorios, da degradación dos ecosistemas, da saúde colectiva e os sistemas socioculturais e sanitarios que a soportan, e tantos outros aspectos consecuencia ou estreitamente ligados á presente sociedade globalizada.

En todo isto, o sistema educativo ten moito que dicir, e moito que contribuír, co seu peculiar traballo de fondo e o seu liderado social insubstituíbles, como o veu facendo desde o principio dos tempos.

Programa

Venres 9 de maio

- 16.00 h. Recepción das persoas participantes, información e entrega de documentación
- 16.30 h. Acto oficial de inauguración.
Sala Obradoiro
ILMA. SRA. DNA. M^a PILAR DEL MAR PÉREZ MARSÓ
Directora Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais
ILMO. SR. D. MANUEL BARRAL CASTRO
Director Xeral de Saúde Pública
ILMO. SR. D. FRANCISCO MASEDA EIMIL
Director Xeral do Centro de Desenvolvemento Sostible
ILMO. SR. D. VÍCTOR TELLO CALVO
Presidente do Instituto Galego de Consumo
ILMO. SR. D. GONZALO OCAMPO SUÁREZ-VALDÉS
Jefe Provincial de Tráfico da Coruña
- 17.00 h. Conferencia-coloquio inaugural «Aprender a convivir»
LUIS OTANO GARDE
Director do Instituto de Desenvolvemento Curricular e Formación do Profesorado do País Vasco
- 18.30 h. Mesas de Traballo (simultáneas). Grupos de reflexión e debate sobre aprender a convivir
Coordinador xeral:
LUIS OTANO GARDE
- 20.30 h. Saída

Sábado 10 de maio

- 09.30 h. Obradoiros (simultáneos)
- 11.00 h. Descanso. Café
- 12-14 h. Mesas de Traballo (simultáneas)
- 14.30 h. Xantar organizado
- 16.30 h. Obradoiros (simultáneos)
- 18.30 h. Descanso. Café
- 19.00 h. Conferencia-coloquio «Educamos para a convivencia, agora máis que nunca»
CARMEN GÓMEZ GRANELL
Institut d'Infancia i Món Urbá de Barcelona
- 20.30 h. Saída

Domingo 11 de maio

- 09.30 h. Obradoiros (simultáneos)
- 11.00 h. Comunicacions (simultáneas)
- 12.00 h. Lectura de conclusións das mesas de traballo
- 12.30 h. Acto de clausura
ILMO. SR. D. JOSÉ GRAÑA CARRODEGUAS
Subdirector Xeral de Ordenación Educativa
- 13.00 h. Monicreques de Kukas «Contos do vento acatarrado»
- 14.00 h. Petisco de despedida
- Exposición de materiais e recursos na Internet

Avaliación cuantitativa. Satisfacción das persoas participantes



Os datos xerais de participación xerados polo chamamento da comisión organizadora, seguen a expresa-lo fenómeno do alto nivel de non asistencia do profesorado inscrito.

Con todo, os fríos números recollen unha intensa e gratificante experiencia de participación, debate e información ó redor dos temas transversais, e tamén experiencia social de relacións, e risas e choros entre profesionais.

Por simplificar a exposición e non cansar cos números, como se ven facendo no seguimento histórico que se recolle nas táboas e gráficos que seguen, agrupáronse categorías de resposta para amosar un intenso claroscuro da opinión expresada polas persoas participantes nas xornadas, máis que os matices da análise da información recollida no marco das III Xornadas.

Segue medrando a participación de profesorado de infantil e esmorece a dos de primaria. Os de secundaria manteñen cota similar.


A participación doutros profesionais, que se ve incrementada, recolle as inqueanzas e comunicacións de ámbitos alleos á escola pero coa que cooperan desde outras institucións locais ou autonómicas.

Mellora a opinión dos participantes sobre o interese dos contidos desenvolvidos, non sendo así o caso da opinión expresada sobre o grao de aproveitamento dos materiais entregados. Mellora, tamén a opinión sobre o grao de adecuación das actividades desenvolvidas ó nivel que cadaquén ensina.

A opinión sobre o grao de aproveitamento dos obradoiros nos que cadaquén participou, mellora na redución da falta de avaliación con respecto a xornadas anteriores, e mantense unha avaliación global con proporcións netamente positivas.

No epígrafe de opinión sobre coñecementos ou destrezas sobre temas transversais previo ás xornadas, amosa tendencias ben optimistas.

Figura 1
PARTICIPACIÓN





PARTICIPACIÓN NAS III XORNADAS

MATRICULADOS	210
ASISTENCIA	142
ENQUISAS VALORADAS	99
% ASISTENCIA	67,6
% OPINIÓNS RECOLLIDAS	69,7

Figura 2
INTERESE DOS CONTIDOS
DESENVOLVIDOS




Figura 3
GRAO DE APROVEITAMENTO
DO MATERIAL ENTREGADO



Figura 4
VALORACIÓN GLOBAL
DO TEU OBRADOIRO




Figura 5
GRAO DE ADECUACIÓN
Ó NIVEL QUE ENSENAS





Figura 6
VALORACIÓN DOS COÑECEMENTOS
SOBRE TRANSVERSALIDADE



¿Que necesitamos ter en conta para mellora-la convivencia nos nosos centros escolares? Conclusións das Xornadas

A proposta para as 10 mesas de traballo destas III Xornadas sobre Transversalidade, xiraba arredor do tema "aprender a convivir". Para facilita-la abordaxe desta temática, estruturáronse 5 eixes, abordados cada un deles por dúas mesas simultaneamente:

- a perspectiva do profesorado.
- a perspectiva do alumnado.
- a perspectiva de centro.
- a perspectiva de aula.
- a perspectiva do contexto familiar e social.

O proceso de traballo foi moi rico en achegas, e baseado na participación activa, ¡moi activa!, de tódalas persoas asistentes. Centrouse en buscar necesidades concretas, habituais, relevantes e asequibles en cada un dos cinco puntos.

Despois, categorizándose estas necesidades. Posteriormente, búscanse situacións problemáticas nas que se poñan de manifesto estas necesidades detectadas, das que buscan as súas causas principais e posibles "solucións".

Das achegas finais das 10 mesas de traballo podemos extraer unha serie de accións, ou propostas de actuación, que

ben poderían marcar camiños para traballar nos nosos centros escolares, arredor da convivencia como base da formación da cidadanía.

Entre todas elas, podemos mencionar algunhas que non son nin únicas nin excluíntes; son simplemente aquelas nas que houbo unha maior coincidencia:

- A necesidade de contemplar esta temática, tanto na formación inicial como a continuada do profesorado, incluíndo aspectos específicos.
- Formación de equipos de traballo con apoio externo, que permitan a colaboración, cooperación e interacción en proxectos comúns.
- Incluí-la multiculturalidade, como contido interdisciplinar.
- Establecer normas asumibles, pactadas e razoables que sexan aceptadas e compartidas pola comunidade educativa.
- Crear un clima de diálogo que permita, por parte do alumnado e do profesorado, o coñecemento das expectativas mutuas referidas á educación, buscando unha escoita

activa por parte de tódalas persoas implicadas.

- Potencia-la acción tutorial e unha organización democrática e coherente do centro.
- Aproveita-la diferenza como enriquecemento en tódalas actividades.
- Revisa-la coherencia entre currículo oculto e currículo explícito.
- Posibilitar cambios na organización de tempo e espazos, que permitan dar resposta ás expectativas e ós problemas educativos.
- Traballar, desde distintos ámbitos, a intelixencia emocional e as habilidades sociais.
- Traballa-la autoestima tanto do profesorado como de alumnado.
- Establecer plans de acollida ás novas incorporacións á comunidade educativa (de alumnado, profesorado e familias).
- Senti-la convivencia como superación dos regulamentos.
- Buscar que a sociedade valore a escola como institución, e o profesorado como profesionais.

O Libro-CD das comunicacións das III Xornadas

CONFERENCIAS

Conferencia inagural: Aprender a Convivir.
Luis Otano Garde
Educamos para a convivencia, agora máis que nunca. Carmen Gómez Granell

OBRADOIROS

Axenda 21 escolar: Educar para a sustentabilidade. Ángel Cantera Sevilla

Vivi-la Democracia na escola.
Angels Martínez Bonafé e Coral Montaner Llorente

Aprendendo a vivir nunha sociedade multicultural. Juan Gómez Lara

Nenas e nenos ¿Iguais ou diferentes?
Graciela Hernández Morales

Educación e promoción da saúde en contextos saudables. Esteve-Ignasi Gay Costa

O tempo libre ¿é libre? Claves do ocio para a infancia do s. XXI. Gotzón González Azumendi

Saúde e benestar. Tarefas colectivas.
M. Pau González Gómez de Olmedo

Aspectos psicosociais do consumo.
M^a Pilar Guerrero Serrano e Alejandro Salcedo Aznal

Cara a unha nova materia: circulación e automoción. Eugenio Ocio Simó

Educando en valores desde a transversalidade. M^a del Pilar Zeledón Ruiz

COMUNICACIÓNS

A Coruña: para vivírmola. Seoane Cao X. A.

Aprender a Convivir. Experiencia con alumnado de 3º de E.S.O
Ferro Pozo J. C.; Vallejo Pérez M. C.

La presentación de la orientación espacio-temporal y la circulación vial en la educación especial. Experiencia con alumnado de Ed. Especial con multideficiencias. García Puga A.

O camiño francés a Compostela. Unidade didáctica interdisciplinar de carácter ambiental elaborada a modo de Webquest
Pilar Fernández Illán; López Doamo, J. J.; González Ramos, X. Dafonte Díez, C.; González Fernández, C.; Guerreiro Bermúdez, L.; Cerecedo González, F.

A transversalidade na Educación Física.
Díez Rechou, R. M.; Silvero Arévalos J. M.

Investigación sobre xogo e xoguete na familia: identificación e análise de valores.
Xesús Ferreiro Núñez

E ti, ¿Que pensas? Obradoiro pertencente ó Programa de Prevención de Drogodependencias no ámbito escolar.
Bravo Pombo M. A.

Stop barreiras. Experiencia interdisciplinar arredor do respecto á diferenza, á tolerancia e á solidariedade como valores universais.
García García M. A.; Beloso Rodríguez M. L.; García González A.

Ecología e escola. Proposta para reconstruír ambientalmente os centros educativos conxugando as catro dimensións da «educación para a sustentabilidade».
López Díaz M. M.

Programa Enrédate. Programa na Internet que tenta leva-la misión do UNICEF ó ámbito escolar baseándose no enfoque teórico que propón a educación para o desenvolvemento
Alonso Álvarez, B.; Melero Berlanga, C. e García Iglesias, C.

A convivencia de educación infantil e o tratamento dos contidos transversais nas tutorías participantes. Rodríguez Calvente, C. L.

EXPOSICIÓN DE MATERIAIS ELABORADOS EN CENTROS EDUCATIVOS DE GALICIA



Avaliación cualitativa

Co fin de poder mellorar en próximas edicións a oferta formativa ó redor dos temas transversais, tódalas actividades das "III Xornadas de Transversalidade" foron valoradas a través de distintas técnicas e instrumentos. Así, actuaron como axentes avaliadores: tódolos relatores e relatoras dos obradoiros, as persoas coordinadoras de obradoiros e mesas, tres persoas da organización con diversas responsabilidades, unha persoa asistente a elas elixida ó chou segundo o número de inscricións, a responsable dos obradoiros e o responsable de medios técnicos. As súas opinións recolléronse de varias maneiras, nuns casos, de forma non sistemática seguindo tan só criterios da persoa avaliadora; noutros empregando un guión de observación que serviu de orientación. Outras veces, recolléronse as opinións expresadas nas enquisas de avaliación. Posteriormente, tódalas ideas recollidas contrastáronse coas do equipo organizador e as das persoas relatoras. Froito deste contraste son as opinións que se presentan a continuación:

Obradoiros

En xeral, opínase que a calidade das persoas relatoras foi excelente, adecuándose os obxectivos e actividades realizadas ó previsto inicialmente. A metodoloxía empregada parece ser que foi a correcta aínda que en ningún caso se cita como novidosa.

A participación das persoas asistentes foi moi alta, o clima creado e o intercambio de opinións permitiu chegar a conceptualizacións interesantes en diversos temas. Asemade, as persoas participantes amosaron a intención de levar á práctica o aprendido*.

Menciónase tamén como moi positivo a puntualidade e a atención prestada nestes foros de reflexión e debate.

Por outra banda, as persoas participantes amosaron a súa sorpresa polo escaso número de participantes nas xornadas, en relación a edicións anteriores. Así mesmo, destaca nalgún obradoiro a diversidade de procedencia profesional das persoas asistentes (garderías, traballador@s sociais...). Isto supuxo unha falta de coincidencia tanto na formación como nas expectativas coas que acudiron a esta acción.

En canto ás dificultades para o desenvolvemento da actividade menciónanse:

- Unha acústica non moi satisfactoria, o que dificultou nalgúns casos a comunicación.
- A solicitude de máis recursos dos que se usaron.
- Lugares excesivamente pequenos
- Tempo escaso para o desenvolvemento dos contidos nos obradoiros
- Dificultade na localización de obradoiros e salas.

Concluindo:

Os obradoiros lograron satisfacer ás persoas asistentes e posibilitaron un aumento de competencia profesional.



Conferencias

No que se refire á primeira conferencia

As opinións recollidas amósana como adecuada e consideran o seu contido como facilitador do posterior traballo nas mesas. Anótase como negativo a imposibilidade de establecer un debate por falta de tempo.

En canto á segunda conferencia

Indícase que o interese despertado foi moito menor có da primeira conferencia. A carencia de emprego de recursos tecnolóxicos así como o clima creado debido á toma dunha postura política clara, provocou sobre parte do auditorio certo rexeitamento. Isto impediu* analiza-lo seu contido con obxectividade. Non obstante, e con independencia do acontecido, sentiuse a temática desenvolvida como moi similar á da primeira conferencia.

A exposición

Os comentarios recollidos indican que esperou un grande interese. Destácase a gran variedade dos materiais expostos así como a novidade dalgúns deles. Resáltase como problema que non houbo un tempo específico para que fose visitada e se puidese explicar.

O sitio escollido foi bastante aceptable, a pesar das dificultades que algunha tivo de montaxe.

As persoas da organización opinan:

- Que o espazo previsto inicialmente era insuficiente e que para outras ocasións habería que ter máis pormenorizada a necesidade de espazo e, se é posible, fotos de cómo os materiais foron expostos en casos anteriores.
- Que hai que contempla-la necesidade de contar con xente para carga e descarga e mellora-los itinerarios de transporte.
- Que se pode elaborar unha ficha única dende a organización para que os centros e persoas que teñan algo para expoñer a cubran. Esta difundiríase a través da revista "Saudiña".
- Que se ten que estudia-la posibilidade de expoñer materiais audiovisuais.

O ciber

Como no caso da exposición, indícase que a idea é moi boa e a satisfacción das persoas que participaron é alta. Algunhas persoas

mostraron moito interese, e encargaron que se lle fixese copia do documento que contiña os links á páxina web. Para moitas persoas este espazo serviu tamén como visualización do CD resumo de tódalas xornadas.

De novo, ó non establecer un tempo concreto para acudir a este servizo, restou asistencia, non podendo rendibilizar totalmente o esforzo e o traballo desenvolvido.

A comisión organizadora opina:

- Que o profesorado aínda non está moi afeito a traballar coa rede. Por tal motivo, hai que seguir intentando a motivación.
- Que se propoña maior información ás persoas asistentes sobre este servizo, e se establezan tempos de utilización.
- Que se teñan CD virxes.



As comunicacións

Houbo moi pouca asistencia e o seu interese foi diverso.

Como comentario xeral recóllese que se perdeu moito tempo na exposición de aspectos cuantitativos en detrimento da descrición e da valoración trala posta en práctica delas. É esta unha recomendación a facer para outras ocasións.

De novo volveu suceder que as persoas que expuxeron chegaron co material a última hora. Isto impediu que o puidesen coñecer con antelación os organizadores para así poder valoralo.

Mesas de traballo

O traballo desenvolvido nas mesas en xeral pareceu interesante. En cada unha delas producíronse debates que potenciaron visións complementarias e potenciaron a procura de solucións grupais. É indicativo a contribución do amplo abano de respostas que se obtiveron sobre cada problema. O máis importante foi a potenciación, como mensaxe, da necesidade do traballo en grupo. As conclusións das mesas foron lidas na clausura das xornadas.

Como síntese xeral do recollido de xeito informal poderíase citar:

- Que as xornadas tiveron unha organización moi boa e o trato e a dispoñibilidade das persoas foi excelente.
- Percíbese como un gran problema a escasa asistencia. Danse distintas causas:
 - A proximidade da celebración das xornadas co fin de curso.
 - Estar incluído o domingo nas xornadas.
 - A intensidade do programa.

Resumo dos obradoiros

Obradoiro 1. Axenda 21 escolar: educar para a sustentabilidade

Ángel Cantera Sevilla
Director do Centro de Educación e Investigación
Didáctico-Ambiental de Guipúscoa (CEIDA)

Entre outros temas, neste obradoiro trátouse de clarificar cales eran no momento actual os problemas ambientais que aguiñan a sociedade que, por suposto, son moitos máis que aqueles que se derivan do aproveitamento prexudicial ou irracional dos recursos naturais e os que se orixinan na contaminación dado que inclúen, problemas derivados do subdesenvolvemento tales como insuficiencia en materia de vivendas e abrigo, as malas condicións sanitarias, a desnutrición, as prácticas defectuosas en materia de administración e produción e, en xeral, tódolos problemas que se derivan da pobreza.

A través dunha dinámica baseada na participación e na reflexión individual e grupal preténdese:

- Promove-la sensibilización e implicación do profesorado asistente en actividades de EA.
- Impulsar unha práctica educativa que conxugue a adquisición de coñecementos, a sensibilización ambiental e a participación directa en accións de protección e mellora do ambiente.
- Mellora-la práctica ambiental do centro escolar mediante a redución do consumo de recursos (auga, enerxía, papel,...) e na produción de residuos.
- Mellora-lo clima educativo no centro escolar.



Obradoiro 2. Vivi-la democracia na escola

Angels Martínez Bonafe
Coral Montaner Llorente
Seminario Democracia e Educación do
Movemento de Renovación Pedagóxica
Escola d'Estiu do País Valencia

A proposta das relatoras deste obradoiro, orientouse cara á construción da aula como un espazo onde experimenta-lo desenvolvemento da cidadanía, como un proceso no que as persoas —alumnado e profesorado— se relacionan coas ciencias para explica-la vida e para intervir mellorándoa, como unha vivencia de organización institucional na que se poden observar as dificultades das relacións igualitarias entre persoas diversas e aprende-las dificultades da democracia.

Para facer realidade esta concepción é necesario abrir procesos na aula de asunción colectiva de responsabilidades, de autoavaliación, de autoxestión da vida cooperativa da aula e do centro. Por iso o método que se propón conta con estratexias de debate en grupo, de deseño de plans de investigación etc.

Presentar esta proposta e dar a coñece-lo materiais " *Vivir la democracia en la escuela* " así como poñerse en contacto con outros centros e persoas interesadas na "Rede para a democracia nos centros" foron os obxectivos que se tentaron neste taller.

Obradoiro 3. Aprendendo a vivir nunha sociedade multicultural

Juan Gómez Lara
Colectivo Amani

Formar en educación intercultural, entre outras cousas, é formar en actitudes e valores. Polo que é necesario buscar modalidades de traballo que sexan congruentes con eses valores e actitudes que se pretenden transmitir. Este é o motivo polo que neste obradoiro se utilizou unha metodoloxía activa que se desenvolveu a través do proceso sentir-pensar-actuar: o que se denomina o enfoque socioafectivo.

Os obxectivos deste taller foron encamiñados a:

- Atopar claves desde onde conseguir que a diferenza cultural presente nos centros educativos sexa motivo de crecemento mutuo para deste xeito combater desde a escola o racismo, a discriminación e a xenofobia.

- Comprende-la complexidade do feito multicultural na sociedade e a súa incidencia na escola.
- Analiza-las propias actitudes e prexuízos ante as diferencias culturais.
- Presentar propostas concretas para mellora-lo rendemento escolar, para cultivar actitudes interculturais, para resolver conflitos multiculturais e para estimula-la relación da familia co centro.
- Planificar accións de intervención favorecedoras da interculturalidade.



Obradoiro 4. Nenas e nenos. Iguais ou diferentes?


Graciela Hernández Morales
Asesora do Proxecto RELACIONA do Instituto
da Muller do Ministerio de Asuntos Sociais

Este taller pretendeu fomentar unha reflexión conxunta sobre que significa para cada un e cada unha a masculinidade e a feminidade; que sentido lle demos ó ser home ou ser muller e como percíbimo-lo noso alumnado en función do seu sexo.

O traballo do obradoiro tratou, xa que logo, de empezar a tomar conciencia de como as nosas formas de entende-la diferenza sexual (a existencia de dous sexos que conviven no mundo) afectan ás relacións que establecemos co noso alumnado.

E, desde este punto de partida, entrouse a pensar sobre os obxectivos da coeducación, sobre as metas que buscamos cando impartimos clase conxuntamente a persoas de ámbolos sexos. Metas que foron variando ó longo da historia.

Na última década púxose o acento na igualdade entre os sexos. Por iso, é importante pensar que significados lle estamos



dando á palabra igualdade nas nosas prácticas educativas. Nalgúns contextos estase a interpreta-la igualdade de dereitos e oportunidades non só como necesidade de supera-la desigualdade, senón tamén de supera-las diferenzas. A miúdo, confúndese deste xeito, a xustiza coa homologación. Pero esta non é unha homologación neutra. É habitual escoitar falar sobre a igualdade da muller dando a entender que o modelo que se debe seguir é o masculino. Sen embargo, na experiencia histórica masculina tamén hai moitas conquistas que facer e moitas cousas que erradicar, mentres que na experiencia histórica feminina hai moitas cousas que recoñecer e valorar.

Esta reflexión estivo conectada coa práctica docente dos e das participantes, e serviu para intercambiar aquelas prácticas que se levaron a diante e serviron para:

- Supera-los estereotipos.
- Fomenta-la liberdade e a expresión da singularidade.
- Valora-la experiencia e as achegas femininas á humanidade.
- Erradica-lo modelo de masculinidade violento.

En definitiva, tratouse dun espazo para reformularse a propia práctica docente e para atopar instrumentos e estratexias para afianzala e melloralas.

Obradoiro 5. Educación e promoción da saúde en contextos saudables

Esteve-Ignasi Gay Costa
Membro do consello de redacción da revista IN-FAN-CI-A da Asociación de Mestres Rosa Sensa

Neste obradoiro reflexionouse sobre o concepto de saúde así como no que se entende por promoción da saúde. Considérase que promove-la saúde consiste en proporcionar ós pobos os medios necesarios para acadar un estado adecuado de benestar físico, mental e social. Cada persoa ou grupo debe ser quen de identificar e realiza-las súas aspiracións, de satisfácelas

súas necesidades e de cambiar ou adaptarse ó ambiente. A saúde percíbese pois, non como o obxectivo, senón como a fonte de riqueza da vida cotiá. Trátase polo tanto dun concepto positivo que acentúa os recursos sociais e persoais así como as aptitudes físicas.

As condicións e requisitos para a saúde son: a paz, a educación, a vivenda, a alimentación, a renda, un ecosistema estable, a xustiza social e a equidade.

Para promover-la saúde débese ir máis aló do mero coidado dela. A saúde ten que formar parte da orde do día dos responsables da elaboración dos programas políticos, en tódolos sectores e a tódolos niveis, con obxecto de facerlles tomar conciencia das consecuencias que as súas decisións poden ter para a saúde e leválos así a asumir-las responsabilidades que teñen neste respecto.

Obradoiro 6. O tempo libre. ¿É libre? claves do ocio para a infancia do s. XXI

Gotzón González Azumendi
Director do Festival de Xogos de Victoria-Gasteiz

Reflexionar sobre o valor que lle damos como educadores e educadoras ó xogo espontáneo; cómo considerámo-lo noso propio tempo libre e o tempo para nós mesmos; que é para nós prioritario no desenvolvemento de nenos e nenas son os obxectivos que pretenderon traballar nes-



te taller. Condúcenos a realizar esta reflexión a tendencia dunha sociedade na que a produtividade e a eficacia son dúas das características que a definen. Esta tendencia fai que cada vez máis queiramos aproveita-lo tempo libre ou o tempo de ocio para actividades que prolonguen o tempo das obrigas.

De aí a necesidade de educar para que ese tempo de ocio non perda a súa esencia. Unha esencia que en palabras dun dos autores clave e investigadores sobre o ocio, como é Joffre Dumazedier, resúmense en que debe cumprir tres funcións esenciais: o descanso, a diversión e o desenvolvemento persoal.

É o momento de reivindicar o tempo libre como algo verdadeiramente libre. Este é un labor dos educadores e educadoras. Impregna-la aula e o propio centro escolar de certos aires de transformación social e de liberdade fanse necesarios.



Obradoiro 7. Saúde e benestar. Tarefas colectivas

M. Pau González Gómez de Olmedo
Licenciada en Filosofía e
Ciencias da Educación

A saúde e o benestar son realidades amplas que se xeran na relación das persoas co contorno no que se desenvolve a súa vida. Neste senso é necesario supera-lo concepto de relación interpersonal e avanzar cara ó concepto de contorno de convivencia, no que a realidade é moito máis ampla que a suma das relacións dos individuos que o compoñen.

A realidade do contorno de convivencia que creamos en cada momento, actúa como determinante do noso propio benestar. A relación entre a saúde, o benestar e o contorno, é unha realidade interactiva. Polo tanto, a construción consciente dun marco de convivencia saudable, de forma colectiva e cooperativa, convertese nun camiño ineludible na pescura do benestar e é, ademais, a vía máis segura de mantelo, especialmente nos centros educativos.

O labor educativo sempre prestou dificultades. Hoxe as dificultades son diferentes ás doutras épocas. Todas e todos nós sabemos que educar implica moito máis que transmitir información.

O ensino require unha profunda capacidade de conciencia dun mesmo e dos mecanismos que configuran a propia relación co mundo. Os educadores somos seres humanos con necesidades, crenzas, valores, habilidades e logros. O éxito no labor educativo non depende só do que sabemos, senón tamén da nosa realidade persoal. Nosoutros sómo-lo principal elemento que debemos coidar, sómo-la principal ferramenta do noso traballo. Para levar a cabo o noso labor necesitamos unha adecuada formación de base, estratexias de ensino eficaces e un estilo de vida que nos permita obter benestar físico e emocional.

Pois ben, o obxectivo deste obradoiro foi presentar e desenvolver recursos para poder afrontar con maior competencia os retos que nos presenta o feito de ser educadores hoxe en día. O seu contido articulouse ó redor de dous aspectos clave que determinan en gran maneira o noso estilo de vida e contribúen a configurar un contorno educativo máis saudable:

- O desenvolvemento da automática e da percepción da propia competencia para conseguilo benestar.
- A reflexión sobre os aspectos de relación interpersonal e que aspectos melloiran a realidade do traballo nos centros educativos.



Obradoiro 8. Aspectos psicosociais do consumo

M^a Pilar Guerrero Serrano
Alejandro Salcedo Aznal
Técnicos en Educación do Consumidor do
Instituto Nacional do Consumo

Se ben é certo que as actitudes e valores sempre estiveron presentes para reforzar uns, desbotar outros e asumir algúns dos novos que se abrían paso na evolución social das familias e dos individuos. O feito de facelos explícitos na práctica educativa, ser consensuados polos axentes educativos e pretender co seu desenvolvemento que os educandos participasen activamente con eles no modelo social democrático, multicultural e libre, debe ser valorado como una achega grande que foi un dos maiores logros que se deu na última década no noso sistema educativo.

Na actualidade non podemos ver maduro o froito desta achega, o traballo é longo e o avance lento. Ademais, outras variables interviron para obter unha relevancia e un eco que en aparencia «tapa» os logros obtidos. Así, na actualidade, a agresividade, a violencia e a intolerancia son máis rechamantes nos seus actos que a tolerancia, o respecto e a integración que, en menor grao, manifestan por non ser ostentosos os individuos que as posúen. Por iso, segue sendo necesario traballar abertamente este campo no centro educativo.

A partir da análise da realidade educativa e da experiencia das persoas asistentes, negociouse un posible modelo de intervención para a aula e o centro que pretendeu afianza-las actitudes positivas xa

existentes. O traballo en pequenos grupos, a posta en común en gran grupo, o intercambio de experiencias e o coñecemento de técnicas para desenvolve-las habilidades sociais necesarias para o logro dos obxectivos, foi a tónica de traballo neste taller.

Obradoiros 9. Cara a unha nova materia: circulación e automoción

Eugenio Ocio Simó
Pedagogo no Centro Superior de Educación
Vial da Dirección Xeral de Tráfico

A organización espacio-temporal que caracteriza as sociedades desenvolvidas require unha mobilidade crecente ou, se se quere, a necesidade de efectuar desprazamentos para levar a cabo numerosas actividades sociais.

Este feito implica que o acceso á motorización individual se leva a cabo en idades cada vez máis temperás, coincidindo moitas veces co período escolar correspondente á educación secundaria obrigatoria. De aquí, a necesidade de integrar no siste-



ma educativo ensinanzas de educación vial que constitúan a base e incluso complementen os programas específicos de formación de condutores.

Sobre esta circunstancia debateuse neste obradoiro no que se expuxeron polo miúdo as iniciativas desenvolvidas ó redor da materia de circulación e automoción e se comentaron os obxectivos de e. secundaria que afectan a materia obxecto de estudo:

- c) Obter e seleccionar información, utilizando as fontes nas que habitualmente se atopa dispoñible e tratala de forma autónoma e crítica cunha finalidade previamente establecida e transmitila ós demais de maneira organizada e intelixible.
- d) Adopta-los mecanismos e valores básicos que rexen o funcionamento das sociedades, en especial os relativos ós dereitos e deberes dos cidadáns e adoptar xuízos e actitudes persoais con respecto a elas.
- g) Coñecer e valora-lo desenvolvemento científico e tecnolóxico, as súas aplicacións e incidencia no medio físico, natural e social.

Obradoiro 10. Educando en valores desde a transversalidade

M^a del Pilar Zeledón Ruiz
Universidad de Costa Rica e
colaboradora do GREM (Univ. de Barcelona)

«O debate sobre transversalidade e valores e o seu reflexo na acción educativa non foi unha moda pasaxeira que acompañou á discusión da reforma dos anos noventa, senón algo imprescindible en todo planeamento educativo. Podemos afirmar de forma radical que a educación ou educa en valores ou non é educación. É un principio básico que está retomando o pensamento pedagóxico e as prácticas educativas emancipadoras, co convencemento de que, a pesar das dificultades, a educación debe ser integral, para que sexa educación». (Cid et al, 2001:11)

Polo tanto, a achega que poden brindar-los eixes transversais á renovación da acción pedagóxica é fundamental se se conxugan non só cos contidos actitudinais, conceptuais e procedementais propostos para cada nivel educativo, senón e sobre de todo, se están claramente articulados dentro dun proceso de identificación, selección e construción daqueles valores que resultan significativos para o grupo de estudantes con quen se traballa, dentro do contexto sociohistórico e cultural no que se atopan inmersos.



Neste senso, o presente taller pretendeu ofertar unha proposta pedagóxica innovadora que permite traballar de maneira constructiva e sistemática a educación en valores desde una perspectiva transversal, adaptando as actividades didácticas ó grupo de nenos/as, mozos ou adultos con quen se comparte a tarefa educativa.

Obxectivos

1. Valorar unha proposta pedagóxica innovadora que permite traballar constructiva e sistematicamente, o proceso

de construción de valores significativos desde unha perspectiva transversal.

2. Favorece-lo desenvolvemento de habilidades cognitivas, afectivas e volitivas dentro da tarefa formal.
3. Propiciar estratexias de mediación pedagóxica que posibiliten o encontro profesor-estudiantes.
4. Sensibiliza-los docentes como mediadores do desenvolvemento das potencialidades humanas nos procesos formais de educación.

Metodoloxía

Dentro do obradoiro desenvolveuse unha metodoloxía participativa, que propiciou un clima de encontro de coñecementos e experiencias, tanto por parte da coordinadora do taller como das persoas participantes.



Unha pasaxe pola exposición de materiais

Pilar Fernández Illán

Profesora de bioloxía e xeoloxía no IES Becerreá - Lugo

Cando chegamos ás Xornadas de transversalidade, vimos, igual que en tódolos encontros deste tipo, un programa con "conferencias", "comunicacións" de experiencias, e grupos de traballo.

Despois dun par de conferencias necesitas cambiar un pouco de dinámica e, sorte, hai unha exposición de materiais de distintos centros. Digo "sorte", porque cada vez menos, estas actividades van acompañadas de exposicións de materiais.

Entendo por exposición de materiais todo o que se poida expoñer, dende obxectos artísticos, fotografías, carteis, experimentos, mesmo algún que outro ordenador con unidades didácticas ou experiencias en liña, así como materiais multimedia que poidan existir nos distintos centros e que a maioría das veces só os coñecen os que o fixeron.

Estes lugares serven de punto de encontro de profesores fóra do ámbito formal das conferencias, e aí se poden intercambiar impresións, comentar actividades, ou mesmo perderse un só para poder ve-lo que pasa nos centros.

Cando empezei a mira-la exposición, empezaron a desfilar ante min un montón de acontecementos que, posiblemente, acompañaran ós autores e autoras (ou polo menos os profesores) de cada un dos materiais expostos nalgún momento do seu proceso de elaboración.

1. Materiais realizados polos alumnos: valora-los seus traballos / valora-lo seu centro

Os materiais expostos estaban realizados na maioría dos casos polos propios alumnos/as. Te-la oportunidade de expoñe-los seus traballos finais nalgún lugar reforza a súa propia autoestima. Así como revaloriza,



se cabe máis, todo o proceso de ensino-aprendizaxe seguido na súa elaboración. Traballar nun centro pequeno e xeograficamente un pouco illado, sempre nos fai busca-la forma de reforza-la autoestima dos rapaces e rapazas.

2. A importancia da motivación do alumnado

Detrás de tódolos traballos da exposición hai un proxecto, grande ou pequeno, que o profesor ou profesores tiveron que deseñar, organizar e... traballar. Pero estes métodos de aprendizaxe baseados en proxectos nos que apreciamos un claro resultado final, aumenta moito a motivación e o interese por parte dos alumnos/as, así como as súas expectativas e a propia valo-

ración do que se intenta transmitir. Esta é polo menos unha conclusión que podemos sacar despois de varios proxectos realizados no centro.

3. O obxecto desta exposición: a transversalidade

O que hoxe chamamos transversal correspóndese coa transmisión, e intento de adquisición de certos valores e actitudes, que parecen escasear entre a mocidade de hoxe, e que parecen responder case máis a problemas sociolóxicos ca curriculares. Pero non podemos olvidar que as escolas (os nosos centros) teñen que ser lugares que formen cidadáns e non só especialistas disciplinares. Traballar transversalidade é a mellor maneira de coñecer e reforzar



aqueles valores positivos que hai na mocidade; así como recuperar outros que parece que se foron perdendo polo camiño.

4. O enfoque "Interdisciplinar"

Moitas veces o tema transversal vai unido, de xeito intrínseco, ó de interdisciplinariedade. Así os valores e actitudes non se poden compartimentar por disciplinas, é algo que vai con elas.

A interdisciplinariedade ten dous aspectos positivos, por un lado crea nexos de colaboración entre profesores ou reforza cooperación xa existentes, con todo o que isto supón para a vida interna do centro, e por outra banda, é unha necesidade básica para comprender a situación do mundo actual, no que un problema non se pode explicar dende unha disciplina soamente, senón que necesitan da intervención de varias materias que se apoian mutuamente, e así podemos ter unha pequena idea do que está ocorrendo.

5. Outra forma de ver-lo proceso de "ensino-aprendizaxe"

Todas estas reflexións, máis a que citarei a continuación, son un "resultado final" que parecen indicar un cambio no concepto do

ensino tan dogmático e pechado nas características propias e exclusivas de cada materia. Olvidando aqueles problemas que están tanto na escola como na sociedade e que tan ben podemos apreciar dende a transversalidade.

Chegar a este punto supón unha gran reflexión persoal, un compromiso extra co ensino dando o paso de "ensinar materias", a intentar "educar" futuros cidadáns comprometidos. Aínda que parece imposible cos currículos tan apretados.

6. Reflexo da vida dos centros

E, deixo para o último, non por ser menor, senón todo o contrario, por se-lo que mellor reflicte toda unha filosofía de educar: estes materiais son o reflexo da vida nos centros. ¡O que valoramos, o que inculcamos, o que transmitimos, o que interesa ós rapaces e rapazas e as súas propias preocupacións, as súas propias conclusións, as súas achegas! Un importante punto de encontro profesores(as)/alumnos(as).

Por iso, e se esta exposición foi o reflexo da vida dos centros de Galicia nos últimos anos, permitíndeme que diga: ¡faltoume algo! Un acontecemento que estivo presente en tódolos centros de Galicia, den-



de a montaña ata o mar pasando polos pobos e cidades.

Remato felicitando a todos aqueles que fan posible que existan lugares e actividades comunitarias. Lugares onde todos aprendemos e compartímo-las nosas experiencias e preocupacións.



Unha viaxe polas xornadas

Luis Otano Garde


A viaxe comezou cunha chamada de teléfono “¿podes vir a Santiago ás Xornadas de Transversalidade para falar de aprender a convivir?”. Era a oportunidade de encontrar amigas e amigos que hai tempo que non vin, de recuperar recordos, aquelas Xornadas de Transversalidade na Coruña, as reunións en Santiago con compañeiros de Escola Viva ou coas mestras dun colexio de Ferrol, os Encontros de Consellos Escolares na Toxa... Pero, sobre todo, un debece por coñecer cousas e persoas novas, por vivir momentos distintos.

Primeiro, prepara-la viaxe. Non se trataba de avia-la maleta, senón de pórme en situación, pór a punto as reflexións desde a miña práctica docente. “Aprender a convivir”. Ía falar con docentes que viven —ás veces con angustia— problemas non sempre fáciles de afrontar. As duras noticias de violencia en centros escolares dos periódicos serán certas, pero non reflicten a realidade por exceso de tremendismo. Algúns profesores séntense desbordados por conductas negativas que non poden controlar, pero aínda non son situacións xeneralizadas. Todos vivimos unhas relacións no centro e na aula que non son como as de antes, con maiores desencontros, con conflitos que non sabemos superar. Adoptamos actitudes defensivas, porque nos sentimos cada vez máis sos. Queremos saber qué facer para que a escola sexa un lugar de convivencia, cómo lles ensinamos ós nosos alumnos a ser cidadáns.

Non podía situarme no limbo das teorías, necesitaba conectar coa realidade. Non podía escaparme polas alturas nin quedarme a rentes do chan incapaz de ve-lo horizonte. Tiña que provoca-la reflexión para entender mellor a vida nos centros escolares e anima-los meus compañeiros a afrontala sen as urxencias do día a día. Quizais se entendémo-lo mundo que nos toca vivir, se situámo-lo noso alumnado no novo contexto, poidamos entende-la nova función da escola, o novo rol do profesor.

As viaxes resultan máis impactantes canto máis lonxe chegue o viaxeiro. As distancias pódense medir en quilómetros, pero tamén en vivencias e expectativas. As distancias parecen enormes entre o País Vasco, onde a convivencia ten graves carencias, e Galicia, sobre todo trala marabillosa lección de cidadanía, ó berro de “Nunca máis”. Era unha ocasión que tiña que aproveitar para aprender.

O encontro foi caloroso, como xa esperaba; pero, por esperado, non menos senti-



do e agradecido. Séntese o trafego das horas previas para que todo estea a punto. A preparación das sesións de traballo cos moderadores de grupo, coa súa parte técnica, pero sobre todo para pórnos todos en situación e ter claro o que queremos facer. A disposición, o entusiasmo, están vivos entre os que asumiron a responsabilidade de organiza-las xornadas.

Comezan as xornadas. Estou afeito ás formalidades do acto inaugural; pero sorpréndeme ver na mesa representantes de Educación, de Sanidade, de Consumo, de Tráfico... A transversalidade posta en práctica nas alturas é un bo exemplo e unha base necesaria para que se poida traballar nas aulas. Tamén me sorprende a asistencia: non sei cantos, pero son moitos, vidos desde lonxe, para dedicarse, durante toda a fin de semana, a pensar na súa tarefa docente. Logo falan do desánimo do profesorado, de que somos funcionarios do ensino.

Tócame falar. Síntome escoitado e iso agradácese. Espero que o que estea dicindo axude á reflexión e sirva de estímulo para seguir traballando. Quedo, como me acostuma pasar frecuentemente, sen remata-lo que tiña preparado. O tempo bótase enriba e queda moito por dicir, pero sei que os asistentes nos grupos o dirán e, ademais, será froito da súa experiencia, dos seus pensamentos máis persoais, que poderán contrastar opinións e buscar xuntos puntos de esperanza. Os grupos puxéronse axiña en marcha. Cando paso por todos eles véxoos enfrascados na tarefa.

Dou unha volta pola exposición dos traballos escolares. Marabillanme, non só

pola súa calidade artística, senón polo que expresan e o traballo que hai detrás de cada un deles. Reafírmome na convicción de que ata os máis pequenos son capaces de entender e expresar ideas que, a nós os adultos, nos resulta tan difícil de comunicar. Nos talleres preséntanse experiencias escolares, para educar na democracia, avanzar no traballo cooperativo, supera-la desigualdade entre os sexos. Preséntanse as experiencias que máis callaron, pero non son as únicas. A escola é rica en iniciativas, en intentos xenerosos. Iso é relativamente novo. O profesorado sabe que non lle abonda repeti-lo que vén facendo desde sempre, que a renovación, a innovación, a creatividade é unha parte fundamental da súa tarefa.

A cidade educativa, a cidade lugar para convivir e que ofrezca oportunidades para aprender a convivir, a acepta-lo outro, o diferente, a sentirse parte dun espazo común que entre todos temos que construír para sentírmonos persoas, felices. Preséntanno-la experiencia de Barcelona. A escola non está soa, non podemos deixala soa, os mestres e os profesores non debemos seguir estando sos.

O mellor dunha viaxe son os recordos. Nestes días probablemente falamos dun soño, pero un soño compartido, que axuda a renova-la ilusión polo traballo, ás veces duro e cansado, delicado e difícil, pero sempre marabillosa, de educar, de axudar a que os rapaces e rapazas hoxe sexan máis solidarios, coa esperanza de que esteamos contribuíndo a que mañá o mundo viva en harmonía e en paz.

As fontes do Sar

M^a Victoria Vázquez Romero
mestra do CEIP Colexiata de Sar
Daniel García Vázquez
mestre do CEIP López Ferreiro

Sempre tivemos inqueda pola educación ambiental e sempre tratamos de introducir a dita materia no currículo pero foi cun proxecto de formación e asesoramento de profesorado en centros, asesorados por Flor Peliquín, cando comezamos a tomar conciencia e a fomenta-la autonomía pedagóxica e organizativa mediante a análise dos problemas derivados da relación dos seres humanos co medio, así mesmo, tratamos de coñecer e fomenta-lo coidado do noso contorno:

- Aproveitando os recursos naturais.
- Respectando todo o que nos rodea, persoas, animais, plantas, edificios, rúas, montes, etc.

A elección do tema: "O MEDIO COMO ELEMENTO IMPREGNADOR DO CURRÍCULO", levounos a artellar actividades ó longo de todo o curso escolar e supuxo poñer en práctica as decisións tomadas no centro sobre a EA constituíndo unha experiencia de coordinación vertical entre tódolos ciclos e niveis educativos do noso centro.

Os criterios que nos levaron a selecciona-los foron:

- Buscar un tema concreto sobre o que se ve a necesidade de acadar un maior coñecemento por parte dos alumnos.
- Escoller un contorno próximo natural, cultural ou social.
- Implicación en tódolos niveis educativos.
- Enfoque interdisciplinar con tódalas áreas.

(Para non alonga-la exposición só falaremos dalgúns traballos feitos no terceiro ciclo de EP).

As actividades globais realizadas foron: reunións, enquisas, entrevistas, esbozos, coloquios, realización dun mural por parte de mestres, pais e alumnos que está no segundo andar do centro representando o colexio, as casas dos rapaces, as distintas rúas e tipos de vexetación, o monte Gaias (onde hoxe se esta a levanta-la Cidade da Cultura) o Multiusos, a vía férrea, a capela de Santas Mariñas e a calzada romana entre outra cousas.

Fixemos un bo número de roteiros, por exemplo pola calzada romana, hai alumnos que viven nela, coñécena co nome da "Rúa Calzada de Sar". Despois de observala polo miúdo, fixemos un traballo de investigación sobre a súa orixe. Implicámonos todos, pais, nenos e mestres, uns investigaron no concello, outros no rexistro e a nós tocounos nos arquivos parroquiais. Neste proceso de busca de datos preguntamos nas delegacións dos xornais, achando un artigo en "La Voz de Galicia", do día 10 de marzo de 1994, asinado por Santiago A. de la Torre co título de: "Ave Sar":

(A pé de foto) "La vieja calzada romana de Sar mide unos trescientos metros y tiene una vieja fuente en el arcén"... "en este popular barrio perduran los restos de una calzada romana".

Preparámonos para saír do centro cos alumnos ás 15:30 horas, subímo-la vella calzada de pronunciada pendente, que nos fixo alentar. Aproximadamente na metade da calzada estaba a fonte coa súa pia entre o muro de pedra.

Os veciños de Sar percorren a diario este camiño de trescentos metros que construíron os romanos. Por sorte para todos non pasan vehículos, a vista de Santiago dende a calzada é inmejorable, así que descansamos uns minutos para facer unhas fotos e para xogar. De novo seguímo-la rota para voltar ó colexio ás 17:30 horas, coas notas tomadas:

- Situación da calzada.
- Século de construción.
- Uso que se lle daba antigamente e o actual.
- Empedrado.
- Estado de conservación.
- Vexetación que medra nas beiras.

Na posta en común que tivemos no centro, anotámo-la ignorancia e ás veces a malicia dalgúns persoas que levaron lousas da Calzada para o seu proveito e noutras ocasións botaron cemento para subir co coche. Todas estas aberracións non sabemos como cualificalas, o que si sabemos é que hoxe hai unha asociación que quere reconstruí-la calzada e ten interese en que volva ser coma na Idade Media. Lamentamos que as autoridades non fagan nada para recuperar este gran patrimonio.

Está situada a uns trescentos metros do centro e percorrida polos veciños, neste roteiro os alumnos atoparon a chamada Fonte Fidalga por estar pegada ó ribazo dunha propiedade que din dos Fidalgos.

Outro roteiro no que desfrutaron aprendendo foron as fontes do noso contorno. Para preparar esta actividade fixemos un estudio previo de arredor de dez fontes: a da Avenida de Lugo, Fonte de Picaños, Fonte dos Ollos, Fonte da Cancela, Fonte de Pardiñas (1899), Fonte do Viso de Arriba (cun gran bebedoiro para os animais), Fonte dos Capitáns (a súa historia remóntase na época de Napoleón), Fonte das Santas Mariñas (baixo a ermida de Santa Mariña), que datan entre o século XII e o XIX, descubriendo ditos, costumes, orixe, cantos relacionados, número de canos, inscricións, natureza da auga.

p.e. AS FONTES DE SAR

Duración do percorrido (2 horas)

Rota a seguir: colexio, Ponte de Sar, rúa do Gaias, O Viso, calzada romana, Santas Mariñas, carreiro de Picaños e colexio.

Datos que hai que observar:

- Nome da fonte.
- Estado de conservación.
- Situación.
- Uso ó que se destinou e o uso actual.
- Se ten algunha particularidade no senso de ornamentación, gravados, etc.
- Posible intervención a nivel persoal ou institucional para mellora-lo seu estado.

No barrio aínda hoxe hai nenos e persoas maiores que usan as fontes para o consumo propio, o que non hai hoxe son as "colas fontaneiras" onde as mulleres coas sellas e caldeiros pasaban boa parte dunha mañá esperando a coller auga, polo que estas colas daban lugar a pasatempos que recolle o cancionero popular:

"o Manuel fixo unha fonte
púxolle o bico de prata,
as mozas non van a ela,
e Manuel todo se mata."

En troques hoxe temo-las "colas de coches" que pasan polo barrio e que o enchen de ruídos e polución.

Para que o recordo das fontes seguise a través das ondas de radio e as familias dos nenos puidesen aprecia-lo traballo feito por eles, participaron en programas de radio e un deles levou por título as "Fontes de Sar", os alumnos participaron na elaboración do guión, xuntáronse por grupos, tendo como referencia a fonte que tiñan máis preto da súa casa. Tiveron que aprender un verso co nome da fonte como elemento da arquitectura popular, algunha característica como a parte terminal da fonte, sobre o cumio ou frontis de cantería hai adornos repetidos noutras construcións galegas.

A avoa de Ana contounos que coñeceu o seu home na Fonte do Carreiro de Picaños, sempre aparecía por alí para axudala a ergue-la sella, ese era un bo sinal para comezar unha amizade, (hoxe ningunha rapaza levaría unha sella con auga).

As rapazas Martina e Noemi recitaron os versos da súa fonte:

"unha rapaza parrafea co seu mozo na fonte
de Pardiñas
e no curral as veciñas axexan acochadiñas..."

"A Fonte do Viso ten azucre no bico
e deita leite con chicolate, ¡que disparate!
disparate pode ser
máis catro fontes hai no Viso e podedes vilas ver."

Marcos vive en Angrois e a carón da súa casa está a Fonte dos Ollos, na aldea danlle o alcume da "Fonte da Cagalla", aínda que a Marcos iso non lle gusta xa que ese é o seu alcume, que procede da historia dun indiano que trouxo unha muller negra e os veciños comezáronlle a chama-la "Fonte da Cagalla" pois ela estaba alí a miúdo e era fisicamente baixiña e de cor.

Sobre a fonte da Colexiata de Sar fálanos Ester,

"a Fonte da Colexiata está na via da Prata
cando a ela chegan sedentos os peregrinos
matan a súa sede para remata-lo camiño."

Os rapaces e rapazas que vimos á escola,
agardamos uns polos outros na fonte
antes da hora.
Mais se a Fonte falase contas cousas contaría...
e tantos, tantos segredos ela nos descubriría
a Fonte dinos a todos:
"xogade, xogade rapaces e coidade o que tedes
que aquí estou eu moi velliña para apagarvo-la
sede".

Os rapaces seguen a falar das súas respectivas fontes con agarimo e boa entoación. Ó face-la valoración do traballo pareceunos increíble todo o que aprendemos, o que ensinamos, o que investigamos e tamén o que nos queda por facer.

Globalmente neste proxecto toda a comunidade educativa participou, nalgúns casos algún pai buscou en organismos a orixe da Calzada Romana de Sar, como algunha nai descifrou o que as inscricións das fontes poñían, os veciños trataban de sitúa-las datas da orixe do Cruceiro así como facendo un esforzo para recordar antigas cantigas. Os nenos, dende os pequenos, participaron na composición e posta en marcha de iniciativas para completa-lo traballo, eles foron os protagonistas, descubrinto os recunchos e lugares máis próximos. Como dixo Marcel Proust:

"A verdadeira viaxe de exploración non consiste en pescudar novas terras, senón en ter novos ollos".

O Andel



MENÚS SAUDABLES NO COMEDOR ESCOLAR

ISBN: 84-453-3444-1

Poderíase dicir que se trata dunha peza clave de referencia e consulta inescusable para responsables da elaboración e xestión de comedores escolares ou dedicados a ás primeiras idades da vida.

A alimentación que fagamos e os nutrientes que extraemos dos alimentos ingeridos, son un elemento clave da vida con saúde, algo básico para manernos en forma e face-las nosas cousas na vida, e parte fundamental da calidade de vida das nosas xentes pequenas.

Cun estilo enormemente práctico, como avalan o enorme esforzo fotográfico e de síntese informativa despregado nas súas numerosas páxinas, un prestixioso equipo galego de médicos e nutricionistas ó comando do profesor Rafael Tojo do departamento de pediatría da nosa Universidade de Santiago, ofrécenos ó conxunto da comunidade e ás persoas que planifican e preparan a alimentación doutras, de xeito máis ou menos profesional, unha guía de alimentación equilibrada e sa para as idades escolares, incluso cando as persoas presentan necesidades especiais por problemas de alerxia alimentaria e a súa dieta pódese adaptar.

Na obra, faise fincapé no importante papel da escola na educación alimentaria da comunidade, desde o máis actual coñecemento científico do estado nutricional dos nosos cativos e das súas tendencias alimentarias actuais.

GUÍA PRÁCTICA PARA PROFESORADO NUTRICIÓN SALUDABLE Y PREVENCIÓN DE LOS TRASTORNOS ALIMENTARIOS

ISBN: 84-369-3292-7

Un novo referente e ferramenta completa para a abordaxe na aula e no centro, do tema da alimentación e a nutrición saudables, tan central na perspectiva dunha educación integral e útil para a vida, e tan posible desde as propostas de integración curricular en varias materias. Se se recolle neste recente material, elaborado por un magnífico grupo interprofesional, ó abeiro do convenio para o impulso da educación para a saúde na escola, dos ministerios de Interior, Educación e Sanidade.

Na primeira parte, unha ampla e ordenada abordaxe dos diversos aspectos do tema: hábitos alimentarios: orixe, evolución e posibilidades educativas; alimentación saudable, nutrición e saúde persoal; deseño e planificación de dietas saudables; conservación e preparación dos alimentos; educación e protección do consumidor, a alimentación e o desenvolvemento emocional, prevención dos trastornos da alimentación: anorexia e bulimia nerviosas.

Na segunda parte, recóllense propostas de actividades prácticas correspondentes a cada un dos epígrafes desenvolvidos na primeira parte, aplicables nos niveis de 6 a 12 anos e para os 12-16 anos.

Máis información en www.msc.es e www.mec.es/cide/programas/publicaciones



CARPETA DIDÁCTICA COIDÉMO-LO SORRISO PROGRAMA DE SAÚDE BUCODENTAL EN ATENCIÓN PRIMARIA. SERGAS

Divertido e directísimo material sobre o asunto do sorriso e a saúde bucodental, perfectamente ó noso alcance, tratándose en dous niveis de expresividade, 4-10 e 11-14, adaptándose a estética e as mensaxes en cada caso. Presentado en múltiples formatos e soportes técnicos, de vídeo, cd interactivo, e diapositivas, contan de súpeto e sen rodeos, a totalidade das principais informacións e actitudes que hai que ter en conta de cotío para lograr unha boca limpa e sa: a hixiene, a dieta, outros hábitos que hai que controlar, e os cuidados periódicos sanitarios na rede pública ou privada do noso país.

O Sergas vén de editar e distribuír ós seus equipos de saúde bucodental, os materiais de apoio que lles permitan operativiza-las imprescindibles actividades de educación para a saúde no seu programa infantil e xuvenil.



CD-ROM "ECODIÁLOGO"

O Grupo de innovación e investigación para o ensino da filosofía (GrupIREF) leva traballando dende hai anos en Cataluña na formación do profesorado e na creación de materiais dentro do Proxecto FILOSOFÍA 3/18; o seu obxectivo é axuda-lo alumnado a pensar mellor por si mesmo, partindo da filosofía como potenciadora das habilidades de pensamento. Nesta liña vén de elaborar un cd.rom con propostas para os dous últimos ciclos de primaria e o primeiro de secundaria enfocado a trata-la educación ambiental dende a reflexión filosófica e sobre unhas bases interdisciplinares e interculturais.

Empregando centros de interese propios da educación ambiental (terra, auga, lume e aire) propón diversas actividades nas que, partindo de recursos do mundo da arte (pintura, literatura e música) se favorece un diálogo cooperativo, significativo, crítico, creativo e coidadoso no que poñer en práctica tódalas habilidades cognitivas: investigación, conceptualización e análise, razoamento e traducción e formulación.

Información e solicitudes:
www.grupiref.org

TALLÍMETRO


Dirección Xeral de Tráfico
 Ministerio de Interior

Ano de edición: 2003

Tipo de material: carteis

Destinatarios principais: colexios de educación infantil e primaria e sala de espera de consultas de pediatría.

Breve sinopse do contido: O cartel contén as medidas de acordo coas "curvas e táboas de crecemento da Fundación F. Orbeagozo". Instituto de Investigación do Crecemento e Desenvolvemento. Os nenos a medida que van crecendo van medindo os seus coñecementos en educación vial coas mensaxes relacionadas cos peóns, viaxeiros e conductores de bicicletas.



VIVIR LA DEMOCRACIA EN LA ESCUELA *Herramientas para intervenir en el aula y en el centro*

Este libro presenta unha serie de interrogantes, e está dirixido a iniciar unha análise do que facemos na nosa aula, centro, equipo directivo ou claustro para ensinar e aprende-la democracia. Ser conscientes das características da nosa práctica e as súas repercusións sociais é a mellor forma de cambia-lo noso traballo.

O material está estruturado en distintos puntos: o primeiro corresponde á carpeta de aula e presenta o interrogante ¿como se vive a democracia na túa aula?, na que se analizan entre outros aspectos, a organización do traballo e as relacións sociais na aula.

O segundo é a carpeta do centro: ¿como se ensina e aprende a democracia no teu centro? O currículo do centro, as relacións entre o profesorado e a organización do centro.

O terceiro punto: a Axenda, achega recursos e experiencias, así como materiais bibliográficos.

CINCO CIUDADANÍAS PARA UNA NUEVA EDUCACIÓN

Francisco Imbernón
 Joan Majó
 Michela Mayer
 Federico Mayor Zaragoza
 Rigoberta Menchú
 Juan Carlos Tedesco

Graó. 2002

É este un libro dos que unha persoa educadora debería ler. Trata dun tema fundamental na sociedade actual, a formación da cidadanía, preocupación recollida tanto no Libro Branco da Comisión Europea (Bruselas 1993), como nas sucesivas leis educativas. Este obxectivo abórdase desde as seguintes perspectivas: Cidadanía democrática (Mayor Zaragoza), Cidadanía social (Joan Mayó), Cidadanía paritaria (Juan Carlos Tedesco), Cidadanía intercultural (Rigoberta Menchú), Cidadanía ambiental (Michela Mayer). Poderíase abordar este tema desde outras visións, pero as que aquí se achegan parecen imprescindibles para afrontar, nun mundo global e en continuo cambio, o significado da palabra cidadanía. A diversa procedencia dos autores, tanto dende o plano formativo, como xeográfico ou de responsabilidade, conforman unha visión caleidoscópica que proporciona ó lector ou lectora sólidas bases para unha posterior elaboración propia.

O libro está escrito nunha linguaxe moi sinxela e próxima, e cada capítulo ten unha lonxitude para ler dunha vez. Así mesmo, proporciona bibliografía sobre cada tema que permite amplialo.



Programa de prevención do consumo de drogas no ámbito educativo

Jesús Morán Iglesias
Plan de Galicia sobre Drogas

1. Introducción

O programa de prevención do consumo de drogas no ámbito educativo (PPCDE) está dirixido a tódolos alumnos desde a educación infantil (5 anos) ata a educación post-obrigatoria (18 anos), sendo o primeiro programa de prevención escolar de España que abarca todo o ensino preuniversitario.

O PPCDE implantouse no curso 1994-95, logo de dous anos de deseño e elaboración por parte dun equipo multiprofesional (con profesores e profesionais do campo das drogodependencias), en virtude dun convenio entre as consellerías de Sanidade e Servizos Sociais e de Educación e Ordenación Universitaria.


2. Obxectivos, metodoloxía e estratexias de implantación

Os seus obxectivos específicos céntranse en influír nas crenzas e actitudes dos alumnos, así como na redución do seu consumo actual e na intención de consumo no futuro.

O PPCDE inclúe un amplo conxunto de actuacións: formación do profesorado, implantación de materiais didácticos, creación dun soporte organizativo e de coordinación e avaliación de procesos e resultados.

Os materiais didácticos constitúen a base do traballo, con distintas estratexias de aplicación segundo a etapa educativa. Logo da avaliación e correspondente actualización, o material componse de 4 volumes dentro da serie de EpS na Escola:

- para o centro e o profesorado:
 - manual para o profesorado
 - materiais para a educación infantil e primaria
 - materiais para educación secundaria obrigatoria
 - materiais para educación secundaria post-obrigatoria
- para o alumnado
 - cadernos de traballo para alumnado de infantil, primaria e secundaria.



Preténdese integra-la utilización destes materiais no proxecto educativo do centro. Os materiais son facilmente accesibles e gratuítos.

Ó longo destes anos, o PPCDE configúrase como o programa de prevención escolar con maior cobertura en España, incluso respecto a outros programas que están implantados en varias comunidades autónomas.

Están implicados no programa 127 concellos, que representan o 40% do total de concellos de Galicia e abarcan o 70%.

Nas táboas seguintes reflíctese a evolución da participación de alumnos, profesores e centros educativos no período 1995-2000.

Dado que non se trata dun rexistro nominal, non podemos suma-las cifras acadadas anualmente. Pero si podemos estimar, en función da experiencia acumulada e dos datos do estudo avaliativo realizado (que revelou que entre un 65% e un 82% do alumnado de Galicia declara ter tratado temas de drogas durante o curso escolar) que entre 269.347 e 339.791 alumnos diferentes participaron no programa ó longo destes anos. A participación media nos centros adscritos ó programa é do 70% do total de alumnos e do 44% do total de profesores por centro.

Número de alumnos

1995	1996	1997	1998	1999	2000
50.000	89.476	86.138	101.143	101.952	103.889

Número de profesores

1995	1996	1997	1998	1999	2000
3.200	4.226	4.158	4.927	4.912	5.182

Número de centros escolares

1995	1996	1997	1998	1999	2000
109	440	582	583	577	629



3. Avaliación de proceso e resultados do programa

Durante os cursos 1998-99 e 1999-2000 levouse a cabo a avaliación do proceso e resultados do programa na etapa de educación secundaria obrigatoria (ESO), sendo o terceiro traballo deste tipo que se ten realizado en España. A avaliación de proceso inclúe unha parte cualitativa con grupos nominais de profesores e técnicos, e a de resultados un deseño case experimental con medición pretest-postest e grupo de comparación.

Do estudio de proceso evidénciase, segundo as opinións dos profesores, que: a) o programa é útil para os centros e para eles mesmos, así como moi accesible (é gratuito e recíbese con prontitude nos centros). b) É un programa cunha "alta visibilidade": os alumnos que participan son conscientes e perciben claramente e en maior medida que os que participan noutros programas ou actuacións preventivas, que se están tratando temas relacionados coas drogas. c) O tratamento que se dá a esta temática normalízase dentro das actividades cotiás dos centros, percibíndose un enfoque obxectivo sobre a perigosidade do consumo de drogas.

En canto ós resultados, obsérvanse diferenzas importantes entre o grupo de alumnos que participa no programa e o que non participa, tanto nas actitudes como en intencións de conducta e consumos expresados.

O efecto preventivo do programa evidénciase no feito de que o consumo de drogas é moito menor no grupo de alumnos que participan nel que no grupo dos que non participan.

Así, tendo en conta que o número de alumnos de primeiro ciclo de ESO que participaron no programa cando se realizou o estudo foi de 25.000, e trasladando a termos absolutos os valores porcentuais atopados, observamos que trala aplicación do programa:

- 450 alumnos/as deixaron de probar cocaína
- 625 deixaron de probar ácidos
- 350 deixaron de probar heroína
- 850 deixaron de probar éxtase
- 1.350 deixaron de probar cannabis
- 750 deixaron de fumar
- 1.250 deixaron de consumir bebidas alcohólicas
- 750 deixaron de emborracharse

No gráfico seguinte obsérvanse claramente, en porcentaxes, os cambios no consumo de drogas entre o grupo que participa no programa (grupo PPCDE, en verde) e o grupo que non participa no programa (grupo NON PPCDE, en azul).

Por outra parte, no último estudio de consumo de drogas en Galicia (2000)


támén se evidencia a importancia desta actuación preventiva na escola en canto factor de protección fronte ó consumo de drogas, resultando ser unha das variables (xunto con outras como "colaboración cos demais e cooperación", "importancia do corpo e da saúde", "diálogo entre pais e fillos no ámbito familiar") que máis incide na modulación, redución e evitación de novos consumos fundamentalmente de drogas ilegais.

4. Custos do programa

O orzamento deste programa para o curso académico 1999-2000 alcanzou os 194.867 euros.

Nesta cantidade inclúense os gastos derivados de recursos humanos (73 profesionais da rede de programas de prevención do Plan de Galicia sobre Drogas, cunha dedicación ó programa de 12,5 horas semanais), e recursos materiais que inclúen: edición, impresión e reimpresión do material didáctico. Tendo en conta a cobertura do programa, o custo por alumno foi de 1,88 €. A relación custo-beneficio do programa é realmente importantísima, non só pola importancia da prevención á hora de evita-lo consumo de drogas tal como se evidenciou na investigación comentada, senón tamén se comparo-lo custe medio por alumno/ano co custo medio por paciente atendido/ano nos centros de tratamento do Plan de Galicia sobre Drogas, que se situou en 565 €¹ no ano 1997. Segundo estas cifras pode dicirse que os 6.375 consumos evitados, sinalados anteriormente, supoñen un aforro máximo previsible en asistencia de 3.596.239,32 €, ou 3.401.372,32 € se descontámo-lo orzamento dedicado ó programa de prevención escolar.

En conclusión, este programa demostra a utilidade da prevención non só en termos sociais, senón tamén en termos de eficacia, eficiencia e na valoración custe-beneficio dos resultados que se están a conseguir.



¹ Esta cifra non ten en conta os custos externos ás Unidades Asistenciais de Drogodependencias, como por exemplo, exploracións complementarias, hospitalización e gasto farmacéutico. Se se inclúsen estes custos a relación sería moito máis positiva para o programa de prevención.



Programa de promoción de vida sen tabaco

Clases sen fume "Smokefree Class Competition"


García Blanco MJ; Alonso da Iglesia B.
Dirección Xeral de Saúde Pública

O consumo de tabaco é a adicción máis estendida socialmente e un dos máis importantes problemas de saúde nos países desenvolvidos, susceptible de prevención.

En España, aínda que nos últimos anos se observa unha diminución do consumo de tabaco entre os escolares de 14-18 anos (táboa 1), o 28,8% dos mozos declaran que consumiron tabaco de forma habitual nos últimos 30 días, observándose importantes diferenzas segundo o sexo (33,1% nas mulleres e un 24,2% nos homes). O tabaco é a primeira droga que consomen os escolares, situándose a media de idade de inicio arredor dos 13 anos, non existindo diferenzas significativas en canto ó sexo. O consumo medio de cigarros ó día é de 7,4, sendo maior a cantidade de cigarros fumada polos rapaces.¹

O tabaco en comparación con outras drogas como o alcohol, cannabis, etc. é unha das drogas que presenta unha maior continuidade no consumo. A gran maioría dos estudantes que fuman (83,4%) na actualidade propuxéronse algunha vez deixar de fumar, aínda que o intentaron só a metade (42,3%) e o conseguiron o 6,5%.¹

Táboa 1. Evolución do consumo de tabaco entre os escolares de 14 a 18 anos



A Consellería de Sanidade, consciente desta situación, puxo en marcha en 1993, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública (DXSP) o Programa galego de promoción da vida sen tabaco (PGPVST) que integra, entre outras, diferentes estratexias encamiñadas á prevención do consumo de tabaco no marco da educación para a saúde na escola.²

"Clases sen fume" é un programa internacional dirixido a escolares de 12 a 14 anos e que ten como obxectivo previlo inicio do consumo de tabaco ou no seu defecto atrasala idade de experimentación e consolidación do hábito entre os

adolescentes, ó tempo que sensibiliza a comunidade educativa sobre este importante problema de saúde pública.³

Este programa baséase no compromiso colectivo de toda a clase de manterse sen fumar durante 6 meses, tempo no que se realiza un seguimento por parte do titor e se promove o desenvolvemento de actividades relacionadas coa prevención do tabaquismo. Trátase, en definitiva, de utilizar de forma positiva a presión de grupo utilizando o premio como recompensa.

Durante a súa participación en Clases sen fume os escolares traballarán, dunha forma lúdica, os múltiples factores que inflúen no proceso de fumar, sobre todo os relacionados coa fase de inicio ou experimentación, condicionada por factores persoais (psicolóxicos, xenéticos ou sociodemográficos) e do contorno (modelos que hai que imitar, convivencia con fumadores, presión de grupo, permisividade, aceptación social, baixo custo económico, accesibilidade do produto, publicidade...^{4,5}

Sen dúbida, a publicidade do tabaco ten como poboación diana os máis novos, presentando campañas expresamente dirixidas a captar novos fumadores, presentando o tabaco como algo normal, elegante, moderno, excitante, deportivo, san, liberador, e, por suposto, como un comportamento adulto, facilitador da integración grupal, e de éxito entre os amigos e por suposto co sexo oposto.^{6,7,8}

Clases sen fume organizouse por primeira vez en Finlandia en 1989, estendéndose desde 1997 a toda Europa, alcanzándose unha participación no último curso de case 500.000 escolares procedentes de 15 países.³ En España, na edición 2002-2003, participaron aulas de Barcelona, Vitoria, Logroño, Córdoba e as Comunidades Autónomas de Aragón e Galicia. (táboa 2) na edición do 2003-2004, incorporáranse as Comunidades Autónomas de Madrid e Canarias e os concellos de Grannollers e Murcia.⁹

Táboa 2. Datos de participación en España ó inicio. 2002-2003

CCAA/cidade	Centros	Clases	Alumnos/as
Galicia	55	137	3.030
Vitoria	21	83	2.059
Aragón	32	81	1.950
Barcelona	27	70	1.811
Córdoba	28	57	1.519
Logroño	9	19	481
Cerdanyola	4	13	333
TOTAL	176	460	11.183

CLASES SEN FUME EN GALICIA

Ó inicio do concurso ofértase a participación a tódolos centros escolares, públicos, privados e concertados de Galicia, que imparten estudos de primeiro ciclo de ESO, o que supón 524 centros.

En Galicia ademais de esixilo compromiso de non fumar durante 6 meses a tódolos escolares da aula, esíxese tamén ó docente ou titor do aula, de forma que se reforce o seu papel modélico e facer que as súas mensaxes sexan máis cribles. A nosa comunidade vai un paso máis adiante nos compromisos esixidos ós novos, tendo que realizar unha serie de actividades obrigatorias cun calendario de realización específico, de forma que se garanta o traballo continuado ó longo do curso escolar. Como recompensa prográmase e ofrécese diversos premios patrocinados por empresas externas á administración.

Durante o curso os escolares participantes traballarán as unidades didácticas relacionadas coa prevención do consumo de tabaco na guía "A experiencia para educar na escola. Prevención de drogodependencias" e realizarán un slogan, consistente nunha frase con representación gráfica sobre a prevención do tabaquismo e unha actividade creativa na modalidade de expresión artística (canción, obra de teatro, xogo, anuncio contra publicitario...) ou educativa (conto, páxina Web, revista ou periódico escolar, unidades didácticas...). Os responsables do programa de cada provincia visitan os centros, asesorando o desenvolvemento do programa, reforzando a intervención con charlas e proxección de vídeos e realizando medicións de monóxido de carbono en aire espirado a unha mostra de escolares para comproballo cumprimento do compromiso.

Resultados curso 2002-2003

Solicitaron participar no programa 137 aulas de 55 centros docentes (10,5%) cun total de 3.030 escolares (27% dos participantes a nivel nacional). Cumpriron tódolos requisitos do programa e chegando ó final o 94,8% das aulas e 96,4% dos escolares (táboa 3).


Táboa 3. Participación en Galicia. 2002-2003

	OBXECTIVO	ALCANZADA	
		Inicio	Final
Centros	52 (10%)	55 (10,5%)	53
Aulas	100	137	130
Escolares	2.000	3.030	2.921

O 52,6% dos participantes foron homes, o 57,3 cursaban 2º de ESO, un 76% en centros de ensino públicos e un 70% situados en zonas rurais.

En relación co hábito tabáquico dos escolares ó inicio do programa, é de destacar que o 42% deles xa experimentaran nalgún momento da súa vida co tabaco, observándose diferenzas significativas entre os homes e as mulleres (49% vs.35%), o que en relación coas prevalencias de consumo encontradas en diferentes enquisas, nos indica un certo atraso na idade de experimentación por parte das rapazas. Esta diferenza de xénero tamén se observa entre os mozos que declaran ter soamente probado o tabaco (34,2%). Chama a atención que neste grupo de idade (12-14 anos) un 4,3% dos participantes se declaren ex -fumadores. Entre o 4,1% dos escolares que se declaran fumadores, un 1,5% fuma menos dunha vez á semana, un 0,9% fuma como mínimo unha vez á semana e un 1,1% fuma tódolos días.

Gráfico 1. Relación co tabaco dos escolares ó inicio do programa



En canto ó consumo de tabaco dos titoras destacar que só o 19,5% declaran non ter probado nunca o tabaco, con escasas diferenzas por xénero (21,4% en homes e 18,4% entre as mulleres), que si se observan entre os que só o probaron (28,6% vs.19,7%), e os ex-fumadores (23,8% vs. 14,5%). Ningunha das titoras fumaba a diario ó inicio do programa.

Táboa 4. Actividades obrigatorias e temas tratados

Eslogans	
Beneficios de non fumar	40%
Efectos nocivos do tabaco	37%
Publicidade	5,4%
Actividades creativas	
Artística (teatro, canción..)	34,6%
Escrita (revistas, contos..)	35,4%
Audiovisual (powerpoint, vídeos..)	16,2%

Seguimento do programa

Durante o curso visitáronse tódalas aulas participantes e realizáronse medicións de CO en aire espirado a unha mostra representativa dos escolares sendo en tódolos casos os resultados negativos.

Como experiencia piloto, ós escolares da provincia de Pontevedra (N=709) pasóuselles un cuestionario durante os meses de febreiro-abril para avalia-los coñecementos adquiridos, a súa actitude e condicionantes fronte ó consumo de tabaco. A taxa de resposta foi do 92%, a non resposta asóciase á ausencia dos escolares da aula por enfermidade, etc.

Un 9% dos escolares recoñecen que fumaron durante o concurso (o 72% entre os que declararan un consumo ocasional ó inicio e o 91% un consumo diario). O que nos indica a necesidade de reforza-la nosa intervención neste grupo de escolares.

Na táboa 5, podemos observar que o consumo de tabaco nos participantes está claramente influenciado pola convivencia con fumadores no fogar (pais ou imáns) e no grupo de amigos. Tamén garda relación co poder adquisitivo dos mozos.

Táboa 5. Factores que poden influír no consumo de tabaco

Coñecementos/crenzas	Total (%)	F vs NoF
O tabaco é unha droga	91,6	86,6 vs 92,4
Sería mellor aceptado se fumase	7,3	20,0 vs 5,0
Convivencia con fumadores		
Fogar	62,7	77,7 vs 61,6
Grupo de amigos	47,2	97,8 vs 43,5
Nivel adquisitivo (media = 9,6 €)		
≤ 10 €	69,0	51,1 vs 70,3
> 10 €	17,3	35,6 vs 15,6

Entre os motivos para non fumar destacan os relacionados coa saúde ou coa enfermidade (79%), non lle atrae (62%) ou que non os deixan fuma-los seus pais (33%).

A idade media de experimentación situouse en 10,7 anos e a maioría dos mozos fuman o seu primeiro cigarro cos seus amigos, na rúa ou na casa dalgún deles (táboa 7).

O principal motivo para fumar foi probar sensacións novas e por que o fan os amigos.

Táboa 7. Factores que influen na experimentación e no consumo do tabaco

Lugar de consumo	Total (%)	H (%)	M (%)
Fogar/Casa de amigos	31,5	27,4	36,4
Rúa	29,4	28	31
Bar/discoteca	8,4	10,2	6,2
Centro docente	4,9	5,7	3,9
En compañía de			
Amigos	57,2	55,4	59,7
Familiares	17,1	17,8	16,3
Só	11,5	13,4	9,3
Motivos de consumo			
Probar sensacións	78,2	75,5	81,5
Fano os amigos	16,9	19,0	15,5
Non engordar	4,1	2,7	5,6
Acceso tabaco			
Danllo os amigos	50,5	45,5	56,5
Compra*	21,4	24,1	17,8

BIBLIOGRAFÍA

- 1 Enquisa sobre Drogas á Poboación Escolar 2002.(E.N.D)
- 2 Consellería de Sanidade. Programa galego de promoción de vida sen tabaco. Colección Documentos Técnicos de Saúde Pública, nº 3. 1993
- 3 The Smokefree Class Competition (An Innovate Approach to School-based Smoking Prevention. National Public Health Institute. ENYPAT. Helsinki 2002. <http://www.smokefreeclass.fi>
- 4 Soto F, Villalbí JR, Balcázar H, Valderrama J. *La iniciación al tabaquismo: aportaciones de la epidemiología, el laboratorio y las ciencias del comportamiento.* Anais Pediatría, Octubre 2002.Volumen 57, Nº 4; 327-333.
- 5 Nebot M, Tomás Z, Ariza C, Valmayor S, Mudde A. *Factores asociados con la intención de fumar y el inicio del hábito tabáquico en escolares: resultados del estudio ESFA en Barcelona.* Gac. Sanit 2002; 16(2): 131-138.
- 6 Pierce JP, Garcia M, Saltó E, Schiaffino A, Fernández E. *La publicidade del tabaco, ¿incrementa el hábito de fumar entre los adolescentes? Datos desde California.* Gac. Sanit. 2002.
- 7 Solano S, Jiménez C. *Manual de Tabaquismo.* SEPAR 2002. 2ª edición. Ed. Masson.
- 8 Guillen M, Alonso B. *Evaluación del proyecto Clases sin Humo en la provincia de Pontevedra.* Comunicación ó III Congreso Nacional de Prevención e Control do Tabaquismo. Zaragoza. Nov. 2003
- 9 Información Clases sen fume en Galicia. <http://dxsp.sergas.es>

THE 4TH ENYPAT SPRING SCHOOL (March 22-26, 2004 in Helsinki, Finland)

A training course about smoking prevention in youth

It costs only 400 Euro including flights, accommodation, course fee and one meal per day.

Content of the course:

- youth smoking prevention and cessation
- epidemiology of tobacco use
- psychosocial riskfactors for smoking
- linking science into practice

- successful international programmes
- tobacco control policies
- mass media in smoking prevention
- tobacco industry initiatives.

See draft programme at http://www.ktl.fi/enypat/school03_info.html

LECTURERS are international experts from Europe and North America.

Participation

Participation is open to nationals from EU and EEA Member States and countries entering EU in 2004. Number of participants is limited.

Application procedure

The application form is found at http://www.ktl.fi/enypat/school03_info.html More information from Liisa Penttilä at liisa.penttila@ktl.fi or info_enypat@ktl.fi ENYPAT Spring School is supported by the European Commission.

Cinco profesores de institutos de secundaria e unha representante do SERGAS representaron a Galicia na Escola de Primavera da Rede Europea de Mocidade e Tabaco

Unha semana contra o tabaco en Finlandia

Sofía Calo Vidal, José Antonio Domínguez López e Luís Fernández López
Departamento de Bioloxía e Xeoloxía. Instituto de Ensino Secundario Viana do Bolo. Viana do Bolo (Ourense).
Correo electrónico: ies.viana.bolo@edu.xunta.es

Na semana do 17 ó 21 de marzo, tres profesores do Departamento de Bioloxía e Xeoloxía do IES Viana do Bolo participamos na *Spring School* 2003 celebrada en Helsinki e organizada pola *European Network on Young People and Tobacco* (ENYPAT).

Acompañáronnos durante esa semana dúas profesoras galegas do IES As Bizocas do Grove, unha representante do SERGAS, tres médicos preventivistas do Hospital Bellvitge de Barcelona e unha funcionaria de educación de Cataluña, xunto con outros representantes de doce países europeos.

Os relatores eran profesionais de primeiro nivel incluíndo responsables de prevención tabáquica de distintos países de Europa e da Unión Europea e profesores das universidades de Texas e California.

Rede Europea de Tabaco e Mocidade (ENYPAT). ¿Para que?

O obxectivo de ENYPAT é contribuír á diminución do número de mozos e mozas fumadores por medio da colaboración internacional de países da UE, xunto con Noruega e Islandia, mediante intercambio de información e programas conxuntos.

O labor é realizado por máis de 1500 membros que traballamos nos campos da xuventude, tabaco e saúde e é financiado polo programa Europa contra o Cancro da Comisión Europea.

Todo comezou en Edimburgo no ano 1993 pero dende 1997 a sede de ENYPAT está en Finlandia. Actualmente estanse a levar a cabo cinco programas:

- Smokefree Class Competition (que na nosa terra é levado pola Consellería de Sanidade co nome de "Clases sen fume" na que participan numerosos centros de secundaria entre os que se inclúe o noso instituto).
- Quit and Win-Do not Start and Win Competition (na que participa Andalucía).
- Spring School (curso sobre tabaco do que relatáremolos temas de maior interese tratados nesta última edición).
- Smokefree Youth Conference.
- Gender differences in smoking in young people.

ENYPAT actúa como un intermediario entre os servizos da Comisión Europea e as administracións dos distintos estados participantes que desenvolven os programas independentemente. Este traballo é necesario posto que o financiamento non é só responsabilidade dos distintos países, senón que parte é achegada polo programa "Europa contra o cancro". ENYPAT ten como unha das súas funcións a realización de informes avaliando os resultados obtidos e a supervisión dos programas.

Nota: Se queredes máis información de ENYPAT e sobre como participar nos seus cursos, podedes entrar na súa páxina: www.ktl.fi/enypat

Non só o pulmón, todo o corpo se arruína. O mellor, non empezar

Aínda que o cancro de pulmón é a patoloxía que máis rapidamente asociamos ó uso do tabaco, a investigación epidemiolóxica foi alongando, e continúa facendo, a lista de dianas nas que incide negativamente o cigarro. A doutora Kristiina Patja, coordinadora de tabaco e saúde do Instituto Nacional de Saúde Pública de Finlandia, puxo ó día ós asistentes

da última información recollida ata o momento sobre a incidencia do tabaco na saúde.

¿Por que os adolescentes deberían escoitarnos? —preguntábase a doutora— Os datos respóndenllos á pregunta e non deixan lugar a dúbidas: o 95% dos cancros pulmonares e o 90% das enfermidades pulmonares obstructivas crónicas (EPOC) teñen como orixe o tabaco. As enfermidades cardiovasculares tamén se fan compañeiras de viaxe do cigarro. Fumar aumenta de 1,5 a 2,5 veces o risco de padecer unha enfermidade cardiovascular; de 4,6 a 6 veces o risco de sufrir un infarto cardíaco —neste caso o risco das mulleres é máis alto có dos homes— e de 2,7 a 3,7 veces o risco de infarto cerebral. Debemos lembralo impacto que teñen este grupo de enfermidades na mortalidade nos países desenvolvidos e na calidade de vida dos superviventes. Cada segundo un fumador morre debido ó seu hábito.

A ciencia médica na actualidade relaciona o hábito tabáquico con enfermidades do cerebro e sistema nervioso, corazón, pulmón e sistema respiratorio, vasos sanguíneos, tiroide, pel, ósos, fígado, riles, sistema endócrino, intestino, funcións reproductoras, feto, sistema inmune, ollos e páncreas. En palabras da relatora, pode resultar máis eficaz co alumnado insistir na mensaxe de que o uso do tabaco "*arruína todo o corpo*", máis que entrar en demasiados detalles de puntos concretos.

A nicotina viaxa moi rápido dende o cigarro ata os lugares onde ataca, entre eles o seu obxectivo preferido: o cerebro. Despois da calada, é absorbida polo sangue dende os alvéolos; en segundos atravesará a barreira hematoencefálica e "convencerá" ó posible fumador. Pode entrar en contacto cos receptores cerebrais entre os 5 e os 10 segundos, estando en concentración estable no plasma ós 2 minutos. A vida media no plasma é de aproximadamente 2 horas, antes de remata-lo seu camiño destructivo ó ser excretado pola urina.

O camiño da nicotina cara á dependencia pode variar duns individuos ós outros. Hai diferencias individuais en canto ó número de receptores de nicotina, desenvolvemento máis ou menos rápido de tolerancia á droga, metabolismo desta e a propia personalidade do individuo. Polo tanto a xenética pode interaccionar co ambiente (publicidade, interaccións sociais, aprendizaxe, interacción con líderes) para facer a un rapaz ou rapaza fumador. Determinados xenes do metabolismo da nicotina, ou o xene DRD2 están envoltos, segundo investigacións recentes, na dependencia tabáquica.

O tabaco ten efectos a curto e longo prazo. O desenvolvemento dun cancro relacionado co hábito de fumar (pulmonar, faríngeo, laríngeo, da cavidade oral, da lingua, do esófago, da vexiga, útero, ril, estómago ou algún tipo de leucemia) serían exemplos do segundo grupo de efectos. Pola contra, determinados cambios na pel e na dentadura aparecen moi pronto no fumador. Aínda que menos graves, non se deben esquecer nas aulas, porque, ás veces, un adolescente non valora o risco a moi longo prazo e pode darlle máis importancia a cuestións moito máis próximas para eles. Realmente, na práctica docente, case sempre insistimos nas consecuencias máis graves, non nas máis inmediatas. Un cambio neste aspecto pode ser un avance.

En relación coa saúde bucal, hai que sinalar que o tabaco é un factor de risco moi importante para as enfermidades periodontais, debido ó elevado poder vasoconstrictor da nicotina que reduce o fluxo sanguíneo á enxiva. Nembargantes, os efectos máis coñecidos son o escurecemento dos dentes que se produce nos fumadores, independentemente da hixiene bucal que teñan, cunha incidencia estética moi notable.



Ademais, a placa bacteriana e os depósitos calcificados son maiores nos fumadores. Os cambios en tecidos brandos na boca aparece entre a segunda e a terceira semana despois do inicio do hábito.

Na pel os cambios tamén son rápidos. De novo o efecto vasoconstrictor da nicotina reduce o fluxo sanguíneo, diminuindo a chegada de osíxeno e nutrientes ás células da pel. As oclusións microvasculares e isquemias locais son frecuentes. A pel do fumador perde elasticidade pola diminución dos compoñentes da elastina e da matriz de metaloproteínasa.

¿Que acontece cos ósos dun fumador? O risco de osteoporose aumenta co uso do tabaco. A densidade mineral ósea pode chegar a ser un 6% máis baixa en relación a un non fumador. Obviamente o risco de fractura aumenta paralelamente. Un fumador de 60 anos ten un aumento no risco de fractura de cadeira do 17%, se a persoa ten 80 anos o risco aumenta ata un 80% e nos 90 anos o risco é un 108% maior ca un non-fumador.

O tabaquismo é unha adicción física e psicolóxica e polo tanto o sistema nervioso vai ser un candidato clave para acumular moitas das accións e efectos do tabaco; sobre todo da nicotina, que se constitúe como un axente farmacolóxico de alta potencia. A industria do tabaco ten como obxectivo o cerebro; se é o dun adolescente moito mellor, máis fácil de convencer, sendo ademais un cliente a longo prazo.

A nicotina actúa directamente sobre o cerebro tendo receptores específicos no Sistema Nervioso Central (SNC). Estes receptores teñen ademais unha influencia sobre outros subsistemas do SNC, como os mediados por serotonina ou dopamina, ben excitándoos, ben reprimíndoos. Ademais a nicotina ten unha acción directa no sistema ACTH que é crucial no funcionamento xeral do cerebro. Estes efectos directos e indirectos fan da nicotina unha droga terriblemente potente.

Os cambios a nivel do SNC ó comeza-lo hábito levan ós rapaces a unha meta posiblemente non buscada: a adicción. A isto axuda claramente o carácter estimulante da nicotina e o incremento numérico e aumento da sensibilidade dos receptores, nas 3 a 6 semanas dende o comezo do hábito. Despois desta fase, os cambios continúan. Hai experimentos en cerebros de ratos que demostran un descenso de serotonina, un aumento dos niveis de corticosteroides, unha inhibición da resposta ó estrés crónico, unha activación da actividade epinefrínica e norepinefrínica e un aumento na liberación de hormonas neuro e adenohipofisarias (ACTH, TSH, PRL, LH). Parece estar claro que os cambios no SNC son amplos; e a través do sistema neuroendócrino, a regulación hormonal tamén se ve afectada.

A sexualidade e a reprodución non quedan inmunes ós efectos do fume do tabaco. As fumadoras presentan menos ovulacións na etapa fértil cás non fumadoras, ademais, durante o proceso, o número de oocitos maduros tamén diminúe co tabaco. A menopausa adiantase e a impotencia masculina vese favorecida. Outros cambios, como a maior delgadeza da mucosa e alteracións de niveis hormonais (LH, PRL), permiten afirmar que hai unha obstaculización estrutural e hormonal do embarazo. Ademais aumenta a infertilidade en ámbolos sexos, sobe ata 4 veces a posibilidade de fracaso en tratamentos de fertilidade, e os abortos espontáneos poden aumentar de 3 a 8 veces dependendo do número de cigarros diarios fumados.

Xa desde hai moitos anos aconséllase que durante o embarazo a muller deixe de fumar; os riscos para o feto son elevados. O neonato dunha fumadora pode pesar entre 150 e 300 gramos menos có dunha muller

que non fumou durante o embarazo; de feito calcúlase que o 21% dos neonatos de baixo peso se relacionan co hábito da súa nai. O baixo peso pode levar asociado complicacións logo de nacer e problemas cognitivos e de comportamento do neno nos anos posteriores. A nicotina chega ó feto, non existe barreira posible, de feito a concentración deste tóxico no sangue e órganos do feto é máis alta ca na nai fumadora. Logo de nacer, non está libre de seguir sendo contaminado, xa que no leite da nai a nicotina está nunha concentración tres veces maior ca no sangue. Esta nicotina afectará o neno, provocando cambios estruturais no cerebro do feto. O risco aínda pode ser maior, unha das patoloxías máis temibles para os pais é a morte súbita do neonato, pois ben, unha muller que fume durante o embarazo entre 11 e 20 cigarros/día provoca no seu fillo un risco tres veces maior do normal de ter morte súbita. Se a fumadora deixa de fumar durante o embarazo o risco de morte súbita do fillo reduce nun 10%. Non cabe dúbida, que no caso dunha embarazada, o hábito tabáquico implica algo máis cá ela mesma, de feito recomendou a relatora que en toda a UE a educación das embarazadas debería incluír programas de prevención tabáquica.

Se pasamos polo quirófano, fumar tamén traerá problemas. Un simple 'lifting' para un fumador facilitará a formación de escaras nunha porcentaxe do 74% máis que con respecto ás que non fuman. Nunha operación de peito as complicacións poden aumentar dun 30 a un 50%.

Non hai dúbida de que os adolescentes deberían escoitarnos. Pouco ou nada hai de positivo con esta adicción. Os rapaces cren que fumar adelgaza, e isto parece estar de moda, ás veces desagradablemente. Pensan que pode ser unha vantaxe. Pois nin isto é unha vantaxe. Fumar non adelgaza directamente, o que fai é aumenta-lo metabolismo basal nunha media de 20 kcal/día, e coa mesma alimentación, isto leva á redución de peso. E por este motivo, segundo un traballo de *International Journal of Obesity*, o uso do tabaco polas adolescentes cada vez está máis relacionado con conductas alimentarias alteradas. Neste caso xuntamos dous problemas.

¿Poden os adolescentes, os seus mestres e profesores, os seus pais ou os seus médicos, dar unha boa razón intelixente para seguir fumando?

A publicidade do tabaco e os adolescentes

As compañías tabaqueiras teñen ben claro dende sempre que, se pretenden mante-las súas vendas ou incluso incrementalas, teñen que incidir nas súas campañas publicitarias nos novos posibles compradores: os adolescentes.

En 1984 RJ Reynolds comentaba que os mozos son a única fonte para substituí-los fumadores, e que se eles deixan a un lado o tabaco, a industria iría en declive, como diminuíría o número de individuos nunha poboación na que non houbera nacementos.

Para referirse á mocidade fumadora a industria tabaqueira adoita usa-lo eufemismo de "younger adult smokers", ou adultos máis novos fumadores, tentando deste xeito maquillar esta práctica de captación de menores para os seus intereses.

Estas grandes industrias coñecen moi ben os adolescentes, que é o que estes procuran e sobre todo como facerlles ver un produto como apetecible. Eles van tentar que os cigarros e o feito de fumar resulten:

- Desexable (e de moda)
- Aceptable (social e culturalmente)
- Accesible (dispoñible e asequible)
- Aditivo (consumo ó longo do tempo).

O magnate Philip Morris declaraba en 1969 que un cigarro para quen se inicia no hábito é un acto simbólico que quere dicir "eu xa non son o nenito de miña nai, son un aventureiro..." e que mentres a forza do simbolismo psicolóxico subsiste, o efecto farmacolóxico actúa e acaba por rematar en hábito.

Con todo isto as técnicas utilizadas para achegar-lo produto ós mozos son: anuncios en valados e en xornais, mediante patrocinadores, publicidade no punto de venda, merchandising, correo, a internet... Tamén mediante ofertas, con máquinas expendedoras en determinados lugares, mediante o deseño do paquete...

Mediante todas estas técnicas téntase que fumar sexa identificado como algo: glamuroso, sofisticado, divertido, romántico, sexy, saudable, deportivo, de moda, social, relaxante, emancipación, liberador, rebelde, adelgazante ou guai.

Así os rapaces relacionarán a imaxe que queren dar cunha determinada marca, e o tabaco será un sinal máis da identidade que aínda están a forxar.

O tabaco proporcionaríalles a estes adolescentes a aceptación social tan buscada e outra serie de beneficios con respecto á súa imaxe.

Todas estas ideas que as tabaqueiras tentan relacionar cos seus produtos vense claramente reflectidas nos seus anuncios, todos cheos de xente nova, sa, guapa, delgada e guai, sempre pasándoo ben e tan independentes. Neles úsanse frases como reclamo expresando estas ideas: "Así como son", "Desfrútao ó teu xeito", "O sabor de agora", "Próbaoo", "Eu escollo"...

Con todos estes anuncios conséguense recrutar novos fumadores á vez que diminúe o desexo de deixalo dos que xa levan tempo fumando.

Tamén se tentou relaciona-las marcas cos deportes máis activos, que crean unha imaxe máis dinámica e excitante como é o caso da fórmula un, a navegación, o baloncesto ou o jockey sobre xeo.

Esta publicidade encuberta é tamén moi usada no anuncio de concertos e festas en pubs e discotecas. A prohibición da publicidade de tabaco fixo que as tabaqueiras ocultaran o seu produto entre as páxinas de moda das revistas xuvenís mostrando modelos coñecidas fumando mentres posan ou incluso mostrando paquetes.

É por iso que o deseño do paquete é importante para os adolescentes, pois nos bares e pubs é o primeiro que cada quen coloca sobre a mesa, como dicindo "aquí estou co meu grupo, integrada e pasándoo ben".

As tabaqueiras saben ben que os adolescentes son o seu segmento de mercado prioritario, os que queren as cousas no momento que eles queiran e onde queiran, de modo que hai que facilitarlle-lo acceso.

Actualmente, debido ás restriccións que os anuncios de tabaco están a ter, o novo lugar onde anunciarse con total facilidade chegando á mocidade é a internet, unha nova vía aberta de control por agora imposible para pais e autoridades.

A relatora concluíu que:

- Hai máis cousas que anuncios para vender un produto.
- As empresas buscan novas vías para chegar ó cliente co fin de sobrevivir e a internet é o último.
- Hai que estudia-las compañías de tabaco e entenda-la xente nova para descubri-las posibles actuacións neste campo.

Loita contra o tabaco:

Smokefree Class Competition-Clases sen fume

Foi o primeiro programa realizado por ENYPAT, e o seu éxito permitiu a aparición de tódolos demais.

Cando comezou en 1997 só sete países participaban e en catro anos o número de estados chegou a 15 (375000 estudantes de entre 12 e 14 anos). Actualmente países como Suíza, Israel e Sudáfrica organizan o concurso e moitos países sudamericanos mostran o seu interese no proxecto.

Os obxectivos da competición son:

- Prevención ou atraso do inicio do tabaquismo en alumnos que non fuman
- Redución ou cesamento do consumo de tabaco por parte dos mozos que comezan a experimentar co tabaco para que non se convertan en fumadores habituais.

No concurso participan rapaces de 1º e 2º de ESO, por seren estes os cursos nos que os rapaces comezan a experimentar co tabaco. Os alumnos do IES Viana do Bolo participan este curso por primeira vez nesta idea. Os traballos dos alumnos de Viana foron expostos durante a semana en Finlandia.

Os alumnos das clases participantes asinan un compromiso co seu profesor de non fumar durante un período de seis meses. Ademais disto, os rapaces realizan slogans e actividades creativas tratando como temática o tabaco e na aula trabállase o tema por medio de charlas, vídeos, debates...

A Consellería de Sanidade realiza aleatoriamente entre os participantes controis, someténdoo a proba do coxímetro.

Tódolos concursantes dos países participantes poden chatear uns cos outros por medio dunha páxina da internet, favorecéndose así a comunicación que un programa europeo require.

PREVENCIÓN DO TABACO NA ESCOLA

Un grupo de traballo específico sobre o tema da prevención e tratamento do problema do tabaco nas escolas, reuniu a educadores, traballadores de centros de saúde e psicólogos de varios países de Europa (Suecia, Austria, Irlanda, Gran Bretaña e España). Neste grupo participamos docentes do IES Viana do Bolo e do IES As Bizocas. Todos achegámo-las nosas experiencias e ideas para intentar facer un informe global sobre a situación actual das políticas antitabaco nos centros europeos. A experiencia foi enriquecedora xa que compartir experiencias e abrirse a novas ideas é a mellor maneira de avanzar.

O primeiro que se tratou de facer foi unha análise de cómo están incluídos os temas relativos ó tabaco nos diferentes currículos: neste senso destaca o feito de que tódolos países representados teñen a educación da saúde, ben como tema transversal ou como materia específica, nos seus currículos. Algúns dos representantes pensan que é moito máis útil isto último, xa que se só aparece a problemática do tabaco como parte dun tema transversal pode ocorrer que nunca se aborde seriamente o problema, co que os efectos quedan diluídos entre toda a materia. No noso país existe na actualidade unha materia optativa no segundo ciclo da ESO chamada Ciencias do Medio Ambiente e da Saúde, que non se recolle na Lei de calidade do ensino. É moi necesario, se se quere que as políticas antitabaco funcionen, que na escola se lle dedique o tempo e os cartos precisos para aborda-lo tema do tabaco en profundidade. Coincidimos todos en que os recursos (tanto humanos como económicos) son insuficientes se o que se quere é facer un traballo útil nas escolas para previlo tabaquismo nos alumnos.

En moitos países a escola conta entre os seus traballadores con enfermeiros de escola, e incluso con médicos de escola e odontólogos, que se encargarían tanto da atención inmediata, como das revisións, e levan a cabo tamén unha política preventiva onde aparecería, por suposto, a información ó alumnado sobre o tabaco. Aquí en España, ás veces parece que a educación e a saúde están totalmente desligadas, debería impulsarse a relación do médico ou do enfermeiro coa escola, sempre en colaboración cos profesores da área da saúde. Un proxecto de saúde debe contar dende a planificación con docentes e sanitarios.

Por desgracia hai algo que nos une, a loita constante entre os educadores, as familias e a cultura. Lévanse a cabo en toda Europa cursos e campañas para as familias sobre temas de prevención nos que se observa que o interese por parte dos pais é escaso, e moito máis se compáramo-los relatorios sobre prevención do tabaco cos relatorios que tratan outros tipos de drogas (culturalmente, aínda se considera que o tabaco non é unha droga). Deberíase actuar a partir de agora nesa liña, procurando por exemplo que as campañas non queden só na escola, senón que se trasladen tamén á rúa, favorecendo políticas que impliquen un achegamento máis íntimo entre a escola e a comunidade.

Algo quedou claro e é moi importante recordalo sempre, un mestre fumando na escola, ás vistas dos alumnos, é a peor contribución que a escola pode facer á educación para a saúde. Ensínase co exemplo.

Unha semana de moito interese para calquera mestre, e un novo impulso para que a transversalidade teña máis presenza nas nosas clases. Temos que agradecer-la estupenda organización do evento por parte dos responsables do Ministerio de Sanidade de Finlandia. Como despedida quixeron facernos participes de algo seu, a súa natureza; qué mellor que un longo paseo por lagos e bosques conxelados, que remataron cunha sauna finlandesa, alternada con baños nun buraco feito no xeo. Parece que é saudable para o sistema cardiocirculatorio, en calquera caso moito mellor ca unha calada. Saúde.

Agradecementos: á Delegación Provincial da Consellería de Educación por facilita-la nosa participación, á Comisión Europea por permitila, e á profesora Cruz García Sumay polas correccións gramaticais e de estilo.

O teatro como recurso na educación do alumnado con necesidades educativas especiais

M^a Saúde Iglesias Fernández
CEE Miño. Velle- Ourense

Entendemos que a educación de nenos e nenas con NEE debe consistir no desenvolvemento das súas capacidades para formar persoas o máis felices posible.

O noso centro escolariza alumnos e alumnas de 3 a 20 anos, con necesidades educativas especiais que requiren adaptacións significativas no currículo oficial que lle correspondería por idade, tendo en conta que a súa capacidade de adaptación e de integración normal son inviables en centros ordinarios. O desenvolvemento do alumnado con NEE é abordado partindo do principio de globalización, de forma integral con actividades de expresión en tódolos niveis, lúdica, creativa como é a dramatización e o teatro.

Hai moitos anos que tomámo-la expresión dramática como unha actividade destacada e habitual na nosa escola. De todos é recoñecida a súa importancia polo que supón de motivadora para os alumnos e alumnas e porque engloba tantas áreas como obxectivos que hai que traballar. Na expresión teatral teñen cabida tódalas linguaxes: verbal, xestual, plástica, dinámica, simbólica etc...

O ano pasado traballámo-la educación vial a través do conto "Conto da avoa: Brancaneve" e este ano desenvolvémo-lo proxecto: "Pasa si, pasa non", que son unha mostra da tarefa de educar en valores para a vida, de conseguilo maior autoavaliamento, de desenvolver capacidades expresivas e comprensivas, que son en definitiva, os grandes obxectivos que hai que acadar cos proxectos.

"Pasa si, pasa non", é un proxecto que leva implícita unha mensaxe reiterativa-educativa dos valores básicos da vida diaria.

A orientación no espazo e no tempo, a coordinación en grupo, os máis e os menos dotados, a adecuación de cada personaxe coas súas características e as súas individualidades, a súa socialización integrada... A distribución do espazo, do movemento nel...

A observación do medio físico e natural é o noso punto de partida, a recreación súa no espazo-aula empregando tódalas artes e técnicas expresivas que teñan lugar, unha estética recreada... a estimulación do pensamento e do feito creativo.

Observámo-las cores, as formas, a súa experiencia, os lugares representados: bosque de Brancaneve, o pobo de "Ribeiriño de Arriba". Traballamos cos elementos da natureza: en lugar destacado o Sol como astro-rei, é o gran semáforo natural que preside o universo regulando as horas e o quefacer diario: erguerse, comer, xogar, volver á casa, durmir...



A cor verde é a da vía libre da natureza (cando é respectada), os cogomelos venenosos son vermellos (non tocar), aparecen algunha vez como sinal de perigo e están no labirinto deica a cabana onde a Madrastra se esconde coa mazá envelenada. E unha senda verde, o camiño deica á casa dos Ananos por onde vai Brancaneve, guiada polos coelliños (solidariedade).

Na obra "Pasa si, Pasa non", o centro de atención é o semáforo da rúa, construído no obradoiro da carpintería do colexio coa colaboración dos nenos e nenas. Coas tres luces de cor convencional: vermella, amarela e verde, os nenos/as coñecen a clave mediante a adiviña que todos recitan:

"Ten ollos de tres cores
a min non me pode ver
ten ollos de tres cores
eu teño que velo a el."

O Mago Miro é como o fío condutor, o que anima a mirar, a responder dando vida ó relato. Foro, é o mozo-semáforo que dá ou non paso a cada personaxe mediante a linguaxe da luz e da cor.

Os personaxes, entre a realidade e a fantasía, representan os contos infantís máis populares, algún outro máis con contido educativo determinado, como o "Mariñeiro respectuoso do mar"...

Pasan con luz verde, os Reis do país das Letras, o Rei U, e a Raíña A, que van motorizados (P.C. en cadeiras de rodas) visitan o pobo de Ribeiriño de Arriba situado nas montañas, na ribeira dun río con gran beleza e sentido ecolóxico. Pasan ademais Brancaneve, O Ceguiño guiado polo son dun paxariño, o Mariñeiro, a Fada Madriña con Pinocho, Carapuchiña Vermella coa merenda para a avoa, o Soldadiño de chumbo a toca-lo tambor...

Non pasan por teren luz vermella, a Madrastra de Brancaneve, o Pirata maltratador do mar, o Lobo, o Raposo Pillabán, Guerreiro Loitador...

Con luz verde intermitente pasan as catro Pombiñas Mensaxeiras que levan a Paz a tódalas partes do mundo.

Os personaxes rexeitados seguirán outro ruiro deica onde viñeron.

Como remate pasan todos o paso de cebrá con luz verde, tendo en conta que emendan a súa conduta os que a tiñan negativa. As condutas negativas van asociadas coa idea de perigo, á luz vermella.

A luz verde representa as condutas desexables, a Paz e a harmonía universal como valor primordial para unha convivencia feliz.

A vivencia do espazo real é traspasada ó espazo gráfico trasladando os conceptos adquiridos entrando así na abstracción.



A vivencia do ritmo no espazo e na palabra mediante os textos recitados e a entoación de cantigas.

A relación de feitos e personaxes en fichas de traballo de orientación espacial, de cores e formas, de imaxes, palabras e textos.

A construción de monicreques representan os personaxes que interveñen, serven de repaso e fixación do esquema corporal, así como a súa caracterización e posterior relación entre eles, supón un exercicio de habilidades manuais e de comprensión, de prelectura e preescritura, coa colocación do letreiro que relaciona a cada personaxe co seu nome, e os correspondentes ós sinais de circulación e círculos da cor do semáforo.

O traballo continúa coa confección dun libro con imaxes fotográficas da actuación e a impresión do texto na aula de informática. Os nenos e nenas capaces len o relato, e outros as imaxes. Cada un recoñécese a si mesmo con satisfacción. Algún sen saber ler reconstrúe o texto que ten memorizado ó completo.

É de salienta-la motivación que supón para todos a participación activa, sen seren simples espectadores.

Desde o punto de vista do profesorado é un traballo de equipo non posible sen colaboración. Aproveito a ocasión para agradecer a cantos ó longo dos anos prestaron o seu apoio para que este traballo fose posible.

Todo o material de ambientación, decorados, vestiario, accesorios, etc... foi realizado nos obradoiros de expresión do centro.

Cabe a satisfacción de que o traballo desenvolvido foi recoñecido, sendo premiados ámbolos dous proxectos pola Dirección Xeral de Tráfico: "A orientación espazo-temporal e a educación vial" co Premio Proxectos Educativos da Dirección Xeral de Tráfico 2002, e por "Pasa si, pasa non" co premio Guión de Teatro 2003 e recentemente co primeiro premio nacional do concurso de teatro en educación vial.

Realizado polo grupo xuvenil "Música Viva" do colexio de educación especial Miño de Velle-Ourense e coordinado por M^a Saúde Iglesias Fernández.



Proxecto de formación e asesoramento do profesorado en centros docentes non universitarios

A mellora da calidade educativa a través dunha introducción efectiva dos temas transversais no currículo

José Antonio Díaz Escolante
CEIP "Veleiro Docampo". Castro de Ribeiras de Lea. Lugo

Con este título, e ó longo do curso 2001-2002, desenvólvese no CEIP Veleiro Docampo de Castro de Ribeiras de Lea (Lugo) un proxecto de formación e asesoramento do profesorado en centros educativos.

A idea de levalo a cabo xorde da necesidade de ofrecerlles ós/ás alumnos/as deste centro educativo un currículo educativo un pouco máis axustado ás actuais esixencias da sociedade, que obrigan dalgún xeito a asumir unha serie de contidos imprescindibles para acadar no alumnado unha formación o máis integral posible; estámonos a referir, claro está, ós contidos transversais.

Estes contidos, que nun principio carecen de "área" de inclusión propia, aínda na actualidade seguen sen incluírse nos currículos dun xeito "normalizado", "sistemático", "institucionalizado"..., e polo que levamos lido, coa nova reforma educativa (LOCE) tampouco se fará nun prazo breve de tempo, e menos dun xeito "horizontal" como ocorre con calquera dos contidos das outras áreas curriculares; os contidos transversais, a maioría das veces, trátanse e seguiranse a tratar (polo visto) "por riba", "lixeiramente", "superficialmente",..., e sobre todo, "informalmente".

De aí, que a principal finalidade deste proxecto de formación xire ó redor da introducción dos temas transversais no currículo; o que levará implícito, dalgún xeito, a elaboración, preparación, localización,... de materiais didácticos; e a realización de actividades cos/as alumnos/as,... axeitados/as ás súas necesidades neste tipo de temáticas, etc.

Como **obxectivos**, o proxecto de formación propónse inicialmente a consecución de:

- *Establecer no profesorado participante unha formación e fundamentación teórico-práctica sobre as diferentes temáticas transversais.*
- *Capta-la opinión que os diferentes compoñentes da comunidade educativa (pais, nais, alumnos, profesores,...) tiñan sobre os temas transversais e do tratamento que actualmente reciben estes no proceso educativo no que está inmerso o centro.*
- *Propoñer e implementar unha proposta didáctica de cambio dentro do proceso de ensino-aprendizaxe no que están inmersos os/as alumnos/as e profesores do centro, partindo das diferentes temáticas transversais, que redundasen, en definitiva, nunha mellora da calidade do ensino.*

No referente ó primeiro obxectivo, dicir que a consideración maioritaria do profesorado participante é que a súa **consecu-**

ción só foi **parcial**, pois aínda que se incrementaron notablemente os coñecementos sobre os temas transversais, a súa contextualización, o seu tratamento, a súa didáctica, a súa avaliación,... tamén se tomou conciencia da magnitude desta temática e quedou claro, que aínda queda moito que facer na formación relativa a este campo.

No referente ó segundo obxectivo, o profesorado participante no proxecto, considera que a súa **consecución** foi se cabe **aínda máis satisfactoria do que nun principio se esperaba**, pois na captación da opinión realizada no propio profesorado, alumnado e pais de alumnos, á parte de concretarse en tódolos aspectos desexados, os resultados concederon unha información considerada como moi valiosa para futuras actuacións de traballo na temática transversal. Presentamos a continuación as principais.

CONCLUSIÓNS

A. Extraídas dos datos achegados polos profesores

Os mestres:

- Aprecian nos seus alumnos problemas directamente relacionados coas temáticas transversais.
- Consideran que o centro educativo é un dos lugares máis idóneos para, por medio do proceso educativo, tentar eludir, suavizar,... ese tipo de problemas.
- Admiten que existen "condicionantes" no contorno do centro educativo que o inducen a un tratamento dos T.T.
- Observan que os alumnos aceptan de bo grao calquera tipo de actividade relacionada coas temáticas transversais.
- Recoñecen que os contidos transversais complementan os restantes contidos curriculares.
- Confesan que as "directrices" para o tratamento dos contidos transversais non están recollidas dun xeito "adechado" nos distintos niveis organizativos do centro: PEC, PC, PA, RRI, etc.
- Declaran que non teñen o hábito da coordinación e da colaboración para a realización de "actividades" relacionadas coa transversalización. Adoitan caer na trivialidade de seguir no individualismo e na realización de actividades puntuais, esporádicas,...; aínda que admiten estar dispostos a realizar un "labor educativo" coordinado.
- Revelan que non teñen costume de considera-los contidos transversais como "criterios" á hora de realiza-la avaliación educativa.
- Non consideran axeitado o tratamento que dos T.T. fan os distintos libros de texto.
- Aprecian insuficientes os recursos didácticos existentes no CE para o tratamento dos T.T.

- Admiten que a maioría das veces non son os impulsores das distintas iniciativas que levan ó desenvolvemento de actividades relacionadas coa transversalización, e que as propostas (desde fóra) tamén presentan, na maioría das ocasións, unha deficiente adecuación ás verdadeiras necesidades dos alumnos.
 - Dubidan da boa consideración por parte dos pais sobre un "axeitado" tratamento dos T.T. no CE.
 - Resaltan a ausencia da imprescindible colaboración dos pais para o tratamento dos T.T. dentro do proceso educativo dos seus fillos.
 - Consideran ineficaz o labor da APA no que os T.T. se refire.
 - Admitirían de bo grao toda a colaboración posible para levar a cabo o proceso de ensino dos contidos transversais.
 - Consideran negativa a forte influencia que os medios de comunicación social teñen nos alumnos no relativo ós valores, actitudes,... dos alumnos.
 - Estiman insuficiente a súa formación profesional para o tratamento destas temáticas; mais tamén manifestan estar dispostos a participar en actividades de formación que solventen esta adversidade.
 - Séntense pouco satisfeitos co seu labor profesional no desenvolvemento deste tipo de temáticas.
 - Revelan que este tipo de temáticas xa eran tidas en conta nos currículos con anterioridade á LOXSE, aínda que ocasionalmente, con menos profundidade,...; recoñecen que a reforma modificou o seu "tratamento".
 - Teñen a consideración de que en canto ó tratamento dos T.T. o centro no que desempeñan o seu labor educativo é "un máis" (nin mellor nin peor) da rede de centros educativos da Comunidade Autónoma.
- #### B. Extraídas dos datos achegados polos pais
- Os pais:
- Aprecian nos seus fillos problemas relacionados directamente coas temáticas transversais.
 - Entenden que a formación neste tipo de temáticas é importante para o futuro dos seus fillos.
 - Consideran que a familia xunto co centro educativo son dous dos lugares máis idóneos para, por medio do proceso educativo, tentar eludir, suavizar,... ese tipo de problemas.
 - Admiten que poden contribuír persoalmente na formación dos seus fillos neste tipo de temáticas.
 - Revelan dispoñer no seu domicilio de recursos para o tratamento educativo destes temas.
 - Perciben nos seus fillos interese polas temáticas transversais.
 - Observan que os seus fillos aceptan de bo grao calquera tipo de actividade relacionada con este tipo de temáticas.

- Recoñecen que os contidos transversais complementan ós restantes contidos curriculares.
- Declaran ter coñecemento da realización de actividades relacionadas cos T.T. no centro educativo ó que asisten os seus fillos.
- Admiten estar satisfeitos co labor educativo do profesorado no referente a estas temáticas.
- Confesan a súa nula colaboración co profesorado para o desenvolvemento dos T.T.
- Estiman que os libros de texto non son recursos didácticos suficientes para o tratamento dos contidos transversais.
- Apreciarían toda a colaboración posible co profesorado para levar a cabo o proceso de ensino dos contidos transversais.
- Consideran insuficiente a súa formación para o tratamento destas temáticas; mais tamén manifestan estar dispostos a participar en actividades de formación que solvente esta adversidade.
- Entenden que as problemáticas do contorno no que se desenvolven os seus fillos son tidas en conta á hora de programar as actividades relacionadas cos T.T.
- Consideran ineficaz o labor da APA no que os T.T. se refire.
- Revelan que este tipo de temáticas xa eran tidas en conta nos currículos con anterioridade á LOXSE (cando eles estudiaban), aínda que ocasionalmente, con menos profundidade,...; recoñecen que a reforma modificou o seu "tratamento".
- Teñen a consideración de que en canto ó tratamento dos T.T. o centro educativo o que asisten os seus fillos é "un máis" (nin mellor nin peor) da rede de centros educativos da Comunidade Autónoma.

C. Extraídas dos datos achegados polos alumnos

Os alumnos:

- Recoñecen padecer múltiples problemas relacionados directamente coas temáticas transversais.
- Admiten descoñece-lo xeito de evitar, atenuar, responder,... a eses problemas.
- Revelan que as fontes de "formación", "información", ... sobre esas temáticas se reducen a pouco máis que á familia e ó colexio.
- Entenden que a formación neste tipo de temáticas é importante para o seu futuro desenvolvemento.
- Estiman que as temáticas transversais son tan importantes como o resto de áreas curriculares.
- Admiten participar de bo grao en calquera actividade relacionada cos T.T. que se lles propoña ou teña proposto.
- Perciben que no centro determinadas temáticas transversais non se traballan suficientemente.
- Aprecian colaboración entre os seus mestres e os axentes externos que achegan "actividades" transversais ó centro.
- Considéranse avaliados polos seus mestres sobre os contidos transversais.
- Evidencian a escaseza de recursos para o tratamento dos T.T. tanto no centro educativo como nos seus fogares.
- Declaran recibir información sobre as distintas temáticas transversais dos medios de comunicación social.
- Observan as súas familias interesadas en que adquiren os contidos transversais.
- Aprecian o tratamento dos temas transversais nos libros de texto das diferentes áreas e en libros específicos da biblioteca do centro.
- Opinan que o profesorado ten a suficiente formación para o "tratamento" dos T.T.
- Entenden que a formación dos seus pais para axudalos na formación relativa ós T.T. é insuficiente, sobre todo nalgunha temática concreta.
- Consideran interesante e oportuna a colaboración de persoas nun principio alleas á súa formación para axudalos no seu proceso formativo nas temáticas transversais.

No que se refire ó terceiro obxectivo, diremos que dentro da proposta didáctica cos/as alumnos/as se levaron a cabo as seguintes actividades:

Elaboráronse carteis informativos e sensibilizadores dos contidos transversais; preparáronse instrumentos de captación de opinión (questionarios) relativos ós temas transversais para aplicar ós distintos compoñentes da comunidade educativa; realizáronse postas en común e debates sobre aspectos, conceptos,... teóricos relativos ós temas transversais; e fíxose especial fincapé nun **programa de educación vial** no que se prepararon carteis informativos que tocaban aspectos como: os sinais de tráfico, o comportamento das persoas como peóns, e o comportamento como usuario de vehículos,...; pasáronse vídeos con conceptos,... sobre educación vial (a rúa,...); elaboráronse fichas para o traballo dos diferentes conceptos tratados nas diferentes sesións de educación vial para os distintos ciclos e cursos; preparouse un circuito; achegado pola Dirección Xeral de Tráfico da provincia de Lugo para o manexo de vehículos por parte do alumnado do centro, tendo unha enorme aceptación por parte deste; e por último, no tocante a este tipo de temática transversal elaborouse unha unidade didáctica sobre "A rúa do colexio", realizando incluso unha saída para o seu perfecto coñecemento e posterior elaboración dun mural co seu plano e os diversos aspectos relacionados coa educación vial inmersos nela.

Simultaneamente e de xeito puntual, e en ocasións fundamentadas nalgunhas "individualidades" (metodoloxía pouco aconsellable para o tratamento das temáticas transversais") lévase a cabo algunha actuación no campo da educación para a convivencia, en aspectos relacionados coa saúde bucodental, proposta de eliminación de barreiras arquitectónicas no centro e conmemoracións dalgún deses días dedicados a aspectos relacionados cos temas transversais como o Día da Paz (con lectura de manifesto, solta de pom-

bas,...); o Día do Ambiente (coa solta de crías de troita no regato que pasa por Castro de Ribeiras de Lea,...); o Día da Árbore (coa plantación de especies autóctonas —carballo, castiñeiro,...— no patio do colexio, ...); etc.

Ó remate deste proxecto de formación en centros, o profesorado asistente a el chegou, entre outras, ás seguintes conclusións:

- **Apreciouse que os alumnos son sempre receptivos a calquera tipo de actividade educativa relacionada cos temas transversais.**
- O proxecto de formación permitiunos apreciar con claridade moitas das nosas "carencias", moitos dos nosos problemas e dificultades,... á hora da aplicación dos T.T. na tarefa cotiá da aula.
- O proxecto de formación MOTIVOUNOS para seguir pouco a pouco, paso a paso,... co fin de continuar co labor comezado a raíz do proxecto de formación para tentar levar a cabo esa introducción efectiva e dalgún xeito definitiva dos T.T. no noso proceso educativo.
- Constatouse que o tratamento dos temas transversais no centro é imprescindible, dado que moitas das problemáticas observadas nos alumnos teñen relación directa con este tipo de temáticas.
- Recoñécese que os contidos transversais complementan os restantes contidos curriculares, e sen eles non se chegará a acadar-la ansiada formación integral dos alumnos.
- O tratamento dos temas transversais deberá reflectirse nos documentos organizativos do centro: PEC, PCC, PA, RRI,...
- Recoñécese a necesidade dunha maior colaboración e coordinación por parte do profesorado á hora de levar a cabo actividades encamiñadas ó tratamento transversal.
- Admítase a necesidade dunha estreita colaboración entre o profesorado e os pais dos alumnos para facer máis efectivo o proceso de formación en temáticas transversais, nas que teñen grande importancia as normas, actitudes e valores.
- O profesorado precisa de formación específica neste tipo de temáticas; polo que considera moi oportuno actividades como a realizada, conferencias de expertos, seminarios, ... sobre aspectos xerais e puntuais da transversalización.
- Abrúseno-la necesidade de coñecer novos métodos de traballo, actividades, metodoloxías,... que leven a un desenvolvemento efectivo dos temas transversais no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Apréciase a necesidade de adquisición, creación,... de materiais de consulta, apoio, traballo,... sobre a temática transversal para o centro.
- **Constátase un claro interese por darlle unha certa continuidade a actividades formativas relativas ós temas transversais en anos sucesivos; de feito, nos vindeiros cursos escolares establecéronse no centro dous seminarios permanentes relacionados coa temática do ambiente, o último estase a desenvolver na actualidade.**

Escola de familia. A difícil arte de educar

*José María García Janeiro.
Psicólogo da Unidade Asistencial de Drogodependencias do
Concello de Pontevedra. Xefe de Equipo de Prevención do
Concello de Pontevedra*

XUSTIFICACIÓN

A familia é a institución que quizais teña máis importancia na socialización da persoa, así como no proceso evolutivo e madurativo dos rapaces, dado que acompaña os seus membros durante boa parte da vida.

Na familia transmitense valores, actitudes e apréndese conductas, é o marco onde un vai desenvolvendo tódalas potencialidades afectivas, cognitivas e conductuais e o que lle vai facilitar a un individuo pertencer a unha cultura. O sentimento de pertenza á familia e o tipo de relacións que se establece nela vai condicionar, en gran parte, o modo de relacionarse co mundo dos nenos e mozos. Este proceso de socialización vaise producir con maior intensidade entre a nenez e a adolescencia. De aí a importancia de traballar con ela no senso de mellorar e afondar nos aspectos que poidan facer máis doada e agradable a maduración.

En canto á prevención do uso indebido das drogas, teremos que reduci-los factores de risco e fomenta-los de protección.

Autores como Funes (1996) e Becoña (1998) indican a necesidade de facilitar instrumentos ás familias, especialmente ás nais e ós pais, así como ós educadores, "no labor de aprenderlles a medrar, a madurar, a chegar a ser cidadáns nun mundo no cal as drogas están presentes, sen que o seu uso- se é que as chegan a usar- non lles cree problemas. Deberán de aprender maneiras constructivas, persoais, de relacionarse coas drogas, e niso consistirá principalmente a tarefa da prevención". (J. Funes)

Os pais son os grandes moldeadores da personalidade dos fillos nos primeiros anos de vida, pero o que ás veces resulta máis difícil de concretar é o que teñen que facer para atender do modo máis idóneo as diferentes peculiaridades coas que cada persoa vén ó mundo, dado que os nenos diferentes requiren respostas diferentes. Dous requisitos son básicos: unicamente se pode educar se se quere, e en segundo lugar, se se sabe como facelo. Os grupos de nais e pais, ou as escolas de familia, intentan dar resposta a esta segunda cuestión, á vez que se poden converter nun foro de encontro e debate entre iguais.

ANTECEDENTES E EVOLUCIÓN

O Concello de Pontevedra, a través do seu equipo de prevención de drogodependencias, leva desde o curso 85-86 realizando escolas de familia de modo ininterrompido.

A súa idea inicial e o seu obxecto principal era a prevención do uso inadecuado das drogas. Este obxectivo foise ampliando a medida que tamén ían evoluíndo as mesmas escolas, tanto no seu contido, coma na súa duración e na metodoloxía empregadas.

Así, nos primeiros anos, as escolas desenvolvíanse ó longo de todo o curso, e realizábanse para educación primaria. Logo reducimos tanto o número de sesións, ata as 4-5 actuais, como definimos por idades e ciclos a poboación diana á que as diriximos, dividida en nais, pais e titores de educación infantil, outras de educación primaria e outras de educación secundaria e postobrigatoria, así como módulos. Ás veces, e en función das características do centro, pódense xuntar nun mesmo grupo educación infantil e primeiro ciclo de primaria ou último ciclo de primaria e educación secundaria.

No curso 2002-2003 comezamos a realiza-las chamadas escolas de familia de afondamento ou de segundo nivel, dirixidas a aqueles que xa participaron nas outras escolas e que queiran afondar nalgún tema. Os temas nos que afondamos por petición dos participantes foron: prevención das drogodependencias e habilidades de comunicación.

Ata o momento, pasaron polas nosas escolas de familia algo máis de medio millar de familiares de Pontevedra.

¿COMO E ONDE AS REALIZAMOS?

Ó inicio de cada curso, enviamos ós centros a programación completa que o concello oferta dende o equipo de prevención de drogodependencias, un total de oito programas entre os que se atopan as escolas de familia. Esta mesma información facémola chegar ás ANPAS dos centros.

Os centros ou ANPAS interesados teñen que comprometerse a xuntar 20 asistentes, e dámoslle a escoller entre horario de mañá, aproveitando que algúns pais e nais levan os fillos ó colexio e que non están a traballar fóra da casa nese momento, ou ben pola tarde en horario a escoller, o seu inicio e entre as 16:00 e as 20:30 horas. Actual-

mente o número de sesións é de 4 ou 5, en semanas consecutivas. No caso de existir un menor número de interesados nun centro, xuntámo-los familiares de varios colexios ou institutos. As escolas de familia desenvólvense no mesmo centro escolar.

Unha vez seleccionados os centros realizamos uns trípticos específicos nos que se indican temas, datas e horarios para a actividade, que son distribuídos entre os familiares dos alumnos.

¿QUE TEMAS TRATAMOS E CON QUE OBTIVOS?

A continuación mostrámo-la listaxe a priori de temas que podemos tratar nas escolas. De todos modos, na primeira sesión avaliámo-las necesidades, dúbidas e inquedanzas dos asistentes e, en función delas, adaptámo-las sesións. Por exemplo, adoitan demandar que se aborde o tema da ansiedade dos nenos ante os estudos, o tema da autoestima, a presión do grupo, o tempo libre, os primeiros consumos de drogas, entre outros.

Entre a segunda e a terceira sesión, dásele a cada participante un dossier elaborado polo equipo de prevención sobre os temas que imos tratar. Está composto por resumos de libros e artigos, e referencias bibliográficas comentadas. A extensión do documento é dunhas 50 páxinas. Estes documentos varían dunha escola a outra en función dos temas prioritarios escollidos polos grupos.

Os temas que tratamos, en función das idades dos fillos dos participantes adoitan ser: principios básicos da aprendizaxe; cómo se aprenden e extinguen conductas e cómo se reforzan. Habilidades de comunicación e relación: escoita activa, reforzo positivo, empatizar, disco raiado, facer críticas sen deteriora-la relación...; así como consumos problemáticos de drogas e modo de abordalos dende a familia. Límites, normas, e tarefas que hai que compartir na familia. Ocio e tempo libre. Apoio ó labor escolar.

Centrándonos nos grupos para familiares de **adolescentes**, poderíamos resumi-los obxectivos organizandoos por áreas como:

- **Área de drogas, como obxectivo xeral:** obxectivar e "normalizar" o fenómeno das drogas, proporcionando unha información realista e

obxectiva sobre o tema. Estes poderíanse traducir nos **obxectivos específicos** como: informar sobre as substancias: os seus efectos positivos e nocivos e as súas consecuencias, aquí centrariámonos no tabaco, alcohol, cannabis, éxtase e cocaína; así mesmo, analízanse os patróns de consumo de drogas por parte dos adolescentes: consumo de drogas recreativas; tamén os factores de risco e os factores de protección no abuso de drogas que están facilitando ou atrasando os consumos en menores. Outra cuestión sempre demandada polos pais é a capacidade de detección de consumos sistemáticos de drogas: evidencias e reacción ante elas. Neste aspecto intentamos transmitir cautela ante a dificultade, ás veces, de poder discriminar conductas típicas na adolescencia das producidas polo propio efecto das substancias.

- Respecto á **área de desenvolvemento sociopersoal**, preténdese como obxectivo xeral ofertar apoio e pautas de actuación para a formación sobre aspectos psicopedagóxicos e ambientais da adolescencia. Centriariámonos en reduci-los niveis de ansiedade, desangustiaando e eliminando culpas e sentimentos de fracaso como pais. Tamén se propón fomenta-la comunicación desenvolvendo habilidades de comunicación, comprensión e entendemento mutuo, así como o adestramento en resolución de conflitos e manexo de situacións de desencontro entre os pais/nais e os fillos.

Dentro desta área, queremos salienta-la importancia dunha normativa familiar negociada e acorde coas necesidades duns e doutros, é dicir, os límites e normas claras e coherentes dentro da familia. Isto enlaza coa necesidade de favorece-la autonomía dos fillos, evitando a sobreprotección excesiva, ensinando os pasos na toma de decisións e o criterio de independencias.

- Na **área formativa/labora**, pretendemos proporcionar pautas para o seguimento, motivación e apoio nos estudos dos mozos. Isto pasa por unha maior implicación e relación co centro escolar, tanto profesores, titores como outras nais e pais, así como a necesidade de organiza-las ANPAS.

Tema, así mesmo, importante é o da planificación e organización de actividades de formación e educación non formal co menor.

- Por último, dentro da **área de ocio e tempo de lecer**, tratamos de analiza-

-lo modelo cultural de ocio nocturno consumista: qué buscan, qué lles achega ós mozos, e das súas consecuencias. Tamén se quere reflexionar e tomar conciencia do tempo de ocio como espacio de aprendizaxe social e desenvolvemento persoal. Xa dun modo máis práctico vémo-las pautas para o manexo de saídas nocturnas de fin de semana para os fillos: seguimento, control e normas e os problemas que estas levan consigo na negociación con eles.

Sempre intentamos subliña-la importancia dos pais e nais como modelos para a ocupación dun ocio enriquecedor dos fillos, a importancia da creación e do mantemento dun ocio familiar compartido, facilitando orientacións de como acadalo.

METODOLOXÍA

A nivel metodolóxico partimos de que as escolas teñen que resultar atractivas, entretidas e os participantes deben saír con dúbidas resoltas, ter pasado un bo rato, e ter ganas de volve-la próxima sesión. Para iso mesturamos desde exposición a gran grupo, discusión de casos en pequenos grupos, xogos de roles, escoita de poemas e canción, apoio con vídeo tanto de debuxos animados, como de escenas de filmes seleccionados. Os resultados indicannos que imos por bo camiño.

BIBLIOTECA FAMILIAR

Dispomos dunha pequena biblioteca sobre temas de educación, adolescencia, pais e prevención de drogodependencias, adolescentes e sexualidade, técnicas de estudio, entre outros, á disposición dos familiares interesados. Case todos estes libros aparecen comentados no dossier que lles entregamos ós familiares ó longo da escola de familia. Ó longo das escolas de familia levámo-los libros e préstanselles ós participantes. Noutros casos moitos son mercados polas nais e pais.

AVALIACIÓN

Polo de agora pasamos un cuestionario ó comezo da escola de familia sobre os temas que lles interesan e as cuestións que queren que tratemos. Logo, en pequenos grupos, expoñen diante doutros familiares as súas suxestións e faise un resumo que é trasladado ó gran grupo.

Ó final da escola, pasamos un cuestionario de avaliación de proceso onde preguntamos sobre os contidos, metodoloxía, duración, amenidade, claridade, así como sobre o material de apoio

entregado. Como resultado, cómpre salienta que dos participantes dende o curso 1999-2000, o 90% dos participantes acoden a tódalas sesións. O 95% recomendarían a escola de familia a outros pais e nais. O material complementario entregado foi lido por un 60%. A duración da escola pareceulle axeitada a un 50%, e un 40% pensa que foi insuficiente. Así mesmo, valórase de modo moi positivo a metodoloxía empregada, a linguaxe sinxela nas exposicións, así como a claridade nelas, tamén o feito de empregar contos, fábulas e relatos de casos para facer máis doado os temas.

O FUTURO

Ademais de continuar coas escolas de familia e ir incorporando novas achegas que as enriquezan e fagan máis atractivas, existe unha poboación de adolescentes con comportamentos problemáticos tanto a nivel escolar, como de adaptación social e en moitos casos acompañados de consumo prexudicial de drogas, que non está sendo debidamente atendido, nin a eles nin as súas familias. Tamén é certo que son precisamente estas familias que máis o necesitan ás que, ás veces, se fai máis difícil chegar.

Temos previsto iniciar no próximo curso, a formación de grupos de familiares con adolescentes problemáticos co fin de traballa-las dificultades no manexo dos seus fillos, ben por conductas desviadas, comportamentais ou consumo perigoso de drogas. Sería xa a un nivel de prevención específica e incluso de prevención indicada.

Pero queremos vincular estes grupos ós centros educativos, de modo que poidan reforza-lo traballo que dende os centros se está a realizar, sen necesidade de saca-los mozos nin as familias do medio escolar.

Á vez realizaríamos obradoiros de formación cos rapaces, onde traballariamos aspectos das relacións grupal e familiar, habilidades de comunicación; resolución de conflitos e coñecemento do marco comunitario á hora de buscar alternativas de ocio máis saudables, así mesmo poderíamos aborda-la redución de riscos no consumo de drogas.

Grupos de familiares con adolescentes con consumos problemáticos de drogas xa se veñen realizando na Unidade Asistencial de Drogodependencias de Pontevedra, dende o ano 2002, pero pensamos que pode ser enriquecedor amplialos e sacalos do medio "asistencial", dado que os seus consumos problemáticos son ás veces parte dunha dificultade máis ampla.

As enerxías renovables no ensino non universitario

*Fernando Blanco Silva
Profesor de Sistemas Enerxéticos no IES Coroso (Ribeira)*

Entendemos por enerxías renovables aquelas que se atopan en formación constante na natureza e son inesgotables; ademais son máis respectuosas co medio natural que outras fontes clásicas como a térmica ou nuclear. Algúns exemplos de enerxías renovables son a hidráulica, eólica, solar ou a enerxía do mar.

Existe formación en enerxías renovables no ensino en Galicia, tanto a nivel universitario coma non universitario. No nivel universitario en carreiras de tipo científico ou tecnolóxico xa se están a impartir disciplinas específicas e incluso está en funcionamento un mestrado organizado polo Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) en colaboración coas tres universidades galegas.

No ensino non universitario esta formación non está presente como tal. As enerxías renovables son un tema transversal abordado no ensino primario, na educación secundaria obrigatoria, bacharelato e nos ciclos formativos, aínda que non hai disciplinas específicas como tal. O Instituto Enerxético de Galicia está a realizar unha campaña de concienciación nos centros de ensino, nesta campaña estanse a impartir diversas charlas sobre renovables e aforro enerxético, unha pequena exposición con paneis informativos sobre os temas antes referidos e un obradoiro de captación de enerxía con procedencia solar; outra actividade didáctica á disposición do alumnado é a visita ó parque eólico experimental de Sotavento Galicia, en Xermade.

Na formación profesional non existen todavía ciclos formativos específicos de enerxías renovables, sendo estas ensinanzas abordadas nas familias de electricidade e mantemento de servizos á produción. Hai xa demandas de implantar ciclos deste tipo aínda que ata o momento non hai unha preparación específica. A rama de electricidade ten máis relación co que é a explotación das renovables para a produción de enerxía eléctrica mediante centrais hidroeléctricas, solar fotovoltaica ou eólica mentres que o relacionado con mantemento e servizos á produción está máis relacionado coa enerxía solar térmica, debido a que se corresponde coas ensinanzas de instalacións de frío e calefacción.



O Obradoiro de Renovables no IES Coroso

Durante o curso 2002-2003 instalouse neste centro de Ribeira o primeiro Obradoiro de Enerxías Renovables baixo a supervisión dos profesores do centro Antonio Teira Rivas, David Santos Soler e Benito Lourido Nieto. Este obradoiro é froito dun convenio entre o Instituto Enerxético de Galicia e a Consellería de Educación e ten como obxectivo que os alumnos de ciclos formativos se familiaricen con estas enerxías.



O obradoiro consta dun aeroxerador de potencia 600 W, dous paneis fotovoltaicos de 55 W, dous colectores solares de 2 m², un depósito de aceiro vitrificado para a captación de auga quente con capacidade para 300 l ademais dunha caseta na que se localizan os cadros eléctricos necesarios e o depósito.

A instalación correu a cargo dos alumnos do ciclo medio de instalacións de frío e produción de calor e do ciclo superior de electricidade, que se confesan moi interesados coa experiencia e pensan que é moi favorecedora para a súa formación.



Máis de 20.000 visitantes

Sotavento: unha ferramenta de educación ambiental na man do educador

Manuel Díaz Fernández
Parque eólico

Xustificación

O proxecto didáctico-divulgativo do «Parque eólico experimental de Sotavento», parte da necesidade de amosar, nos distintos niveis educativos, un campo novidoso e pouco coñecido e ó mesmo tempo tan próximo, para a sociedade en xeral, como son as enerxías renovables.

A visita a Sotavento pretende servir de apoio ó labor educativo realizado nos centros polo profesorado, de aí que busquemos unha vinculación directa das finalidades educativas de Sotavento cos obxectivos educativos recollidos nos distintos deseños curriculares base.

Non se podería obvia-la perspectiva de tema transversal da educación ambiental, marco último deste proxecto, xa que o noso traballo pretende que os rapaces e rapazas adquiran experiencias e coñecementos suficientes para ter unha comprensión crítica e contextualizada dos principais problemas ambientais que xera a intervención humana no medio. Para iso, o «Plan Educativo de Sotavento» tenta facilita-las aprendizaxes, achegando ás/os visitantes unha mostra da realidade tecnolóxica e enerxética actual.

Co fin de conseguí-los obxectivos que persegue o proxecto, o «Parque Divulgativo de Sotavento» pon á disposición de docentes e discentes as súas instalacións e persoal para presentar este tema, tan interesante desde un punto de vista formativo, e de relevante importancia para a nosa comunidade, xa que se está a converter nun referente europeo neste eido.

Obxectivos xerais

- Observar distintas formas tradicionais de obter enerxía e a súa evolución ó longo da historia do home.
- Propicia-lo coñecemento e a comprensión das fontes de enerxía renovables e non renovables e as súas características principais.
- Analiza-lo funcionamento dun parque eólico nas súas distintas fases: montaxe, xeración e evacuación da enerxía producida.
- Exemplifica-lo aproveitamento solar nas súas dúas vertentes: térmica e fotovoltaica.
- Descubrir e explica-las novidades tecnolóxicas que, no eido da transformación enerxética, terán repercusión nun futuro inmediato.

- Identificar e precisa-las diferencias tecnolóxicas existentes no parque e a súa terminoloxía.
- Valora-las repercusións que as actividades humanas teñen sobre a natureza e tomar conciencia da necesidade dun desenvolvemento sustentable.

Contidos conceptuais

- As enerxías: renovables e non renovables
- Enerxía da biomasa
- Enerxía xeotérmica
- Enerxía mareomotriz
- Enerxía hidráulica
- Enerxía solar: térmica e fotovoltaica
- Enerxía eólica
- Parque eólico: estudos previos, produción, transporte...
- Aeroxerador: tipoloxía, compoñentes, diferencias tecnolóxicas...
 - A pila de combustible: características e funcionamento
 - Termos científicos asociados ás distintas tecnoloxías: pitch control, colector plano, etc
 - Aforro e eficiencia enerxética, sustentabilidade.

Contidos procedementais

- Observación da presenza da enerxía, identificando as súas distintas manifestacións e o seu aproveitamento ó longo da historia do home
- Identificación das principais características das enerxías renovables e non renovables.
- Analise da transformación da enerxía renovable presente na natureza en enerxía eléctrica.
- Funcionamento de pequenas centrais solares térmicas e solares fotovoltaicas, transformación da radiación solar en enerxía eléctrica e calorífica.
- Coñecemento da montaxe e funcionamento dun parque eólico así como dos seus diferentes compoñentes.
- Observación do funcionamento da pila de combustible, reaccións químicas, aproveitamento práctico, rendementos...
- Interpretación de vocábulos relacionados coa enerxía.
- Recoñecemento das relacións existentes entre as fontes de enerxía e os procesos de deterioración ou mellora do medio e da calidade de vida.

Contidos actitudinais

- Concienciación da importancia da enerxía na vida cotiá e o custo ambiental que supón.

- Actitude reflexiva e crítica sobre o uso e rendemento das fontes de enerxía renovables como alternativa real ás fontes de enerxía convencionais.
- Curiosidade por coñecer distintos aspectos tecnolóxicos e a súa repercusión na calidade de vida e na conservación do medio.
- Valoración da necesidade dun consumo e utilización axeitada dos recursos naturais a prol de facilitar un desenvolvemento sustentable do Planeta.
- Gusto pola participación activa e cooperativa no desenvolvemento das distintas actividades.

Actividades

Algunhas das actividades previstas para a adquisición dos obxectivos didácticos presentados serían:

- *Visitas guiadas* polas distintas instalacións do parque:
- *Edificio central*: explicación das distintas enerxías renovables, non renovables e pila de combustible, mediante paneis explicativos e interesantes maquetas.
- *Sala auditorio*: execución virtual das obras e estudos previos á construción dun parque eólico, peculiaridades técnicas das máquinas e o seu funcionamento.
- *Sala de control*: visita á zona de control do parque.
- *Sala de eficiencia enerxética*: de modo práctico profundamos no aforro e na eficiencia enerxética da man de distintos kits e maquetas.
- *Aeroxerador*: visita á base dunha das máquinas, comprobando funcionamento, dimensións, compoñentes esenciais, etc.
- *Miradoiro*: zona dedicada á enerxía solar térmica e fotovoltaica, con instalacións reais e maquetas.
- *Taller*: visita ó interior da góndola dun aeroxerador e posta en marcha dun equipo solar térmico doméstico de tubos de baleiro.
- *Ruta do vento*: ruta exterior dedicada á observación do valor paisaxístico e arqueolóxico da zona ademais de coñecer distintos cultivos enerxéticos que se atopan presentes no parque como exemplo do aproveitamento da biomasa.
- *Vídeo*: proxección audiovisual sobre enerxías renovables.
- *Xogos de rol, xogos avaliativos*: Trivial renovable, etc.

- **Obradoiros:** confección ou montaxe de aparellos relacionados con distintas enerxías renovables.

Estas actividades son gratuitas e están abertas ás modificacións que se consideren oportunas de mutuo acordo entre os organizadores da visita e o departamento de divulgación de Sotavento e serán adaptadas ós coñecementos previos, intereses e formación dos visitantes.

Metodoloxía

A metodoloxía empregada en Sotavento parte fundamentalmente dos principios que fundamentan a lei que regula o sistema educativo español (LOXSE). En Sotavento tratamos, por tanto, de favorecer unha aprendizaxe significativa nos visitantes, adaptando as actividades e explicacións ós seus coñecementos previos, idades, inquietudes, etc. Ademais, utilízanse, na medida do posible, actividades interactivas e lúdicas co fin de fomentar a motivación nos visitantes. Esta metodoloxía está igualmente presente tanto en grupos pertencentes á educación formal como en calquera tipo de visita que acceda ás nosas instalacións e verase exposta a continuas modificacións derivadas da análise das *valoracións* e *avaliacións* que realizan as visitas ó finaliza-la súa estancia en Sotavento.

Outro aspecto non menos importante, utilizado cos visitantes máis novos, son os xogos. Os xogos foron sempre parte da nosa cultura e aprendizaxe, por iso creáronse unha serie de actividades lúdico-educativas para a súa realización en Sotavento.

¿A quen vai dirixido?

Público en xeral
 Infantil
 Primaria
 Secundaria
 Formación profesional
 Universidades

Recursos

Sotavento pon á disposición dos centros educativos tódolos medios e equipamentos para a consecución dos obxectivos propostos:

- Instalacións: Sotavento está dotado dun edificio divulgativo que contén diferentes salas especializadas:
- Aula divulgativa
- Sala de eficiencia enerxética
- Obradoiro da enerxía

- Auditorio
- Ruta do vento
- Ademais do edificio, utilizouse a superficie exterior do parque para realizar, ó longo dela, a denominada *Ruta do vento*, formada por distintas esculturas diseminadas no percorrido. Todas elas teñen relación coas enerxías renovables e o concepto de sustentabilidade e foron realizadas con materiais de refugallo da mina e da central térmica das Pontes.
- Persoal: Sotavento dispón de catro educadores que se encargarán de planificar, organizar e levar a cabo a visita. Contamos ademais co equipo técnico do parque, que solucionará as dúbidas dos grupos con amplos coñecementos sobre o tema.
- Documentación: os centros ou mestres e mestras que así o soliciten, poderán pedir ou achega-la documentación e ideas que desexen; Sotavento ofrécelles toda a documentación que teñen no seu poder referida a obradoiros, unidades didácticas, experimentos, guías, etc.
- Materiais: o parque eólico Sotavento tamén porá á disposición dos centros o material necesario para a realización das distintas actividades durante a visita.

Duración da visita

A duración recomendada da visita para os grupos pertencentes á educación formal é a seguinte:

Infantil: 4 horas
 Educación primaria 6 horas
 1 ciclo de secundaria 6 horas
 2º ciclo de secundaria, B.A.C, F.P.
 e universidades: 4 horas

Cota máxima de asistentes por grupo

Co fin de obter unha maior calidade educativa, considérase que os grupos non deben supera-los 60 participantes. Aqueles centros ou entidades que superen esta cifra poderán solicitar dúas visitas.

Autoavaliación do proxecto

A avaliación do proxecto educativo-divulgativo de Sotavento, céntrase en dous aspectos fundamentais:

- 1º *Grao de consecución dos obxectivos didácticos* pretendidos: mediante xogos ou cuestionarios.

2º *Grao de satisfacción* do visitante: mediante distintos formularios tratamos de coñecer as valoracións das visitas en canto a:

- Instalacións
- Actividades
- Traballo dos educadores
- Didáctica empregada
- Opinións
- Suxestións

Mentres este segundo aspecto o avalían tódolos grupos que visitan Sotavento, o primeiro deles realízase fundamentalmente cos grupos pertencentes ó ensino regrado.

Preparación da visita

Aínda que non é imprescindible realizar unha preparación previa da visita, si se recomenda unha pequena introducción ó tema de renovables co fin de despertar a curiosidade nos alumnos e alumnas. Para esta preparación facilitáanse, como material de apoio, distintas páxinas web na sección de enlaces de interese na páxina web do parque que incluímos ó final. Ademais é recomendable unha visita particular previa do profesorado que facilita o óptimo aproveitamento da visita.

Xestión de visitas

A xestión de visitas, para grupos organizados, realízase mediante a preinscrición no número de teléfono 981-56-37-77.

Para a visita particular do Parque Sotavento, non é necesario o concerto previo. O horario de atención ó público é o seguinte:

Horario de inverno
 10:00-18:00 días laborais
 11:00-18:00 fins de semana e non laborais

Horario de verán
 10:00-18:00 días laborais
 12:30-19:30 fins de semana e non laborais

Este tipo de visitantes sen cita previa poden elixir entre unha visita guiada, dirixida por un educador do parque ou unha visita particular sen guía. Para esta última opción, o parque dispón de folletos informativos que facilitan e aconsellan o percorrido óptimo das instalacións.

Máis información

Páxina web: www.sotaventogalicia.com



Celebrado en Santiago do 29 de setembro ó 3 de outubro

Segundo Congreso Nacional de Ambiente para Nenos

Alicia Ratón Castedo, Marieta Fandiño da Torre
Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible

Entre o 29 de setembro e o 3 de outubro, tivo lugar en Santiago o 2º Congreso Nacional de Ambiente para Nenos, unha experiencia moi enriquecedora que lles ofreceu a escolares de tódalas comunidades autónomas, a posibilidade de expo-los seus traballos e experiencias nun foro que comparte as súas inquietudes pola conservación do medio, os recursos e a sustentabilidade.

Foi convocado pola Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, consciente da importancia da conservación do medio e dos recursos naturais no mundo do ensino.

Con tal motivo, foron convidados a participar centros escolares de tódalas comunidades autónomas, para o cal tiñan que presenta-la memoria dun traballo relacionado co tema do congreso e que xa se realizase no centro.

Foron seleccionados en total 46 traballos realizados por escolares do primeiro ciclo de primaria e primeiro e segundo ciclo de ESO e tódalas comunidades autónomas estiveron representadas.

Por cada traballo seleccionado, foron convidados 9 escolares do centro e dous profesores. Un total de 317 escolares e 61 profesores/as estiveron residindo no Complejo Residencial Monte do Gozo.

Cada día, arredor de 200 escolares galegos sumábanse ós participantes residentes, procedentes de oito centros educativos e en grupos de 25 alumnos/as.

Os obxectivos que se perseguían neste congreso e dentro dun marco interdisciplinar da temática, foron:

- Aumenta-la súa sensibilización polos temas ambientais.

- Potencia-lo desenvolvemento de actitudes respectuosas co ambiente e o concepto de sustentabilidade.
- Incentiva-lo traballo en grupo, fomentando o espírito crítico e constructivo.

O congreso desenvolveuse en tres áreas de contidos:

- Sesións de relatorios
- Talleres ambientais
- Actividades lúdico-didácticas

As sesións de relatorios realizáronse no Pazo de Congresos e Exposicións para o que se dispuxo de case 3000 metros cadrados repartidos entre a Sala Santiago, a Sala Obradoiro, vestíbulo e corredores.

Presentáronse 46 relatorios simultaneamente nas dúas salas e en cada sala dúas sesións diarias. Dos 46 relatorios, 12 foron presentados por centros galegos.

Nunha das salas expuxéronse os relatorios presentados por escolares do terceiro ciclo de primaria e na outra sala os que presentaban os escolares do primeiro e segundo ciclo de ESO.

Relatorios do terceiro ciclo de primaria	15
Relatorios do primeiro ciclo de ESO	7
Relatorios do segundo ciclo de ESO	22
Relatorio de educación especial	2

Foron moi diversos e de calidade os traballos presentados polos escolares:

- Accións directas sobre o medio: recuperación de charcas, terreos contaminados, limpeza e amaño de pequenos vertedoiros.
- Estudos rigorosos sobre o terreo: medidas de parámetros físicos, químicos

e biolóxicos nas augas dos ríos, cuantificación de especies vexetais e animais en zonas contaminadas.

Moitos dos congresistas apoiaban os traballos presentados con paneis, 25 en total que estiveron expostos nun dos vestíbulos durante todo o congreso.

Os talleres ambientais, 24 simultáneos, realizáronse con tres temáticas diferentes e con 25 participantes por taller, para o cal interviron 24 monitores e ocupáronse os dous vestíbulos do Pazo de Congresos.

Os títulos elixidos foron:

- A biodiversidade do bosque galego
- A paisaxe galega
- O xogo da conservación

Os obxectivos xerais trazados para os talleres foron:

- Axuda-los escolares a adquirir unha conciencia e unha sensibilización adecuada para o coidado do noso contorno
- Ofrecerlles unha diversidade de experiencias e un entendemento do medio que nos rodea e dos perigos que o ameazan.
- Axudalos a conseguirlas aptitudes necesarias para identificar e resolver tódolos problemas que afecten a conservación dos nosos espazos naturais e a súa biodiversidade.

As actividades lúdico didácticas consistiron nunha visita ó Parque Nacional das Illas Atlánticas e unha visita guiada con xogo da cidade: Xoga a descubrir Santiago de Compostela.

O xoves, 2 de outubro, tivo lugar a festa de despedida no recinto feiral de Amio. Durante a festa serviuse unha merenda e houbo actuacións diversas, xogos, can-



cións de animación, karaoke, talleres para os máis pequenos, actuacións musicais en directo e discoteca.

En palabras do profesorado, esta actividade, ademais de divertida para os congresistas, foi unha forma de relacionarse e facer novas amizades, xa que debido ó apertado do programa, non tiveron demasiado tempo libre.

Durante a mañá do martes, 30 de setembro, o presidente da Xunta, Manuel Fraga Iribarne e a ministra de Medio Ambiente, Elvira Rodríguez, acompañados polo alcalde de Santiago, Xosé Bugallo e o conselleiro de Medio Ambiente, José Manuel Barreiro e outras personalidades, quixeron visita-los traballos e talleres do congreso.

A ministra de Medio Ambiente visitou tódolos talleres, interesándose polas experiencias e fotografándose con tódolos escolares. Esta visita foi unha agradable sorpresa para os nenos/as que mostraron un grande interese por coñecela.

O presidente da Xunta destacou que as xeracións actuais están concienciadas da importancia de protexer-lo medio natural e fomenta-lo desenvolvemento sustentable.

Unha mostra dos traballos presentados no congreso é o do Instituto de Ensino Secundario de Sar de Santiago de Compostela: "Os carballos da comarca de Santiago", do que a seguir facemos un breve resumo.

O traballo do que partiu esta iniciativa é unha actividade escolar realizada por alumnos e alumnas de terceiro curso de educación secundaria obrigatoria coa que se pretende analiza-la calidade dos carballos presentes na comarca de Santiago. Tamén se pretende comproba-lo grao de hibridación que puidera existir entre a especie do carballo (*Quercus robur*, en galego coñecido como *carballo*) e a do carballo negro (*Quercus pyrenaica*, en galego coñecido como *cerquiño*). O primeiro é de influencia mediterránea mentres que o segundo pertence á rexión medioeuropea do reino botánico Holártico.



Os alumnos mediron con calibres o diámetro máximo e mínimo, ademais de investiga-lo peso de landras de carballos de diferentes procedencias. Posteriormente, fixéronse xerminar en alcouves en grupos de corenta landras, transplantándoas ós tres meses cada unha a un cartón de tetrabrik recheo con terra fertilizada. Nas táboas reflíctense, ademais dos datos anteriores, o momento de xerminación e a altura máxima alcanzada ós seis meses. Finalmente, plantáronse nun lugar adecuado nas ribeiras do río Sar desta mesma cidade. Nos dous primeiros anos recolléronse landras de carballos de parques da propia cidade de Santiago de Compostela, especialmente no seu parque máis emblemático, a Ferradura e tamén da Lavacolla.

No terceiro ano, o curso 2003-2004, ampliouse o raio de acción ós concellos de Val do Dubra, Vedra, Carballo e Monforte. Así aumenta a zona da mostraxe, ademais de incluír un punto da rexión botánica mediterránea, a cidade de Monforte, ó sur da provincia de Lugo. Este ano quitóuselle importancia ó proceso de xerminación para centrarse máis na toma de medidas nun maior número de landras.

En tódolos casos se traballou con cinco alcouves, situándose neste último ano no

interior dun laboratorio para evita-lo forte vento e chuvias que poden dana-los cultivos.

Á vista dos datos obtidos, poderíase dicir que a maior parte das mostras de landras achegadas son pertencentes á especie cerquiño; sen embargo e por outros datos claros como a forma da folla e o pedúnculo que sostén os froitos, sabemos con seguridade que os pés son de carballos, salvo no caso de Lobios (Sober), onde as landras se colleron de cerquiño. Isto parece confirma-lo fenómeno de hibridación entre ámbalas especies en expansión, especialmente entre a zona de contacto entre as dúas rexións mediterránea e medioeuropea do reino Holártico, que atravesa a provincia da Coruña xusto na comarca de Santiago de Compostela.

Os resultados obtidos tamén mostran o maior tamaño alcanzado polas plantas de Portomouro do concello de Val do Dubra, así como as de Carballo. Estas últimas destacan tamén polo seu peso, o mesmo que as da carballeira da Lavacolla, as de Marrozos e da rúa do Carballo en Santiago e as de Vilamaior, nas proximidades de Santiago.

En resumo, por tamaño, parecen destacalas landras das carballeiras de Portomouro e varias zonas de carballos da Lavacolla.



A arte: un camiño para a prevención

M. Luisa Márquez Rodríguez
Sofía de la Piñera Cuesta
IES Luis Seoane (Pontevedra)

Ós **NAVEGANTES DO PALOMAR:**
Merce e Rafa

INTRODUCCIÓN

O proxecto "A ARTE: un camiño para a prevención" naceu no curso 1999/2000, a través da creación dun taller de arte creativa coa finalidade de desenvolver aspectos positivos da personalidade dos nosos alumnos e das nosas alumnas, favorecendo, nun clima de confianza, o fortalecemento da autoestima, a capacidade de tomar decisións propias fronte á presión dos iguais, o descubrimento dun ocio creativo e a procura dunha ocupación do tempo de lecer máis diversificada e san.

O proxecto está orientado ás alumnas e ós alumnos do 2º ciclo da ESO e do bacharelato, realizándose os talleres fóra do horario escolar, participando neles o Seminario de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia e o Seminario de Educación Física.

DESEÑO

1. Xustificación do proxecto

O IES Luis Seoane, seguindo as directrices establecidas na LOXSE, incorporou dentro das súas programacións a educación para a saúde e a ocupación creativa do tempo de lecer. Aínda máis, como escola asociada á UNESCO comprometeuse a traballar por un século XXI libre de drogas, seguindo o compromiso adquirido no Parlamento da Xuventude.

Foi neste marco que durante os cursos 1999/2000, 2000/2001 e 2001/2002, estivo a participar nos talleres de Arte creativa, dirixidos polos "Navegantes do Palomar", Rafa e Mercedes, impulsados polo PIC (Plan de Intervención Comunitaria de Monte Porreiro), a Unidade de Drogodependencias do Concello de Pontevedra e a APA do noso centro, cos que traballamos noutros proxectos educativos.

Non podemos, ademais, perder de vista as particularidades do barrio no que está situado o noso centro, dun nivel socioeconómico medio e medio baixo, con problemas de desemprego, familias desestructuradas, baixo nivel cultural e cunha abundante poboación adolescente e xuvenil de risco e con poucas ofertas de ocio creativo. De aí tamén a necesidade de que os talleres ocuparan horas extraescolares.

Decidimos non pecha-los ollos a unha realidade que facilita o acceso ás drogas, ó mesmo tempo que crece a presión dos iguais e instalada nun ocio orientado ó consumo.

O reto era facer prevención dunha maneira diferente, a nosa mocidade dispón de moita "información" sobre drogas e amosa un cansazo grande sobre o "discurso" dos adultos, polo que deberíamos atopar un camiño creativo e atractivo, que despertara o seu interese e a movera a involucrarse e participar.

2. Obxectivos

Xeral

Compartido coas escolas asociadas á UNESCO seguindo o "Manifesto da xuventude para o

século XXI" (París – outubro de 1999), que se comprometeu a promover unha campaña internacional contra a droga que contribúa a garantir un futuro máis saudable para a poboación mundial.

Específicos

- Reforzamento da autoestima, da seguridade e da confianza en si mesmos dos nosos alumnos e das nosas alumnas como vía para a autorrealización e a individualidade.
- Desenvolvemento dun criterio propio, que lles permita opoñerse á presión dos iguais.
- Impulsa-la súa autonomía persoal, entendida como a capacidade para ter recursos propios, xuízos propios e valores propios.
- Descubrimento de que a calidade das relacións será maior canto maior sexa a súa autonomía na asunción de responsabilidades, evitando as dependencias.
- Axudalos a adquirir unha personalidade creativa e aberta, así como valores éticos.
- Impulsar unha actitude crítica ante os factores e prácticas sociais que entorpecen o desenvolvemento san do corpo.
- Fomentar unha actitude de respecto e responsabilidade cara ó propio corpo e á propia saúde.
- Valoración do ocio como unha actividade humana con posibilidades creativas e de satisfacción persoal.
- Participación en tarefas comúns que posibiliten o descubrimento, a identificación e o apoio mutuo.
- Valora-lo traballo en grupo: actuación desinhibida, integración, calidade na interpretación, respecto polas normas do traballo en grupo.
- Contribuír a crear bases e ambientes propicios para favorecer-las relacións de apoio e solidariedade.
- Desenvolver formas beneficiosas de cooperación.
- Valoración do propio corpo e coñecemento das súas posibilidades expresivas.
- Disposición para coordina-la propia acción coa do grupo con fins expresivos e estéticos.
- Responsabilidade cara ó propio corpo e valoración da importancia da práctica da actividade física e dun desenvolvemento físico equilibrado e de hábitos de saúde.

Estratexias para conseguilos

- Potencia-lo debate nas aulas sobre o consumo de drogas.
- Difundir información sobre o uso indebido de substancias e as súas repercusións sobre a saúde e as relacións persoais e sociais.
- Desenvolve-las súas capacidades para escoitar, respectar e compartir.
- Procurar nas relacións cos alumnos e coas alumnas a proximidade, a cordialidade, o equilibrio e a sintonía.
- Fomenta-la coordinación entre a escola e as familias, animando as nais e os pais a participar nos talleres.



- Participar nas actividades do barrio como elemento clave de integración escolar.
- Potenciar unha visión positiva dun mesmo e fomenta-la autonomía.

3. Metodoloxía

Diante do reto de conseguir que os nosos alumnos e as nosas alumnas interiorizasen, vivisen e practicasen unha actitude responsable ante do consumo de drogas, que lles permitise dicir "non" á presión dos iguais, a rachar coa idea de diversión-droga e a adoptar formas de ocio sans e creativas, propuxemos unha metodoloxía **socioafectiva** que estivese, fundamentalmente, ligada ós sentimentos e ás relacións persoais. Ademais, debería ser **activa e participativa**, para que favorecese a construción do coñecemento e a adopción de novas actitudes. Por último debería ser **globalizadora** para que recollese e integrárase tódolos aspectos da nosa realidade.

Estratexias

- Achegamento interdisciplinar, entendendo o proceso como multifacético.
- Aprendizaxe a través de talleres, organizados dun xeito creativo.
- Incorporación do coñecemento e da experiencia vital de persoas ligadas á Unidade de Drogodependencias do Concello de Pontevedra.
- Potenciación do traballo en grupo e valoración dos resultados como creación colectiva.

Recursos didácticos

Motivación iniciámo-lo proxecto, explicándolles ás alumnas e ós alumnos os obxectivos dos talleres:

- Comunicámoslles noticias sobre os "Navegantes do Palomar".
- Elaboramos carteis convidándoos a participar.
- Enviáronse cartas individuais pedíndolles-la súa participación.

Posta en marcha dos talleres

- Recollimos información sobre o consumo de drogas e as súas consecuencias individuais e sociais.
- Preparamos bibliografía sobre a "Arte de vangarda".
- Negociámo-las datas e o horario para a realización dos talleres, era un xeito de garanti-la participación das nosas e dos nosos estudantes.

4. Descrición pormenorizada do proxecto

O proxecto estendeuse ó longo de tres cursos, 1999/2000, 2000/2001 e 2001/2002, e involucrou un total de 87 alumnas e alumnos, maioritariamente do 2º CICLO da ESO e do bacharelato.

Temporalización

- Curso 1999/2000, chegou ata nós e da man dos "Navegantes do Palomar", *Onidala a Enfrascadora* coa súa proposta de arte social e a pretensión de nos converter a todas e a todos en "artistas".
- Curso 2000/2001, esta vez desembarcaron no noso centro *Os Piornos de Salbanda o Mineiro* cun programa de "Accións" e a proposta dunha "Performance".
- Curso 2001/2002, uns máxicos personaxes, *Pompas e Brumeigas* entraron polo IES Luis Seoane, instalándose entre nós e convidándonos ó seu casamento.

Contidos

- A expresión artística
- Os valores individuais e a cooperación
- A autonomía e a capacidade para tomar decisións

Secuencias

Os talleres, dirixidos plos "Navegantes do Palomar", Rafa e Merce, foron unha porta aberta á expresión artística e á fantasía, pero tamén ó afecto, ás emocións, ós pensamentos positivos, ó traballo cooperativo, á solidariedade, á autoestima, á defensa do diferente, e a todo o que nós queriamos dicir, contar ou sentir.

A súa finalidade era provocar na participación unha cadea de fantasía que nos levará a producir pezas e obras que axudaran a valorar a complexidade do simple.

A primeira en chegar, no curso 1999/2000, foi "*Onidala, a Enfrascadora*", quen usando un mínimo de materiais: fragmentos dun lapis de carpinteiro, papeis vellos, cordeis, botes recollidos nas papeleiras e contedores, aprendeunos a elaborar **pezas** trala súa manipulación, introducíndonos, deste xeito, ás formas de expresión da vangarda artística, tentando solucionar problemas e exercitando a nosa capacidade de percibir as cousas dun modo novo e aberto, proponendo sistemas diferentes de construír obxectos, elaborar temas, formular e resolver problemas; obrigándonos a aprender practicamente a tomar decisións.

Ademais, os e as participantes deberiamos recoller, arroupar e coidar durante un tempo, ata a exposición, todólos botes que fomos capaces de "adoptar", habería que responsabilizarse deles para que puideran ser mostrados no Teatro Principal, asumiamos así o compromiso de realizar cooperativamente un exemplo visual e tomabamos sobre nós a responsabilidade do coidado do "outro" sen desprezo polas diferencias (había botes novos, rotos, sucios, esmagados).

Para rematar, elaboramos co pequeno, cos restos que case son imperceptibles (peluxes, pelos, gotiña de auga, labras do lapis, restos da mina, ...) e tras compartilos uns cos outros, unhas diapositivas artesanais que

despois foron pasadas a papel fotográfico no laboratorio. Era o medio de descubri-lo valor do pequeno, do insignificante, e con isto aprende-lo camiño da autoestima e da auto-realización, non hai ninguén tan pequeno, torpe, fraco, ..., que non sexa "importante", non hai que ter grandes "cualidades" para ser "especial" como ser humano.

O taller desenvolveuse na semana do 8 ó 12 de marzo de 1999, pero o seu remate estivo na semana de maio en que estiveron as obras expostas no Teatro Principal para o público. Dende o centro aproveitamos para facer visitas guiadas e comentadas cos alumnos e alumnas de 3º e 4º da ESO que non estiveran participando no taller, e isto permitiu abrir un gran debate sobre o mundo das drogodependencias. Estabamos a dar un efecto multiplicador á actividade.

E chegamos ó curso 2000/2001, xa estabamos á espera dos "Navegantes do Palomar", e apareceron, na terceira semana do mes de novembro, cos "*Piornos de Salbanda o Mineiro*", volvían a propoñernos unha vía creativa e artística para traballa-la prevención. Esta vez iamos usa-lo noso **corpo**, a través de "**Accións**" que suporían un esforzo grande de autocontrol, de superación das inseguridades, os temores e o sentido do ridículo, xa que ían ser presentadas nun espectáculo público no Teatro Principal, e a **palabra**, como vía de comunicación, entendemento e convencemento, reforzando a linguaxe xestual e a expresión corporal. Naceu, durante o taller, unha obra colectiva, "*Os grilos e os besbellos suspenderon literatura*", un xogo de teatro en catro actos, que houbo que montar, ensaiar e dar vida.

O taller, de novo, durou unha semana, pero os ensaios alonxaron a súa incidencia ata o mes de febreiro en que a obra foi representada no marco dun festival artístico no Teatro Principal e no propio centro, onde xerou un forte debate. Ademais serviu para reforza-la autoestima dos e das participantes, algúns era a primeira vez que se enfrontaban ó público, fíxolles sentir parte importante do grupo, e desenvolve-las súas capacidade para tomar decisións significativas.

Por último, no curso 2001/2002, desembarcaron "*Pompas e Brumeigas*", chegaron no mes de xaneiro e puxeron en marcha un taller no que, partindo dunha anotación dos obxectos existentes nel, calquera era válido, aínda os máis insignificantes, construímos un texto que, pouco a pouco, se foi transformando nunha historia que falaba de crear e recrear, de construír, de apoiar ós demais, de facer cousas distintas, de atopar saídas diante das dificultades, de apreciar-la beleza e de traballar todas e todos xuntos. Naceu así "*Oh, ti, Oxil*", que acabou convertida nunha performance na que estaban participando 23 criaturas e 2 narradores e que foron quen de presentar diante do público, no salón de actos do



instituto para os seus compañeiros e as súas compañeiras e no Teatro Principal da cidade.

Ó mesmo tempo abriuse unha exposición con obxectos queridos ou moi usados polos rapaces e rapazas, deberían prestalos durante 20 días e polo tanto facer renuncia deles. Almofadas, as cuncas do almorzo, os peluches máis queridos, foron prestados, non sen resistencia por un número importante de estudantes, moitos e moitas non directamente involucrados no taller. Descubrimos que somos "almofadadependentes", "cuncadependentes", ... que temos adquiridos unha serie de hábitos e dependencias difíciles de descubrir.

Era o terceiro ano que participabamos nesta experiencia e cada vez valoramos máis a súa capacidade de mobiliza-los nosos e as nosas estudantes e o seu modelo de afronta-la prevención dun xeito creativo e satisfactorio.

Avaliación

Coma sempre que afrontamo-lo reto de avaliar actitudes e comportamentos, atopámonos coas dificultades de obxectiva-los resultados. Aínda que a pervivencia do proxecto, o interese que ano tras ano amosan os nosos e as nosas alumnas dánno-la pauta para valorar como positiva a súa realización. De todos modos destacaríamos:

- Serviu para abrir un debate franco e directo sobre o consumo de drogas.
- A súa capacidade de convocatoria. As alumnas e os alumnos preguntan ó inicio do curso se vai haber taller. Ata este momento pasaron directamente por el 87 estudantes e de maneira indirecta, vendo os espectáculos, visitando as exposicións, debatendo sobre as drogodependencias, colaborando con materiais, un número aproximado de 400.
- O feito de que pouco a pouco, profesoras e pais e nais comecen a participar directamente neles.

O noso reto é que os talleres artísticos para a prevención continúen desenvolvéndose ano tras ano, e máis agora que a difusión das "pastillas" e a facilidade ó seu acceso se está incrementando.



Etiquetaxe alimentaria

Sara Pérez Pérez
CEIP Otero Pedrayo. Amoeiro (Ourense)

Os temas transversais foron dende hai anos de primordial importancia para o profesorado do noso centro CEIP Ramón Otero Pedrayo xa que traballamos en varios proxectos de formación en centros dende o ano 1998, sendo de salienta-la participación da totalidade do profesorado do centro.

O noso centro é de ensino público e dependente da Consellería de Educación da Xunta de Galicia. Está situado en Amoeiro, no núcleo do concello do mesmo nome na provincia de Ourense.

O noso interese sobre o tema da etiquetaxe xurdiu dunha serie de reflexións. A continuación expoñemos algunhas.

Ó longo da historia pasamos dunha produción de autoconsumo, na que os individuos producían o necesario para a supervivencia, á produción da época industrial actual, estimulada pola publicidade.

Nas sociedades desenvolvidas o papel dos consumidores afecta a tódalas persoas con independencia da idade, do sexo ou da posición social. Todos aspiramos a adquirir bens e servizos que nos permitan satisfacer as nosas necesidades.

Para que o produto chegue ó consumidor en condicións de seguridade e calidade estes debense transformar e envasar. Neste senso a educación do consumidor ten unha grande importancia xa que é imprescindible unha toma de decisións correctas e responsables en materia de consumo alimentario, no noso caso, xa que repercute directamente na nosa saúde.

O profesorado de educación primaria ten moi claro que o seu alumnado está no momento oportuno para afondar na súa educación como consumidor; sabe que son as vítimas dunha sociedade de consumo.

A escola debe traballar, sobre todo, aspectos formativos de educación en valores para que o noso alumnado sexa capaz de seleccionar e de filtra-la información á que teñen acceso, facilitándolle isto ter criterios persoais que lle permitan toma-las decisións máis acertadas na resolución de problemas. Educar ó consumidor en primaria non é só un investimento de futuro, senón tamén unha necesidade de presente; debemos perseguir obxectivos a curto e medio prazo incluíndo contidos próximos á realidade do noso alumnado.

A colaboración de pais, nais e de toda a familia é imprescindible na educación do consumidor.

A etiqueta é o instrumento de información ó consumidor sobre o produto. Inclúe datos que poden ser importantes para a súa saúde, polo tanto, os consumidores deben habituarse a le-las etiquetas no seu propio beneficio.

Na etiqueta do produto alimenticio deben constar segundo a Norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, aprobado polo Real decreto 1334 do 31 de xullo de 1999.

1. Nome do produto.
2. Lista de ingredientes e aditivos.
3. Cantidade de determinados ingredientes.
4. No caso das bebidas cando o seu contido alcohólico sexa superior ó 1,2% en volume debe figurar na etiqueta.
5. A cantidade neta do produto.
6. A data de caducidade ou de duración mínima.
7. Condicións especiais de conservación e utilización.
8. Modo de emprego (cando sexa necesario).
9. Identificación da empresa e domicilio.
10. O lote.
11. Lugar de orixe ou procedencia.

Propuxémonos como obxectivos os seguintes

- Interpreta-la información contida nas etiquetas alimentarias.
- Coñecer e potenciar hábitos de alimentación equilibrada.
- Aumenta-lo espírito crítico dos consumidores.
- Propicia-la participación activa e o traballo en equipo.
- Coñece-los dereitos e deberes dos consumidores.


No centro realizáronse gran variedade de actividades. Entre elas:

- Recollida de etiquetas de alimentos para a súa posterior lectura e análise.
- Selección de etiquetas dun mesmo produto comparando o seu contido.
- Análise de etiquetas en función da normativa vixente.
- Realización de carteis representando os datos obrigatorios que deben constar na etiqueta.



- Identificación e clasificación dos diversos aditivos que constan nas etiquetas dos diferentes produtos.
- Realización de etiquetas para produtos elaborados na clase.
- Visitas á panadería, invernadoiro e peixería.
- Elaboración de pan e queixo.
- Localiza-lo nome dos aditivos partindo da súa expresión abreviada e viceversa.
- Elaboración de murais coas categorías dos aditivos alimentarios: colorante, conservador, antioxidante, emulxente, espesante, edulcorante,...
- Búsca de mensaxes de protección do ambiente nas etiquetas.
- Elaboración de fichas de recollida de información das etiquetas alimentarias.
- Localiza-las etiquetas coa lista de ingredientes e outras informacións en varias linguas.
- Contrasta-la correspondencia de información que aparece en distintas linguas na mesma etiqueta.
- Realización de enquisas.

A nosa conclusión foi que a escola ten que estar presente na realidade que a circunda para que os nosos nenos/as poidan comprendela, analizala, crítica-la, modifica-la, ...; ofrecéndolles medios para a solución de problemas e fomentando actitudes positivas para a súa formación como persoas en tódolos aspectos, facendo fincapé neste caso, na súa formación como consumidores.



Unha experiencia de educación ambiental: orientación e interpretación no medio natural

Victor X. Pérez Baltar
Tomás García García
Iñaki Tudela de la Fuente
IES Cidade de Antioquia. Xinzo de Limia

A actividade realizada está englobada nun amplo conxunto de actividades deseñadas dende un ámbito interdisciplinar: departamentos de Educación Física e de Bioloxía e Xeoloxía, achegando cada un nun principio o seu enfoque particular da dita actividade, para, máis adiante, conxuntar ámbalas dúas propostas. A orientación entendémola como unha actividade onde os alumnos/as deben utilizar elementos tradicionais (N magnético, plano, compás, escalas...), as novas tecnoloxías (GPS) e os sistemas de referencia naturais e artificiais. Así, os alumnos/as terán a necesidade de pórse en contacto co medio conxugando a actividade deportiva co coñecemento, interpretación e respecto do contorno onde se desenvolve a actividade.

No deseño da actividade contemplamos:

- Contidos propostos no DCB da área de educación física e bioloxía e xeoloxía.
- Un xogo organizado e un deporte competitivo. Permite mellora-la súa condición física.
- Unha actividade de lecer para os alumnos/as, que sexa á vez integradora e participativa.
- Un xeito de achega-lo alumno/a ó medio natural, sensibilizándoo nos problemas ambientais e motivándoo cara á necesidade de protección daquel.

A actividade deberá favorecer-la comprensión e o respecto por parte do alumnado do contorno físico, social e económico, das súas posibilidades e da súa problemática.

DESEÑO DA ACTIVIDADE

A actividade está secuenciada para os alumnos da ESO e bacharelato, incrementándose os contidos a medida que avancen de nivel. Na actividade que imos describir contéplase:

OBXECTIVOS CONCEPTUAIS

- Utilizar aqueles sistemas máis comúns de orientación.
- Coñecer e identificar aqueles códigos máis frecuentes utilizados nos mapas topográficos e nos de orientación.
- Coñecer e interpretar planos fotográficos aéreos.
- Coñece-las normas elementais regulamentarias e de seguridade que interveñen nunha actividade de orientación.
- Coñecemento das capacidades físicas requiridas na actividade.
- Coñecemento das variedades botánicas e faunísticas da zona onde se desenvolve a actividade. Ademais, neste caso en particular, o coñecemento da realidade histórica e socioeconómica da comarca da Limia.
- Valoración do impacto ambiental das actividades económicas industriais no medio natural.

OBXECTIVOS PROCEDIMENTAIS

- Representar graficamente un espazo delimitado, mantendo as proporcións e indicando os seus elementos máis significativos.

- Atopar, partindo do material gráfico entregado nas actividades, as especies animais (aves, mamíferos, réptiles...) e vexetais indicadas.
- Localiza-los puntos concretos nun mapa a partir de coordenadas de rumbos e saber localizar lugares e direccións a partir de dúas referencias ou rumbos.
- Interpretar, a través dos códigos dos mapas topográficos (lendas, curvas de nivel, escalas, cores...), a información que estes subministran.
- Manipular correctamente o compás, xa sexa de xeito illado ou conxuntamente co mapa.
- Realizar un circuito de orientación con compás e de recoñecemento das especies vexetais nun determinado lugar.
- Experimentación dos coñecementos adquiridos ó longo dos anteriores cursos.

OBXECTIVOS ACTITUDINAIS

- Respecto polas normas establecidas no desenvolvemento das actividades no medio natural.
- Cooperación e colaboración no traballo en grupo, tratando sempre que os alumnos/as se impliquen no obxectivo común.
- Amosar interese por tódolos contidos conceptuais que se desenvolven asociados a esta actividade.
- Toma de decisións e responsabilidade na execución das tarefas.
- Confianza en si mesmo. Busca da autonomía motriz.
- Interese pola problemática e a degradación que sofre o medio natural, asemade da realización de actividades de lecer nel. A alumna/a debe chegar a ve-lo medio natural como un reto ás súas posibilidades, pero sen que lle resulte un medio alleo.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

A actividade que presentamos desenvólvese no medio natural mediante un percorrido por unha zona de explotación mineira de áridos: AS AREEIRAS DE SANDIÁS. Unha serie de camiños entrecruzados trazados sobre unha superficie case plana permíteno-la aplicación daqueles coñecementos de orientación con guías de natureza, mapas e compases que aprenderon a utilizar nos cursos anteriores, ademais de reforzar nos alumnos a súa capacidade de observación da natureza, co coñecemento das árbores ou mato característicos da zona. Por outra banda, ó ser un espazo fortemente alterado pola acción humana industrial, os alumnos/as farán un estudo de impacto ambiental e de cumprimento da normativa vixente nas explotacións de áridos: o grao de deterioración, as diferencias de rexeneracións das explotacións abandonadas segundo o empresario areeiro...

MATERIAL ENTREGADO ÓS ALUMNOS/AS

- Fotografía aérea das areeiras
- Plano debuxado da zona
- Guías da flora e fauna
- Fotocopias en cor das diferentes especies arbóreas e de mato existentes na proximidade da torreta de observación
- Varios compases por grupo
- Mapa da comarca da Limia Alta



- Etiquetas para a sinalización das balizas na fotografía aérea
- Follas con información do percorrido
- Cuestionarios para entregar ó final coas respostas das actividades propostas
- Folla de avaliación da actividade polo alumnado (coñecementos previos e finais)

PERCORRIDO

O punto de saída está na ponte vella da estrada a Celanova, collendo a pista situada na marxe esquerda da canle da Lagoa de Antela (ó oeste). A saída está ó pé do cartel anunciador da zona de actuación no espazo das areeiras. Tómase polo camiño marcado con sinais de sendeirismo.

Ó longo de case dous quilómetros os alumnos/as van comparando as actuacións de rexeneración artificial nas areeiras con outras de explotación intensiva. Tamén neste tramo fan observacións sobre as especies de árbores e mato máis comúns, así como de aves en medios particulares. Igualmente van facendo o estudo de impacto ambiental nesta parte do percorrido.

Na torreta de observación de aves (Km 1,9) desenvólvese gran parte do traballo:

As actividades son diferentes, sendo a distribución dos compoñentes de cada grupo en función dos intereses de cada un dos membros:

- Punto 1. Traballo de orientación dende o alto da torreta (localizando a súa posición, atopando puntos no mapa, calculando distancias...)
- Punto 2. Traballo de análise do grao de cumprimento da declaración de impacto ambiental
- Punto 3. Recoñecemento das especies vexetais dentro do arboreto (con compases e rumbos, dun xeito similar ó xogo "á busca do tesouro")

Unha vez rematadas as actividades na zona da torreta continúa o percorrido por pistas onde ven zonas de asolagamento, charcas de rexeneración natural, vexetación lacustre, impacto das pistas de concentración parcelaria...

Chegan finalmente por un camiño de xestas, toxos e uces a unha gran lagoa onde e o lugar ideal para a observación das múltiples anátides que se atopan nas areeiras.

Ó remate do percorrido os alumnos/as poden observa-la panorámica das areeiras, facer un análise do que acaban de ver, dos diferentes modelos de explotación e sensibilidade cara ó medio dos industriais areeiros, a responsabilidade da administración, e calquera outra cousa que se vos ocorra...

Unha base de datos para a transversalidade

A época na que nos toca vivir e desenvolve-la nosa actividade profesional é apaixonante. Un dos desafíos existentes é o avance imparabile da sociedade da información e da comunicación

Antonio Castro Castro
CEFORE de Vigo

Esta situación, que leva un camiño tan vertixinoso, non pode ser ignorada dende a perspectiva da educación en xeral, e da escola, en particular. Esta debe asumila, incorporándoa ó seu quefacer diario, e camiñando con ela, de non poder ir por diante. A súa infrautilización ou descoñecemento colócanos como analfabetos funcionais.

Nesta situación, que atingue máis ben á infraestrutura, aparecen na escola unhas materias novas demandadas fortemente pola sociedade: as áreas transversais.

Son estas materias de alto contido social as que buscan forma-lo alumnado, sobre todo en valores e hábitos que camiñen cara a unha cooperación maior, tanto a nivel individual como colectivo.

Neste marco aparece a presente base de datos que se vos oferta. Con este artigo pretendo comentar qué é, a quen vai dirixida, para qué serve, cómo pode evolucionar...

Nace esta base cando ó prepara-las Xornadas de Transversalidade se decidiu adapta-la realidade emerxente e dispor dun ciber, considerando que este non debería ser algo illado, con existencia puntual, senón que cómprase que sexa algo permanente e "vivo" que puidera ter existencia independentemente da celebración de diversas actividades.

A base de datos de transversalidade está soportada polo programa FileMaker, e trátase esencialmente dun buscador de páxinas web, nas que pinchando no seu enderezo url nos leva directamente a elas, podendo navegar para tomar datos, aumentar coñecementos, facendo relacións, etc. É dicir, permitenos facer investigación e aprendizaxe. Pero esta base de datos non é só unha lista de enderezos agrupados por materias transversais.

Ó abri-la base de datos atopámonos cunha dobre folla como de agenda na que aparecen distintos recadros. No da esquerda vense tres que, de arriba abaixo, están dedicados a: tema transversal de que se trata, enderezo url, observacións. Neste último campo pódense introducir comentarios.



No da dereita, dous son os cadros que aparecen, o dedicado ás valoracións feitas con anterioridade, así como o dedicado ás posibles observacións. Estes recadros da dereita supoñen un lugar importante de interactividade e mellora.

Fóra das páxinas da agenda atopamos: na parte superior esquerda un libro-icona que permite pasar de diante a atrás ou viceversa as páxinas da base.

Pensamos pois, que pode ser un instrumento de apoio e recursos para o desenvolvemento do labor educativo do profesorado. Pero este colectivo non é o seu único destinatario; todas aquelas persoas que estean interesadas en temas como igualdade, ambiente, saúde, e. vial, paz, consumo, lecer teñen nela un instrumento como mínimo de coñecemento.

Pero a súa función non remata aquí. Facendo mensaxe o seu proceso de uso, preténdese que proporcione e apoie unha aprendizaxe colaborativa entre o profesorado buscando entre outras cousas ser un recurso de tod@s@s usuari@s. Busca esta colaboración, á parte de facer operativa a propia filosofía de transversalidade, evita-las

problemas que presenta o mantemento dunha base viva deste tipo.

Cáles son: a súa actualización continua e enriquecemento plasmados:

- Nas páxinas web, en moitos casos, teñen vida efémera, aparecendo e desaparecendo en tempo curto, o que implicaría na posta ó día dunha dedicación exclusiva dalguén, que se emenda coa participación cooperativa.
- No aumento, variación, enriquecemento dos comentarios debido ó seu uso diverso, como pode se-la elaboración de webquest... é dicir, as visións sumativas ou complementarias para apoio no desenvolvemento profesional.

Esta base pode pedirse no seguinte enderezo: castro@edu.xunta.es, co compromiso de consulta dela, xa que buscamos fundamentalmente avanzar nunha cultura cooperativa que nos beneficie a tod@s e ó fin, nos fai sentir partícipes nun traballo de equipo.

Todas aquelas suxestións, modificacións, etc. poden facerse chegar ó antedito enderezo para que poida redundar na súa mellora. Animámosvos, pois, a participar doutro xeito na transversalidade.

